


PRÓLOGO E TRADUCCIÓN
GUMERSINDO GUINARTE CABADA
FERNANDO VÁZQUEZ-PORTOMEÑE SEIJAS



CONCEPCIÓN
ARENAL
O VISITADOR
DO PRESO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
F U N D A C I Ó N B B V A

O VISITADOR DO PRESO

CLÁSICOS DO
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 37

Colección dirixida por

DARÍO VILLANUEVA

Comité Científico

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Facultade de Filosofía

JOSÉ CASTILLO

Facultade de Medicina

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ

Facultade de Ciencias Políticas

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Facultade de Filoloxía

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ

Facultade de Farmacia

PRÓLOGO E TRADUCCIÓN
GUMERSINDO GUINARTE CABADA
FERNANDO VÁZQUEZ-PORTOMEÑE SEIJAS

CONCEPCIÓN
ARENAL
OVISITADOR
DO PRESO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACIÓN BBVA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>

This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© DA PRESENTE EDICIÓN
Universidade de Santiago de Compostela, 2020
Fundación BBVA, 2020

DISEÑO DA COLECCIÓN
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA
Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/pu.2023.1384>

ÍNDICE

- 9 PRÓLOGO
por Gumersindo Guinarte Cabada e
Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas
- 43 O VISITADOR DO PRESO
Tradución de Gumersindo Guinarte Cabada e
Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas
- 47 Nota dos tradutores
- 51 Advertencia
- 54 CAPÍTULO PRIMEIRO
DA APTITUDE PARA VISITAR O PRESO
- 57 CAPÍTULO II
QUE É O DELITO?
- 60 CAPÍTULO III
QUE É O DELINCUENTE?
- 67 CAPÍTULO IV
QUE LINGUAXE DEBE EMPREGARSE CO PRESO?
- 69 CAPÍTULO V
SINCERIDADE E CAUTELA
- 72 CAPÍTULO VI
INFLUENCIA DAS IDEAS E DAS CRENZAS
- 80 CAPÍTULO VII
DIFICULTADES QUE TEN QUE VENCER E VANTAXES
QUE PODE APROVEITAR O VISITADOR DO PRESO

- 88 **CAPÍTULO VIII**
CLASIFICACIÓN
- 99 **CAPÍTULO IX**
XENERALIZAR-INDIVIDUALIZAR
- 105 **CAPÍTULO X**
ARREPENTIMENTO E EMENDA
- 115 **CAPÍTULO XI**
COUSA OU PERSOA?
- 124 **CAPÍTULO XII**
PASADO, PRESENTE E PORVIR DO PRESO
- 127 **CAPÍTULO XIII**
A FAMILIA E OS AMIGOS DO PRESO
- 131 **CAPÍTULO XIV**
INSTRUCCIÓN
- 140 **CAPÍTULO XV**
OS BOS PRESOS
- 142 **CAPÍTULO XVI**
OS REINCIDENTES
- 149 **CAPÍTULO XVII**
OS CONDENADOS A PENAS PERPETUAS
- 154 **CAPÍTULO XVIII**
AS MULLERES
- 163 **CAPÍTULO XIX**
DEBEN FACERSE AGASALLOS AOS PRESOS?
- 168 **CAPÍTULO XX**
A VISITA AOS PROCESADOS
- 173 **CAPÍTULO XXI**
OS EMPREGADOS

PRÓLOGO

GUMERSINDO GUINARTE CABADA

FERNANDO VÁZQUEZ-PORTOMEÑE SEIJAS

I

Concepción Arenal Ponte naceu o día 31 de xaneiro de 1820 no número 177 da rúa Real de Ferrol. Foi a primeira filla do matrimonio formado por María Concepción Ponte Tenreiro e Ángel del Arenal y La Cuesta¹, ambos os dous membros de familias ilustres; a nai galega e o pai cántabro.

O pai de Concepción Arenal era un convencido e firme defensor do liberalismo político nunha época convulsa e especialmente arriscada para os promotores das ideas contrarias ao absolutismo que aínda se resistía a morrer como réxime político en España. Malia o seu falecemento prematuro, o espírito liberal e a súa firme defensa desas ideas, e as súas preocupacións intelectuais², marcarán, sen dúbida, o carácter e a liña de pensamento de Concepción Arenal.

A casualidade histórica fixo que o día 1 do mesmo mes no que naceu Concepción Arenal tivera lugar, en Andalucía, o levantamento de Riego, levantamento que, malia non acadar o éxito inicialmente pretendido, estendeuse nos meses seguintes a outras zonas de España, en particular a Galicia, dando lugar á proclamación da Constitución de Cádiz na Coruña, Ferrol e Vigo, e prendendo así, finalmente, a mecha da revolución liberal que obrigou a Fernando VII a xurar a Constitución de 1812, e a que se abrise, como paréntese, aínda, no absolutismo, o chamado trienio liberal.

¹ Ángel del Arenal y la Cuesta naceu o 17 de abril de 1790 no lugar de Armaño, xurisdición de Potes, hoxe Comunidade de Cantabria, fillo de Vicente José del Arenal e de Jesusa de la Cuesta.

² Ángel del Arenal escribiu unha longa serie de obras, algunhas publicadas e outras inéditas, incluso desaparecidas. Nos seus traballos tratou temas de organización e estratexia militar, asuntos políticos e sociais, así como temas referidos a Galicia. Deixou tamén diversas traducións de publicacións francesas e inglesas sobre temas militares.

Antes de todo iso, o pai de Concepción Arenal abandonara os seus estudos de leis e filosofía na Universidade de Valencia para ingresar na carreira militar un mes antes de iniciarse, en maio de 1808, a guerra da Independencia. Os seus méritos no campo de batalla non lle valeron para evitar a represión, os xuízos inxustos, os confinamentos e o desprezo do réxime absolutista, sobre todo antes do trienio liberal³.

Nos seus tres primeiros anos de vida, que coinciden co trienio liberal, Concepción Arenal vaise trasladando de cidade coa súa familia, alí onde seu pai desempeña cargos políticos ou militares; primeiro van a Coruña, en outubro de 1820, onde seu pai é secretario político do Goberno Superior da Provincia⁴; despois a Lugo, en marzo de 1821, ao ser nomeado gobernador político; e finalmente a Pontevedra, en setembro de 1822, ao ser destinado ao Estado Maior da provincia.


Coa fin do trienio liberal e a volta do absolutismo en 1823, a familia de Concepción Arenal trasladouse á parroquia de Leiro, no actual concello de Miño, de onde era orixinaria a súa nai. O pai solicitara unha licenza indefinida, abandonando a súa carreira militar sen dúbida vencido polas divisións partidistas e a sensación dun trato inxusto. Alí dedicouse a continuar cos seus traballos académicos⁵. En Leiro permaneceu a familia ata o falecemento de Ángel Arenal, en 1829⁶.

³ Sobre as súas heroicas intervencións na guerra contra os franceses, e o turbio proceso xudicial co tenente coronel Córdoba, que afectou decisivamente a súa carreira militar, vid. Caballé, A., *Concepción Arenal. La caminante y su sombra*, Taurus, Barcelona, 2018, p. 45 e ss.

⁴ Aínda que é posible que Concepción permanecese coa súa nai no seu piso de Ferrol e só seu pai se desprazase á cidade herculina para o desempeño do seu cargo. Así o apunta Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit., p. 60.

⁵ Entre outras obras, nesta última etapa da súa vida, o pai de Concepción Arenal escribiu *Memoria sobre la división y gobierno interior de Galicia*, obra da que segundo a noticia que dela dá Caballé atópase manuscrita na propiedade do investigador ferrolán Guillermo Escrigas, e na que Ángel del Arenal propón a división do territorio galego en catro provincias, no canto das sete existentes nese momento no Reino de Galicia. Cfr. Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit., p. 63.

⁶ No ano 1828 Ángel del Arenal fora nomeado membro correspondente da Real Academia da Historia, título que non chegou a recibir polo seu falecemento o 25 de xaneiro de 1829, sendo soterrado na capela maior da desaparecida igrexa parroquial de Leiro.



Concepción Arenal Ponte. Óleo de Vicente Díaz y González. 1904.
Colección da Deputación de Ourense

Nestes anos, Concepción convive de preto co seu pai. Viuno traballar a cotío cos seus libros e escribir os seus traballos. Tamén coñeceu as súas ideas de liberdade, a súa vontade de servizo, e a súa independencia de espírito. Foi testemuña da súa curiosidade intelectual e da súa constancia na defensa das súas ideas. Dispuxo, logo, dun modelo real co que compartía os valores do estudo e o peso dos valores morais. Non cabe dúbida de que a maneira de proceder e de pensar de Ángel del Arenal influíu na da súa filla primoxénita: os dous ocúpanse dos temas de xeito concreto e ao tempo apaixonado. Os dous teñen unha curiosidade case universal, que os leva a abordar multiplicidade de temáticas, pero sempre coa vontade de chegar a conclusións que, partindo duns poucos principios, buscan acadar a través do estudo e da observación⁷.

Despois da morte de Ángel del Arenal, a familia vaise á casa da avoa paterna en Armaño, unha pequena aldea do val de Liébana (Cantabria), onde permanecerá ata 1834, non sen antes sufrir unha nova desgraza familiar, pois a irmá máis pequena de Concepción Arenal, Luísa, morrerá o 26 de outubro de 1830. Parece que nestes catro anos de vida a aínda nena Concepción Arenal mantivo unha moi estreita relación cos libros, coa lectura e co estudo, como único refuxio nese mundo rural tan illado, e tal vez tratando de seguir os pasos de seu pai e de manter vivo, desesa maneira, o seu recordo⁸.

Antes de cumprir os quince anos de idade, Concepción Arenal trasládase a vivir a Madrid. É lóxicamente a súa nai quen o decide, motivada tanto por residir alí o seu irmán, o conde de Vigo, como polo desexo de dar ás dúas fillas unha educación que, no seu entender, lles ensinase a comportarse socialmente

⁷ Así, Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit. p. 68.

⁸ Non parece que os libros que nestes anos chegaron ás súas mans fosen dun xeito relevante de Dereito, como se ten apuntado (Cabezas, J.A., *Concepción Arenal o el sentido romántico de la justicia*, Edt. Espasa-Calpe, Madrid, 1942, p. 27), se non doutros saberes máis básicos e variados: ciencias naturais, xeografía, historia, literatura, etc. Así o sostén, Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit. p. 79 e s.

coa debida corrección. Para tal fin Concepción asiste, coa súa irmá e coas súas curmás, como alumna externa, ao colexio para *señoritas* situado na planta baixa do palacio do conde de Tapa⁹. Sen dúbida para Concepción Arenal o cambio foi moi brusco, deixando atrás toda a infancia da que tiña lembranzas vivida nun ambiente rural, e case por completo exenta de prexuízos e estritas regras sociais. Con toda probabilidade, o rexeitamento das súas compañeiras ao seu físico, á súa maneira provinciana de vestir, e aos seus ademáns e acento montaños ou galego debeu ser insoportable e debeu ferir gravemente o seu orgullo¹⁰.

Despois de cinco anos en Madrid, volve Arenal, posiblemente por un breve período, a Armaño, para acompañar e atender uns meses a súa avoa paterna, enferma, que falecerá en 1840. Ao ano seguinte falece a súa nai. Con apenas vinte e un anos Concepción Arenal é depositaria das herdanzas das familias paterna e materna; ten logo a posibilidade, á que antes se resistía a súa nai, de desenvolver os proxectos que verdadeiramente lle atraían¹¹.

Concepción Arenal tiña a firme vontade de realizar estudos superiores, pero na España de metade do século XIX esa opción non era legalmente posible nin socialmente aceptada para unha muller¹². É enton cando ten lugar un dos episodios máis coñe-

⁹ O colexio estaba dirixido por unha mestra, Carmen Griñón, e foi aberto en 1825 “acreditando su fé monárquica sin haberse mezclado en cosa alguna y siempre ocupada en labores de manos”, segundo refire Caballé, citando un artigo de Carmen Simón Palmer. Vid., Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit. p. 82 e s. e nota 6, p. 381.

¹⁰ De aí conclúe Caballé (cit., p. 113 e s.) que desenvolveu Arenal unha hipersensibilidade fronte ás denigracións e humillacións.

¹¹ «A morte da súa nai non pode deixar de ser positiva para un espírito rebelde e indócil coma o seu. Pero os sentimentos de culpa por non ter sido a filla que a súa nai esperaba... as discusións mantidas con ela... o desgusto ocasionado pola súa fuxida a Armaño, son circunstancias que van convivir coa súa singularidade como muller e o seu lexítimo desexo de estudo e independencia de criterio...». Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit., p. 94.

¹² En rigor, ata 1910 non existiu en España un recoñecemento normativo mínimo que permitise en pé de certa igualdade o acceso das mulleres á universidade. Con anterioridade, a Real Orde de 11 de xuño o de 1888 dispuña que «las mujeres fueran admitidas a los estudios dependientes del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes como alumnas de enseñanza privada, y que cuando alguna solicitara matricula oficial —o

cidos da súa biografía, e que mellor reflicte a súa tenacidade: asiste, vestida de home, a clases de dereito e outras disciplinas na Universidade Central de Madrid¹³.

Todo apunta a que durante eses anos de alumna universitaria furtiva coñece a Fernando García Carrasco¹⁴, avogado e xornalista, con quen casa o 10 de abril de 1848. O matrimonio tivo tres fillos, Concepción, Fernando e Ramón. A filla maior, Concepción, faleceu cando tiña dous anos de idade. Fernando, o seu home, finou tamén cando aínda non levaban nove anos de matrimonio, o 10 de xaneiro de 1857.

Nos anos que transcorren dende a morte da súa nai ata a truncada década que foi a da súa vida matrimonial predomina a súa actividade literaria, primeiro, e xornalística, despois. Neses anos, Arenal escribe poemarios, nos que está moi presente a

sea pública— se consultara a la Superioridad para que ésta resolviera según el caso y las circunstancias de la interesada». A Real Orde de 8 de marzo de 1910 dicía: «Considerando que estas consultas, si no implican limitación de derecho, por lo menos producen dificultades y retrasos de tramitación, cuando el sentido general de la legislación de Instrucción Pública es no hacer distinción por razón de sexos, autorizando por igual la matrícula de alumnos y alumnas [...]» En moitas das Universidades españolas hai algúns exemplos, aínda moi escasos, de alumnas matriculadas e licenciadas con anterioridade a 1910, a partir dos anos 70 do século XIX. É o caso das irmás Elisa e Jimena Fernández de la Vega na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago, ou María Elena Masseras na Facultade de Medicina da Universidade de Barcelona.

¹³ Concepción Arenal debeu asistir a algunhas clases cando menos no curso 1841-42, e tamén nos dous seguintes. Sen dúbida, o traslado, en 1836, da Universidade de Alcalá a Madrid, converténdose en Universidade Central ou de Madrid, chamada *literaria* neses anos, ao supoñer un moi notable incremento do número de alumnos facilitou que, nun inicio polo menos, Concepción Arenal pasase algo máis desapercibida. No último curso en Alcalá había nove alumnos no último curso de Dereito; no primeiro en Madrid, o curso 1836-37, eran 206. As clases da Escola de Xurisprudencia —que non foi Facultade de Dereito ata 1857— impartíanse no convento das Salesas Novas, entón sede universitaria. Con todo, as investigacións máis recentes apuntan a que Arenal asistiu a clases universitarias máis tempo, incluso aínda despois de casada, e a que o seu interese ía tamén na dirección das ciencias naturais, a medicina ou a física. Así, Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit., p. 127. A propia biógrafa aventura dicir que Arenal non se interesou polo dereito ata a época en que se instalou en Armaño cos seus fillos, despois xa de enviuar, e movida polo convencemento de que para incidir no mundo das reformas e da xustiza social é preciso ter firmes coñecementos de dereito e de leis (*op. cit.* p. 154).

¹⁴ Non parece que fose á universidade o lugar no que se coñeceron, pois el xa era avogado cando Concepción asistía ás clases, ou escribía en Armaño ou Tudanca despois da morte da súa nai. Sobre o posible escenario do inicio da súa relación especula Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit., p. 125, e 127 e s.

figura do seu pai, obras de teatro en verso¹⁵, dúas novelas das que se conservan os textos manuscritos e que son de claro contido autobiográfico¹⁶, e unhas fábulas en verso¹⁷, texto que será declarado lectura obrigatoria en ensino primario.

En 1855 inicia Arenal, xunto ao seu home, e ata o falecemento deste, unha intensa colaboración en *La Iberia*, xornal liberal¹⁸ que, recentemente fundado —o 15 de xuño de 1854 sae a rúa o primeiro número—, estaba claramente aliñado no apoio á revolución Liberal de 1854, e que mantivo unha clara defensa do goberno de Espartero e do bienio liberal.

Nos anos seguintes Concepción Arenal trasládase, agora cos fillos, de novo a Cantabria, a Potes, apenas a cinco quilómetros de Armaño, onde pasara boa parte da súa infancia e adolescencia. Neses anos, inicialmente dominados polo abatemento que lle causou a morte prematura do seu home, centrase, tanto na perspectiva intelectual coma na súa faciana de muller de acción, na asistencia social e humanitaria baseada na caridade cristiá: seguramente o elemento básico e condutor de gran parte da súa obra futura.

¹⁵ Consérvanse oito obras manuscritas no Museo de Pontevedra, algunhas inacabadas e outras ilexibles polo seu deterioro. Arenal nunca escribiu unha zarzuela, como pretenden moitas das súas biografías. Si un drama lírico titulado *Los hijos de Pelayo* que require da intervención de coros. Vid. Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit., p. 109.

¹⁶ A primeira delas, titulada *Nacida para la púrpura*, debeu ser escrita en torno a 1843. A súa protagonista, Pilar, *alter ego* da escritora, é unha persoa recta, xenerosa, abnegada e xusta. Ese evidente complexo de superioridade pode ser unha reacción psicolóxica ao de inferioridade, ou, tamén, un xeito de reivindicarse como muller nova, intelixente e capaz que se rebela contra unha sociedade que non permite a unha muller desenvolverse e que a marxina malia as súas capacidades só por ser muller. Cfr. Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit., p. 10 y ss.

¹⁷ Dedicadas «a la respetable memoria de mi bueno y desgraciado padre».

¹⁸ Concepción Arenal iniciou a súa colaboración o 28 de xullo de 1855 cun artigo titulado «Watt, su vida y sus inventos», dedicado a glosar a figura do inventor escocés James Watt, e a relevancia das súas contribucións para o progreso e a revolución industrial. O seu marido era tamén, ademais de articulista, editorialista do xornal. Ó seu falecemento asume esta tarefa Concepción Arenal, pero por breve período; só ata que a Lei de Imprenta de 1857 (Lei Nocedal) impón a obriga de asinar os textos periodísticos que versen sobre relixión ou política. O 30 de xuño dese ano, Concepción Arenal cesa como redactora de *La Iberia*.

En Potes, Concepción Arenal vive de alugueiro nunha casa da familia do músico Jesús Monasterio, con quen establecerá unha frutífera amizade. Monasterio non tiña nin vinte anos cando Concepción Arenal se instalou en Potes, pero xa era un violinista de moita fama¹⁹. Esa relación ten, quizais, moito que ver coa orientación que Concepción Arenal dá á súa traxectoria futura.

Monasterio era un mozo de profundas crenzas relixiosas, parece que compatibles coa proximidade e apoio que sempre recibiu dos sectores políticos máis liberais da época²⁰. No verán de 1860 Monasterio fundou en Potes, para homes, unha *Conferencia* de San Vicente de Paúl²¹. Parece que, animada polo músico, Concepción Arenal creou o grupo feminino desas *Conferencias* en Potes. Paralelamente a esta acción de compromiso persoal coa caridade cristiá, comeza a publicación dalgúns dos seus escritos máis claramente aliñados nesta idea, idea que xa practicamente non abandonará ao longo da súa traxectoria intelectual, e que incluso impregna algúns dos seus libros considerados precursores do feminismo.

¹⁹ Jesús de Monasterio foi un neno prodixio. Tocaba o violín dende moi rapaz, e cando morreu o seu pai, tendo el nove anos, xa era unha celebridade nos ambientes musicais de Madrid. Non sería estraño, por iso, que Concepción Arenal soubese del nese tempo, que coincide cos anos previos ó casamento de Arenal. Con quince anos Monasterio foise a Bruxelas a perfeccionar os seus coñecementos con Bériot, para despois de exitosas xiras por Europa, rexeitando incluso o ofrecemento de ser primeiro violín de cámara e director dos concertos do gran duque de Saxonia-Weimar, regresar a España e ingresar en 1857 na Orquestra da Real Capela e ser nomeado profesor de violín no Conservatorio de Madrid.

²⁰ Xa en 1843, con sete anos, despois de actuar en presenza da raíña Isabel II, o rexente, o xeneral Espartero, outorgoulle unha pensión para continuar os seus estudos musicais.

²¹ As *Conferencias*, como sociedades laicas católicas, foron introducidas en España en 1849 polo tamén músico, e amigo de Monasterio, Santiago Masarnau, co obxectivo que para elas estableceran os seus fundadores franceses: consolar os enfermos e presos, dar instrución a nenos pobres abandonados ou a reclusos, e proporcionarlles auxilios relixiosos. O nome de *conferencias* foi adoptado por terse coñecido os fundadores franceses, mozos universitarios, nas conferencias de historia que promovía Emmanuel Bailly en París.

En 1860 publica Arenal o ensaio *La Beneficencia, la Filantropía y la Caridad*²². Esta é unha obra considerada esencial na súa bibliografía. Nela pon de relevo que todo o relativo á beneficencia, filantropía ou caridade constitúe unha obriga social que supón un acto de xustiza e non de mera liberalidade cos desamparados. A súa claridade de discernimento faille ver a necesidade dunha acción coordinada entre o actuar da beneficencia pública e o da caridade privada para poderen ser eficaces nunha actuación que debe ser permanente e que máis alá da necesaria asistencia material busca a formación moral e a instrución básica dos seus destinatarios²³.

En 1863 publica *El visitador del pobre*, obra editada pola iniciativa de Santiago Massarnau, como xa dixemos amigo de Monasterio, e presidente en España das Conferencias de San Vicente de Paúl.

Concepción Arenal formula nestas primeiras obras, nas que amosa unha indudable preocupación social, como artellar a caridade privada coa beneficencia pública e así determinar a quen lle corresponde facer que cousas. Propón fomentar un estado de opinión que favoreza mudar a sensibilidade na sociedade en relación co ben público e coas súas necesidades. Agroma xa, así, a súa preferencia pola educación moral krausista. Arenal entende a caridade como caridade cristiá, pero orientada a un claro sentido e fin de xustiza, e que busque, igual que a beneficencia

²² O ensaio foi premiado pola Academia de Ciencias Morais e Políticas, non sen sorpresa dos académicos ao descubriren que a autora da monografía era unha muller (os textos presentábanse con pseudónimo, e Arenal puxo o nome do seu fillo Álvaro, daquela de oito anos), e nel Concepción Arenal trata de delimitar o significado destes tres conceptos: *beneficencia* alude ao sistema de axuda aos necesitados que adopta o Estado; *filantropía*, é a preocupación filosófica pola dignidade da persoa; *caridade* fai referencia á compaixón cristiá, fundada no amor a Deus e ao próximo. A obra ía dedicada á coruñesa condesa de Espoz y Mina, Juana María de la Vega, con quen terá a autora unha longa amizade.

²³ Así, Mata y Martín, R. «Aproximación a Concepción Arenal y el sistema penitenciario», *Anuario de Derecho Penal y Ciencias Penales*, vol. LXXII, 2019, p. 185.

pública, ser eficaz para a sociedade²⁴. Caridade, pois, que pode cualificarse de ilustrada e razoable²⁵

En 1863, o ministro da Gobernación, o tudense Florencio Rodríguez Vaamonde²⁶, nomea a Concepción Arenal visitadora de prisións de mulleres de Galicia. A partir de aí centra unha gran parte das súas preocupacións intelectuais e, esporadicamente, tamén a súa actividade profesional ao servizo do Estado, na situación dos delincentes e presos, e nas condicións de vida dos cárceres; preocupacións nunca despoixadas da súa visión caritativa e dunha perspectiva moralista cristiá²⁷. A súa preocupación penitenciarista, malia non ser a única que se reflicte nas súas publicacións a partir deste momento, si será, sen dúbida, a preponderante. O devandito nomeamento leva a Arenal á cidade da Coruña²⁸. Alí coñece outra persoa cuxa amizade influirá

²⁴ «La legislación vigente sobre Beneficencia ni ordena lo conveniente, ni garantiza el cumplimiento de lo que ordena. No basta al legislador establecer el principio y disponer que se practique; necesita saber qué obstáculos se opondrán a esta práctica, y buscar los medios de removerlos». Arenal, C., *La Beneficencia, la filantropía y la caridad*, Librería de Victoriano Suárez, Madrid, p.64

²⁵ Así, Manzanero, D. «La modernización del sistema educativo y penitenciario de la mujer: el impacto de la herencia krausista en la obra de Concepción Arenal», en *Araucaria. Revista Iberoamericana de Filosofía, Política, Humanidades y Relaciones Internacionales*, año 22, nº 43. Primeiro semestre de 2020, p. 550.

²⁶ Foi ministro de Graza e Xustiza no goberno presidido por Joaquín Francisco Pacheco, e de Gobernación no presidido por Manuel Pando Fernández de Pinedo, ambos os dous do Partido Moderado. A el dedicalle Concepción Arenal, en 1867, a súa obra *El reo, el pueblo y el verdugo o la Ejecución pública de la pena de muerte*, recordando nela que o cargo de visitadora non foi solicitado por ela, nin por ningún dos seus amigos. Parece, en troques, que o máis probable é que algunhas persoas do seu círculo si influíran para ese nomeamento, xa fora Salustiano de Olózaga ou a mesma Juana de Vega. Así o apunta Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit. p. 183.

²⁷ A obra de Concepción Arenal está indisolublemente unida a súa propia cosmovisión antropolóxica humanista —referente teórico— e ao seu sentido profundo e activo da caridade cristiá —referente práctico— e son os elementos transversais que definen a súa importante achega á realidade das prisións, e a todo o que a rodea (causas da delincuencia, condicións dos presidios, familias dos encarcerados, a reinserción, etc.). Así, García Martínez, J., «Reflexiones desde el presente sobre el compromiso de Concepción Arenal en la realidad de la prisión» en *Acciones e Investigaciones Sociales*, 32 (decembro de 2012), p. 83

²⁸ Puidera ser que Concepción Arenal xa estivera na Coruña antes do nomeamento. Así parece apuntalo a redacción da dedicatoria das súas *Cartas a los delincentes*. As *Cartas* están dedicadas a Antonio Mena y Zorrilla co seguinte texto: «Siendo usted Director general de Establecimientos penales, sin conocerme, sin tener relaciones ni con

tamén notablemente na súa traxectoria: Juana de Vega, condesa de Espoz e Mina²⁹.

Froito dese primeiro contacto real co mundo da delincuencia e das prisións, e do profundo sentimento que sen dúbida lle produciu esa experiencia³⁰, Concepción Arenal publica en 1865 as súas *Cartas a los delinquentes*. O prólogo e a primeira das cartas constitúen toda unha declaración, ou confesión, da súa filosofía penal e penitenciaria: necesidade de respecto á dignidade humana dos presos³¹, confianza na prevención baseada na educación moral³², e convencemento de que a corrección e a

mi familia ni con mis amigos, me mandó usted *al rincón de una provincia, donde estaba*, el nombramiento de Visitadora de prisiones de mujeres, y una carta rogándome que lo aceptase. Aquella carta y aquel nombramiento me han impuesto muchos deberes; hoy cumplo con uno muy fácil y muy grato para mi corazón, dedicándole a usted este libro, en señal de agradecimiento». Neste mesmo sentido, Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit. p. 182, que apunta que Arenal estaba na Coruña desde maio de 1862. (*op. cit.* p. 183)

²⁹ Aínda que Arenal non coñecía persoalmente a Juana de Vega, xa, anos atrás, en 1861, lle dedicara a súa obra *La Beneficiencia, la Filantropía y la Caridad*. Arenal considera a condesa como o modelo feminino que defende para as mulleres da elite social. Cfr. Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit. p. 183.

³⁰ Na primeira das cartas, escribe: «El primer sentimiento que se experimenta al penetrar entre vosotros, es de repulsión; es, voy a deciroslo aunque sea duro, es de horror. Parece como que se ven alzarse en torno vuestro todos los desgraciados que habéis hecho, privándolos de la hacienda, de la vida o de la honra; parece que se ven correr lágrimas y sangre que os salpica y os acusa, y que vosotros con cantos y palabras obscenas insultáis a vuestras víctimas. Vuestros delitos y vuestros crímenes parece que toman cuerpo, y vienen a la prisión, y pueblan el aire, y os acusan y llenan de horror al que por primera vez os mira». Arenal, C.; *Cartas a los delinquentes*, en *Obras Completas*, T.III, Librería de Victoriano Suárez, Madrid, 1894, pp. 18-19

³¹ Escribe: «Yo no soy de los que creen que un hombre condenado a presidio no es un hombre ya; que no merece en nada la consideración que debemos a nuestros semejantes, ni puede ser tratado como un ser racional. Yo no soy de los que creen que en una prisión no se comprende ninguna idea de justicia, ni halla eco ningún sentimiento honrado, ni gratitud ningún beneficio: no. Yo os considero como hombres, como criaturas susceptibles de pensar y de sentir, como hermanos míos, hijos de Dios, formados a su imagen y semejanza, y en quienes la huella de la culpa no ha podido borrar enteramente su noble origen». *Cartas*, p. 17.

³² No prólogo escribe: «Es grande la influencia que tienen en la conducta de toda la vida las verdades que se aprenden bien al principio de ella. Antes que las pasiones turben el alma, es fácil imprimirle los grandes principios morales, el respeto a la ley, el saludable temor a las penas con que amenaza. Como en la virtud entra por mucho el hábito, ¡cuánto no debe importar adquirir desde la infancia el de reprobado las cosas ilícitas, el de tenerlas por culpables y peligrosas! ¡Cuánta fuerza necesita el hombre para atropellar lo que desde niño se acostumbró a mirar como sagrado! Si esta convicción, si este hábito no le aparta de la culpa todas las veces, siempre le facilita el arrepentimiento, siempre le allana el camino para volver a la virtud». *Cartas*, p. 8.

emenda son posibles³³, e por tanto a elas debe orientarse o sistema carcerario, ou, cando menos, facelas posibles. Non quere dicir isto último que poida encadrarse, sen máis, a Arenal no correccionalismo³⁴, algo moi suxeito a controversia entre os estudosos da súa obra³⁵.

En maio de 1865 Arenal foi cesada no seu cargo de visitadora, con toda probabilidade pola publicación do citado libro, cuxo contido crítico co sistema penitenciario español non foi ben

³³ «Aunque haya entre vosotros algunos casos desesperados, la mayor parte pueden curarse, los más podéis volver a la salud, es decir, al deber, si sois dóciles a los buenos consejos y abris los ojos a la voz de la verdad y de la justicia», *Cartas, cit.*, p. 18. «¿No recordáis con pena el tiempo en que erais libres, inocentes y amados? Todavía podéis volver a serlo. Amad a vuestros semejantes, y os amarán; conducíos bien, y alcanzaréis más pronto la libertad; arrepentíos, y casi podrá decirse que sois inocentes, porque el arrepentimiento verdadero se parece mucho a una segunda inocencia, y es más meritoria, porque se conquista con los esfuerzos de la voluntad, mientras que la otra se recibe». *Ibidem*, pp. 19-20.

³⁴ Escribe, por exemplo, García Martínez (*op. cit.*, p. 85): «Ella participa y se entronca con las líneas de pensamiento y de desarrollo discursivo del mundo de la prisión que se llevan a cabo en esos momentos en Europa, de ellos extrae lo mejor de sus propuestas de reforma penitenciaria: ¿Le distingue la fe creadora de Beccaria? ¿La impulsa la minuciosa observación de Bentham? ¿La ilumina la razón de Röder? ¿Es correccionista? ¿Es positivista? ¿Se aferra en que el factor individual es decisivo o se encasilla en que el factor social lo es todo? En realidad, mantiene una postura ecléctica: de los postulados de Beccaria ella encuentra la necesaria proporción que debe de existir entre los delitos y las penas, junto con la aplicación de los marcos legales comunes para todos los ciudadanos en la búsqueda de un derecho positivo y natural; de Röder der el correccionalismo educativo, de la obra de Bentham extrae la oportuna consideración de las características personales y sociales en la ejecución de las penas en la búsqueda de la rectificación moral del penado, que, en cualquier caso, la pena deberá de estar siempre en función de la gravedad del delito». Xa, case con esas mesmas palabras, expresara Rafael Salillas o carácter personalísimo do pensamento de Arenal e a dificultade para encadrala nunha escola. Vid. Salillas, Azcárate y Sánchez Moguel, *Doña Concepción Arenal en la ciencia jurídica, sociológica y en la literatura*, Librería de Victoriano Suárez, Madrid, 1894, p. 16. Tamén sobre a dificultade de aliñar a Arenal no correccionalismo, vid. González Guitián, L., *Obra selecta. Concepción Arenal*, Santiago de Compostela, 1983, *passim*.


³⁵ Debate ese que non é impedimento para aceptar, sen dúbida, que para Arenal as mellores medidas para evitar os delitos han ser sempre as preventivas, en especial combater a miseria e a ignorancia, pois o respecto fainos máis obedientes que o medo. Nas súas *Cartas a los delinquentes* escribe: «El pueblo más grande no es el que acumula más medios de destrucción, el que lanza más soldados a la frontera y más cañones al mar, sino el que con verdad puede decir: “Yo tengo más hijos virtuosos y menos delinquentes”» (*cit.*, p. 98). Para ela a esencia da pena ten que ser boa, debe facer o ben, porque ninguén, nin individuo nin colectividade, ten dereito a realizar o mal. Nega, sen dúbida, o carácter puramente aflitivo da pena.

HOMENAJE DE
CASA DE GALICIA

A la inmortal pensadora Gallega

DOÑA CONCEPCION ARENAL

En el primer centenario de su glorioso natalicio



1820 — 31 de Enero — 1920

Homenaje de Casa de Galicia a la inmortal pensadora Gallega doña Concepción Arenal en el primer centenario de su glorioso natalicio: 1820-31 de enero-1920. [Buenos Aires]. Imp. La Iberia, 1920.

acollido polos responsables do Ministerio³⁶. Arenal tamén foi vítima, se cadra, da inestabilidade política do momento: entre o seu nomeamento e o seu cesamento houbo cinco presidentes do Consello de Ministros. En todo caso foi un cesamento non desexado nin amigable, como ela mesma lle confesou, por carta, ao seu amigo Monasterio³⁷. Arenal ten o convencemento de que o goberno non ten intención de reformar as prisións, e por iso afasta da esfera oficial a quen o pretende. O cesamento tivo un grande impacto en Concepción Arenal, afectándolle mesmo a saúde³⁸.

Hai que agardar o triunfo da revolución de 1868 para que o goberno presidido por Serrano, e do que era ministro da Gobernación Práxedes Mateo Sagasta, nomee a Arenal para unha nova responsabilidade no eido penitenciario: Inspectora de Casas de Corrección de Mulleres³⁹.

³⁶ «¡Todo está dicho en dos palabras: Yo he hecho lo que he debido y los demás lo que han querido! Era yo una rueda que no engranaba con ninguna otra de la máquina penitenciaria, y debía suprimirse. El Gobierno no quiere moralizar las prisiones, [y] aleja de la esfera social a quien procura moralizarlas», escribe ela mesma, cit. por Manzanero, D. «La modernización del sistema educativo y penitenciario de la mujer...», cit. p.551, e por Telo, M., *Concepción Arenal y Victoria Kent: las prisiones, vida y obra*, Instituto de la mujer, Madrid, 1995, p. 29.

³⁷ En carta do 19 de xullo de 1865 escribe a Jesús Monasterio: «S.M. (q. D. g) ha tenido a bien dejarme cesante, y lo más terrible del caso, lo que me tiene inconsolable es que no ha quedado satisfecho del celo, lealtad e inteligencia con que he desempeñado mi destino, o por lo menos no me lo dice», citada por Rico Lara, p 153 (Rico Lara, M. «Concepción Arenal», *Revista Internacional de Pensamiento Político*, I época, vol 4, 2009).

³⁸ Apunta Caballé que Arenal somatizou esa circunstancia, o que lle produciu unha angustia indicible e unha parálise intermitente das extremidades que lle impedía andar. Estivo, nese tempo, na casa de Juana de Vega en San Pedro de Nós. Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit. p. 202 e s.

³⁹ As Casas de Corrección de Mujeres son creadas en 1846, e centralízase na Dirección General de Presidios, dependente do Ministerio da Gobernación, a administración de todos os correccionais de mulleres unificando o réxime e a disciplina co Regulamento para as casas de corrección do Reino de 9 de xuno de 1847. Dita norma supón o inicio da regulamentación propiamente penitenciaria para o cumprimento da prisión. Na súa execución iban colaborar ordes relixiosas como as Adoratrices, Oblatas do Santísimo Redentor, Relixiosas da Caridade de S.Vicente de Paúl e asociacións de damas que visitaban as presas para darlles instrución relixiosa e moral, asistencia social, roupa e enseres. O antecedente das Casas de Corrección son as Casas de Misericordia, e as Casas Galera. As finalidades dunhas e outras son as mesmas: apartar da sociedade as mulleres consideradas desviadas, e corrixilas mediante a disciplina no traballo, o castigo e a práctica relixiosa. En 1882 as casas de corrección van desaparecendo, e unificanse as mulleres reclusas con penas máis graves na antiga galera de Alcalá de Henares, que pasa a ser o

Nesta época publica, en 1869, *Examen de las bases aprobadas por las Cortes para la reforma de las prisiones* e nela reitera a súa indisimulada desilusión pola falla de compromiso político coa reforma das prisións. Con todo, continuará no seu cargo ata 1873.

En maio dese ano algunha prensa faise eco da noticia de que o ministro de Graza e Xustiza, Nicolás Salmerón —quen estivera preso durante cinco meses no cárcere do Saladero no ano 1867—, encargara a Concepción Arenal a redacción dun Código Penal. Nalgúns círculos políticos e periodísticos esa posibilidade é moi criticada, por supoñer a Arenal excesivamente humanitaria e pouco coñecedora da xustiza penal. Parece que, na realidade, o ministro consultou varias persoas coñecedoras do sistema penal respecto á reforma do sistema de corrección de mulleres, e entre elas a Arenal. O que é certo, e está acreditado, é que en febreiro de 1873 foi nomeada membro da comisión encargada de preparar o establecemento dun novo réxime penal e a reforma do Código Penal; pero a vida da comisión foi moi breve e resultou disolvida o 16 de agosto dese ano⁴⁰.

Tamén nestes anos compaxina a súa responsabilidade na Administración Pública co xornalismo e a promoción de iniciativas sociais; funda en 1870 *La Voz de la Caridad*, xornal desde o que se denuncian os abusos nas prisións e desde o que se impulsan proxectos aos que tamén dedicará Arenal os seus esforzos: o chamado *padroado dos dez* que, a imitación do levado a cabo en Francia, consistía en que dez familias con recursos econó-

único centro específico de mulleres de España. O Real Decreto de 5 de maio de 1913 establece oficialmente as prisións de mulleres e unifica a regulamentación para condenados de ambos os sexos. Nel permítense ás mulleres que convivan cos seus fillos ata os tres anos e excepcionalmente ata os sete, o que se mantivo desde entón con algunhas variacións na idade. Vid. Cervelló Donderis, V., «Las prisiones de mujeres desde una perspectiva de género». *Revista General de Derecho Penal*, lustel, nº 5, 2006, p.3; Cercós i Raichs, R., «Las influencias krausista en el pensamiento de Concepción Arenal y Victoria Kent: la lucha por la reforma de las prisiones femeninas», 58 e s.

⁴⁰ Así o reflicte Mata y Martín (*op. cit.*, p. 189) recollendo a información de varios xornais da época.

micos acordasen axudar unha familia necesitada, ou a creación da *Constructora Benéfica*⁴¹, cuxo obxectivo era edificar vivendas para obreiros.

O seu labor benéfico tamén alcanza á recentemente creada, en 1863, Cruz Vermella. Cando en 1869 a duquesa de Medinaceli pon en marcha a súa rama feminina, Concepción Arenal participa na súa organización, chegando algúns anos despois a dirixir o Hospital de Campaña de Miranda de Ebro⁴², no que foron atendidos soldados dos dous bandos contendentes na terceira guerra Carlista. A partir desa vivencia pública, en 1880, *Cuadros de la Guerra Carlista*.

Neses anos que transcorren desde a revolución de 1868 ata a restauración borbónica, no chamado sexenio democrático, Concepción Arenal aparece vinculada cos máis relevantes representantes do krausismo en España⁴³, e colabora con moitas das iniciativas que levan a cabo. Manterá unha grande amizade con Francisco Giner de los Ríos, Fernando de Castro, Gumersindo de Azcárate e Salustiano Olózaga, entre outros. Ás súas xa consolidadas liñas de pensamento, manifestadas nas súas publicacións —sobre todo a preocupación social e a penitenciaria—, engádese outra claramente influenciada pola doutrina krausista, e que terá moita relevancia no seu pensamento e na futura consideración da súa obra: a cuestión da situación social da muller, e a defensa e reivindicación das capacidades e dos dereitos das

⁴¹ A iniciativa, nacida en 1875, continúa viva a través da *Fundación de Caridad Constructora Benéfica*, vinculada a Cáritas Madrid. Entre os seus fins, tal e como recollen os seus estatutos, están: «Toda clase de actividades de asistencia social y atención a personas necesitadas en el campo de la vivienda y sus equipamientos».

⁴² Estes hospitais eran comunmente coñecidos como *Hospitais de Sangue*, situados normalmente na retagarda das operacións bélicas.

⁴³ A filiación de Concepción Arenal á filosofía krausista e ao institucionismo está documentada pola correspondencia que mantivo con Giner de los Ríos e Gumersindo de Azcárate, na que se revela unha íntima amizade e afinidade de ideas. A admiración e o recíproco recoñecemento intelectual entre eles foi de tal nivel que se considera a Arenal como a primeira muller krausista. Vid. Manzanero, D. «La modernización del sistema educativo y penitenciario de la mujer...», cit., p.540.

mulleres nunha contorna social, particularmente en España, aínda pouco disposta a aceptar a igualdade dunhas e doutros.

Especial significación ten, nesta liña, a súa achega para a creación da «Asociación para la Enseñanza de la Mujer», institución de fonda inspiración krausista e que sobreviviu ata a guerra Civil. En 1871, Fernando de Castro, reitor da Universidade Central, tralo éxito que tiveron no curso anterior as *Conferencias Dominicales para la Mujer*, por el mesmo propiciadas, lidera a creación da asociación, para o que conta co apoio, tamén económico, de moi relevantes personalidades, tanto políticas coma intelectuais, liberais, progresistas e republicanas da época, entre elas, a propia Concepción Arenal.

É tamén nestes anos cando Concepción Arenal inicia a serie das súas publicacións nas que reivindicou o papel da muller na sociedade, a súa capacidade e o seu dereito tanto a recibir unha instrución axeitada como a desempeñar traballos reservados en exclusiva aos homes, obras consideradas precursoras do feminismo, e moi na liña da filosofía krausista. En 1869 sae á luz *La mujer del porvenir* (aínda que xa fora escrita en 1861). Seguirán, algúns anos despois, en 1883, *La mujer de su casa*⁴⁴; en 1884, *Estado actual de la mujer en España* ou *La educación de la mujer*. Estas obras intercálanse nestes anos con outras de reivindicación pedagóxica e de carácter penitenciaria; publica en 1871 *La Instrucción del Obrero* e, en 1877, *Las colonias pena-*

⁴⁴ Nesta obra defende, con carácter xeral, que a muller é idónea para exercer «con vantaxe» calquera profesión. Con todo, a carón dalgunha afirmación sorprendentemente avanzada («a muller parécenos moito máis a propósito para o sacerdocio, sobre todo na Igrexa católica», p. 92), Arenal é debedora dalgúns prexuízos e condicionamentos sociais que limitan nese tempo, e continuarán limitando durante medio século, ou máis tempo, en España, a presenza da muller nalgunhas profesións e nalgunhas actividades. Si a considera idónea para letrada, pero non para xuíza, ou para membro dun xurado («non porque non esperásemos moito da súa rectitude, e quen sabe se da súa firmeza, senón porque non queremos provocar unha loita continua entre o seu deber e o seu corazón, nin que o seu nome estea o pé dunha sentenza aflitiva...», p. 97), nin tampouco para exercer a actividade política; non quere ver a muller «nese campo de confusión, de mentira, e moitas veces de iniquidade» (p. 99). Vid. Arenal, C., *La mujer del porvenir. La mujer de su casa*. Edición facsimilar. Ateneo de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2020.

les en Australia y la pena de deportación, *Una cárcel llamada Modelo e Estudios penitenciarios*, e, en 1881, *La Instrucción del Pueblo*.

Destá derradeira época do percorrido vital de Arenal, que transcorre primeiro en Xixón e logo en Vigo, a onde vai seguindo os pasos que determinan os traslados profesionais do seu fillo Fernando, é *El visitador del preso*. A mediados do ano 1892 a obra está xa rematada, pero Arenal non ten quen lla edite⁴⁵;ponse, entón, en contacto coa francesa Isabelle Bogelot, feminista e filántropa, casada cun avogado da Corte de Xustiza de París, e ela ofrécese a publicar o libro, en francés, claro. O texto traducido remitido por Arenal debía precisar dunha axeitada revisión, e foi o avogado quen a levou a cabo, razón pola que a edición española vai dedicada a Gustave Bogelot⁴⁶.

En España, finalmente, é José Lázaro Galiano quen, baixo o selo da súa propiedade *La España Moderna*, publica *El visitador del preso*. En decembro de 1892 pídlle Arenal ao seu editor español que inclúa a dedicatoria a Gustave Bogelot, e os primeiros exemplares saíron do prelo en xaneiro de 1893. Non é posible saber se Concepción Arenal puido ver a obra publicada en castelán. Si hai a certeza de que viu a edición francesa que saíra o ano anterior.

Concepción Arenal morre en Vigo o día 4 de febreiro de 1893, probablemente a causa dunha pneumonía. Estivo atendida nos derradeiros días polo seu fillo Fernando, e polas Irmás da Caridade. As súas exequias fúnebres concitaron na rúa unha inmensa multitude, participando tamén nelas as autoridades

⁴⁵ Nunha carta a Giner de los Ríos (Citada por Caballé, A. *Concepción Arenal*, cit. p. 343.) escribe Arenal: «Creo que el librito no encontrará editor: no se lo ofrezca Vd. a la Pardo Bazán, porque...no. Guerola [a quen llo enviara Arenal] está muy indignado de que no nos lo quiten de las manos, y también quiere buscar editor, pero no lo encontrará. ¡Pobres presos!». A referencia a que non lle ofrezca o texto a Emilia Pardo Bazán para a súa publicación obedece a que nese momento a novelista coruñesa dirixía unha colección titulada «Biblioteca de la Mujer», na que podería encaixar o libro de Arenal. O veto pon de relevo a rivalidade existente entre as dúas mulleres e o amor propio da ferrolá.

⁴⁶ Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit. p. 344 e s.

locais e provinciais. O noticia da súa morte produciu reaccións de loito en sociedades culturais e benéficas de Europa e nas comunidades galegas de América. Pero ata quince anos despois non ten lugar unha homenaxe pública. Foi na Coruña e contou coa participación de Rafael Salillas, Gumersindo de Azcárate e Emilia Pardo Bazán. A esa primeira, organizada pola *Reunión Recreativa del Círculo de Artesanos de La Coruña*, seguiron outras moitas en España e en Iberoamérica. Azcárate dixo dela que era o maior [sic] sabio de España e un dos maiores de Europa en Dereito penal e en socioloxía⁴⁷.

II

Concepción Arenal dedicou boa parte do seu quefacer intelectual á investigación e estudo da realidade penal española. Serviuse da experiencia acumulada no desempeño dos cargos de visitadora de cárceres de mulleres da Coruña (1863) e inspectora de casas de corrección de mujeres (1868-1873) e, sobre todo, da súa formación, talento e intuición. As súas ideas e propostas nese terreo, contidas, principalmente, nas súas obras *Cartas a los delincuentes* (1865), *Estudios Penitenciarios* (1877) e *El visitador del preso* (1893), así como nas súas participacións en diversos congresos internacionais non son, con todo, fáciles de sistematizar e, moito menos, de encadrar nunha escola ou corrente determinadas, chámense pensamento ilustrado, krausismo ou Escola Clásica⁴⁸.

Como acaba de indicarse, *O visitador do preso* (en adiante *O visitador*) constitúe unha das obras de referencia para o estudo das ideas centrais do seu pensamento, no que á cuestión penal

⁴⁷ Cfr. Caballé, A., *Concepción Arenal*, cit. p. 349 e ss.

⁴⁸ Os especialistas subliñan, tamén, as influencias das doutrinas de Feijóo e o P. Sarmiento, por una banda, e do marxismo e o darwinismo, pola outra: vid. Rodríguez Ennes, L., «La lucha contra el arcaísmo punitivo del Antigo Régimen», *RECrIm*, 2009, p. 284 e nota 80; Pérez Montero, M. E., *Revisión de las ideas morales y políticas de Concepción Arenal*, Madrid, 2002, p. 149.

se refire. Escrita case ao final da súa vida, editada en 1893, oriéntase a destacar a importancia do cumprimento da pena e da rehabilitación do preso. A súa publicación, a cargo de *L'oeuvre des libérés de Saint Lazare*, prodúcese antes en francés que en español, tras numerosos avatares e a negativa da autora á intervención de Emilia Pardo Bazán para atopar editor, como xa se dixo. Tamén se subliñou que no primeiro manuscrito a tradución ao francés era tan incorrecta que non foi posible entregala á imprenta, polo que Bogelot, a quen se dedicaría a edición española, corrixiu e copiou o libro integramente da súa propia man.

O libro está formado por vinte e un capítulos, escritos nun estilo moi similar ao usado no *Manual del visitador del pobre* (1863), co que comparte intención: a de non dirixirse aos que denomina «visitadores científicos», aos que visitan o recluso «como se visita o enfermo na clínica». Nel abórdanse os conceptos de delito, delincuente, arrepenimento e emenda, e examínanse as virtudes e condición que debe reunir o visitador de prisións, a finalidade das súas visitas, a linguaxe que debe empregar, o tratamento dos presos segundo o xénero e a idade, as dificultades que terá que vencer e, tamén, as vantaxes de que deberá valerse para desenvolver as súas funcións. Todo iso, naturalmente, co pano de fondo da crítica da (penosa) situación en que se atopaban os cárceres españois.

En liñas xerais, Arenal comparte a concepción da pena das escolas clásicas, que a xustificaban por razóns de xustiza retributiva, de prevención xeral e de prevención especial⁴⁹. Na súa opinión as penas revisten, en efecto, en primeiro lugar, un carácter

⁴⁹ Vid., por exemplo, Lacalzada de Mateo, M. J. «La reforma penitenciaria entre la ilustración y el organicismo social», *Estudios Penales y Criminológicos*, nº 16, 1993, pp. 151 e ss.; Rico Lara, M. «Concepción Arenal: la utopía realizada», *Boletín Informativo del Ministerio de Justicia*, nº 1700, 1994, pp. 1377 e ss.; López Melero, M. «Aplicación de la pena privativa de libertad como principio resocializador. La reeducación y la reinserción social de los reclusos», *Anuario de Derecho Penal y Ciencias Penales*, vol. LXV, 2012, pp. 253 e ss.; Núñez Paz, I. «Concepción Arenal y el fin de la pena desde las fuentes clásicas», *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, 15-20 (2013), pp. 20:1-20:25.


retributivo: o delincuente debe pagar polo delito cometido ante a sociedade e suxeitarse a un castigo que, ademais, terá que ser tanto máis grave canto maior sexa o seu «grao de maldade». Ao propio tempo, con todo, os castigos resultan tamén imprescindibles para producir un efecto de escarmento e evitar a reincidencia, así como para rehabilitar o recluso a través do traballo e a educación⁵⁰. Quere dicirse con iso que Arenal non aborda a función preventiva das penas dende o punto de vista (máis «benévolo») co que o fan outros correccionalistas como Aramburu, ou sexa, asociándoa principalmente a un labor educativo nos principios e valores morais que servirán para encamiñar os reclusos⁵¹. Nos seus propios termos, a sanción penal é, por contra, e entre outras cousas, un instrumento de expiación —«non hai emenda sen dor, o que impón a lei debe unirse ao da conciencia do culpable e procurar suplilo»—, de intimidación «aos que a moralidade non detén», de afirmación da xustiza e, finalmente, e dende o momento en que a lei dispón do penado e o suxeita a un réxime penitenciario, de moralización e educación. Estes son, na súa opinión, os elementos chave para lograr a corrección dos reclusos, aínda que tamén era partidaria de que se dedicasen a actividades formativas e recreativas, como a música, a lectura, os traballos manuais ou a instrución relixiosa (neste caso, a condición de daren o seu consentimento). A finalidade rehabilitadora lévaa a esixir, ademais, que sexan xustas, que non comporten humillacións ou danos físicos e que fagan posible que o presidiario obteña unha formación moral e laboral que lle permita reinserirse socialmente unha vez cumpra o castigo.

⁵⁰ Arenal distingue entre a corrección ou «honradez legal» e a emenda ou «honradez moral», isto é, un cambio real e duradeiro que afecta as súas conviccións internas. Vid. Mata y Martín, R. M. «Aproximación a Concepción Arenal y el sistema penitenciario», *cít.*, p. 200.

⁵¹ Para Aramburu o delincuente é un ser débil, que non puido evitar desviarse do bo camiño. Para lograr eliminar as súas feblezas as penas teñen que intimidalo, con anterioridade á comisión do delito, e corrixilo, con posterioridade. Na súa formulación, ambas as funcións coexisten de maneira harmónica.

Arenal afástase, por tanto, de calquera formulación autoritaria dos fins das penas e do sistema penal. Na súa formulación a pena sempre ten un sentido correccional e é, en si mesma, «un ben», tanto para o delincuente (que quere corrírse) como para a sociedade (que ten interese en que se corrixa). A súa convicción sobre a necesidade de emendar o delincuente e de dispensarlle un trato humanitario sitúaa, indubidablemente, na órbita de Krause e dos seus seguidores⁵². De feito, chega a adoptar, mesmo, a terminoloxía hixienista de Röder, describindo á prisión como un hospital, no que a maior parte dos internos podería «volver á saúde». O seu correccionalismo áchase matizado, emporiso, pola súa profunda crenza na dignidade e liberdade esenciais do ser humano, ás que ela mesma sitúa no centro de todas e cada unha das súas propostas. Sempre manterá, por exemplo, que entre a maioría dos delinquentes e as persoas que nunca delinquiron existe unha especie de zona moral e afectiva común, na que poden entenderse e influírse mutuamente. Unha das ideas claves d'*O visitador*, avanzada nos congresos penais nos que participou, é xustamente a da necesidade de considerar o preso como unha persoa que debe saír de prisión rehabilitada, isto é, cunha educación que non lle conduza á reincidencia.

⁵² Os antecedentes do krausismo sitúanse en Alemaña, nas obras de autores como Stelzer, Lucas e Gross. Vid. Jiménez de Asúa, L. *Tratado de Dereito Penal*, Tomo II, 5ª ed., Buenos Aires, 1992, p. 58. En España foron a fundación da Institución Libre de Ensino —por Nicolás Salmerón, Giner de los Ríos e Gumersindo de Azcárate— e a publicación do seu *Boletín* os que propiciaron unha ampla recepción do pensamento de Krause e, sobre todo, do seu discípulo Röder. As propostas deste último —cualificado, con todo dereito, como o verdadeiro antecesor do chamado *correccionalismo español*— distínguense por tratar de harmonizar os ideais típicos do liberalismo e a atribución ao Estado dun papel tuitivo, protector, como requisito *sine qua non* para a realización dun dereito xusto e correcto, que satisfaría tanto a sociedade como o propio reo. Diversos traballos seus foron traducidos ao español por Giner dos Ríos ou Romero Girón. Coincidindo coa publicación da súa obra *Necesaria reforma do sistema penal español*, na que defendía a necesidade de reformar completamente o sistema penal español a partir do modelo de Pennsylvania, en 1873 foi comisionado polo Ministerio de Xustiza para elaborar varios ditames sobre o tema. Un deles foi publicado como apéndice á súa obra *As doutrinas fundamentais reinantes*, traducida ao español en 1877. Ademais da de Röder, a influencia de Krause en España veu tamén da man dos seus discípulos Ahrens, Tiberghien e Leonhardi.



Obras Completas de Doña Concepción Arenal. Tomo Décimotercero. El Visitador del preso.
Librería de Victoriano Suárez, Madrid (1896). Exemplar dos tradutores

Outra das constantes da súa obra é a visión do delito como un fenómeno baseado nas características individuais e diferenciadoras dos delinquentes⁵³; unha visión que permite identificala como unha das precursoras da socioloxía criminal en España e que a aproxima a algúns dos postulados da escola positiva italiana⁵⁴. Detrás da decisión de delinquir, precisa, áchanse frecuentemente determinados factores internos (a contorna familiar, a falta de educación, a carencia de recursos económicos e de oportunidades) e sociais⁵⁵. Xustamente os condicionantes sociolóxicos (a falta de instrución, os sistemas de control informal, os obstáculos para poder acceder a un posto de traballo) parécenlle particularmente relevantes na explicación da delincuencia feminina e, polo tanto, da reacción da sociedade decimonónica fronte aos «crimes femininos»⁵⁶. As mulleres que delinquen —escribe n'*O Visitador*— reciben maior desprezo que os homes, e iso pola sinxela razón de que «no xuízo inflúe a impresión, e como é peor a que produce unha muller que un home sanguinario, apreciamos o grao de maldade polo horror que inspira». Vítima dunha sociedade que a empuxa a delinquir e a castiga

⁵³ Arenal distinguía dous niveis de responsabilidade (a moral e a legal), non necesariamente coincidentes. Os que denominaba «incorrixibles morais» asociaríanse, na súa opinión, á posesión dun status económico ou político elevados. Os «incorrixibles sociais», en cambio, identificaríanse cos pobres, os que terminarían por ingresar nos presidios (vid. García Martínez, J. «Reflexiones desde el presente sobre el compromiso de Concepción Arenal en la realidad de la prisión», *Acciones e Investigaciones Sociales*, nº 32, 2012, p. 100).

⁵⁴ As propostas correccionalistas de Aramburu apártanse radicalmente, en cambio, do positivismo.

⁵⁵ Vid. Cercós i Raichs, R. «Las influencias krausistas en el pensamiento de Concepción Arenal y Victoria Kent: la lucha por la reforma de las prisiones femeninas», en Berrueto Albéniz, M. R.; Conejero López, S. (coord.), *El largo camino hacia una educación inclusiva: la educación especial y social del siglo XIX a nuestros días: XV Coloquio de Historia de la Educación*, vol. 2, Pamplona, 2009, p. 62.

⁵⁶ Como explica L. Casas Díaz, na España decimonónica as que entraban en prisión eran mulleres que tiñan que ser reconducidas ao rol que lles atribuíra a sociedade: o de esposas, nais e fillas. Arenal reaccionará fronte a esas convencións, defendendo a necesidade de que reciban unha educación que lles permitise gañarse a vida. O medio a empregar para lograr a súa corrección debía ser exactamente o mesmo que no caso dos homes: a educación. Vid. «Ciencia y educación: Concepción Arenal y la mujer del siglo XIX», en Ajuntament de Terrassa, Omniscience (eds.), *Congrés Dones, Ciència i Tecnologia WSCITECH19*, Terrassa, 2019, p. 99.

por facelo, e que cando cumpriu pena volve incitála para que delinca de novo, «caerá outra vez se a caridade non lle alonga a man e non a sostén ao saír da prisión». Por iso, a única forma de prever a delincuencia é realizar cambios estruturais relacionados co ensino público, as condicións de traballo, a dignificación da muller en todos os ámbitos e, tamén, a sanidade.

Boa coñecedora das teorías de Cesare Lombroso, Concepción Arenal é, con todo, partidaria da existencia do libre albedrío (a potestade para obrar segundo se elixa) e de recoñecer, por tanto, a capacidade de responsabilidade penal individual⁵⁷. No capítulo III d'*O visitador* reafírmase na idea de que todo delincente, «salvo excepcións patolóxicas probablemente en todo caso raras, é un home que ten as calidades esenciais de tal», á vez que rexeita os argumentos deterministas dos antropólogos criminais: «Pode elixir entre o mal e o ben? A humanidade cre que si; unha escola repite (que hai moitos séculos que se dixo) que non [...] a de agora ten gran aparello de ciencia e de arte; pesa, mide, analiza, pedindo á balanza, ao escalpelo e ao microscopio máis do que probablemente poderán darlle, máis do que seguramente ata o de agora lle deron». O preso non é, para ela, un ser enfermo que deba extirparse da sociedade, senón alguén que tomou decisións e eleccións erróneas⁵⁸, e quen se limite a levar a cabo un «exame orgánico» da súa persoa non poderá coñecer, en absoluto, nin as circunstancias externas que o levaron a delinquir, nin os elementos psicolóxicos e sociolóxicos que condicionarán a súa recuperación no cárcere⁵⁹.

⁵⁷ Un dos eixos do seu pensamento, por exemplo, foi a confrontación coa concepción lombrosiana da muller como un individuo de «condición intelectual marxinal»: vid. Casas Díaz, «Ciencia y Educación...», *cit.*, pp. 93 e ss.

⁵⁸ O entendemento que Arenal e Dorado Montero teñen do delincente é, definitivamente, o dun enfermo, necesitado de tratamento terapéutico, e non o dun ser desprezable, afastado da sociedade e que non merecía respecto nin axuda. Para ambos a función do dereito penal é a de modificar e corrixir a vontade criminal concreta, sempre de acordo cun coñecemento psicolóxico profundo das causas da criminalidade. Vid. Ruidiaz García, C. «Notas sobre Concepción Arenal», *REDUR*, nº 6, 2008, p. 60 e nota 10.

⁵⁹ Si cabe afirmar que Arenal se aproxima aos antropólogos no recoñecemento dun compoñente de desequilibrio e falta de harmonía psíquica no delito. Vid. Rico Lara, «Concepción Arenal...», *cit.* p. 155.

No seu discurso acadá tamén un especial protagonismo a idea da fatalidade social, isto é, a etiquetaxe da que é obxecto o delincente por parte da sociedade, que determina as súas decisións e impide que quen saúa de presión poidan comezar unha nova vida. No capítulo VI d'O *Visitador* pode lerse que a «diferenza radical que establece a opinión entre o home libre e o penado» pode provocar que este termine por crer e ser «o que os outros supoñen que é, unha persoa ou cousa definitivamente excepcional e anormal»⁶⁰, e no VII que «as malas influencias fan malos, ou polo menos malean, e as boas fan bos ou melloran». O delincente éo, por tanto, porque se define e estigmatiza como tal dentro do colectivo social, ao que debe responsabilizarse de que reincida no delito⁶¹. Este entendemento da contorna sociolóxica como factor determinante da decisión de delinquir, coherente coa súa concepción da criminalización como un fenómeno selectivo e de clase, como un suceso máis no proceso de aprendizaxe continua do infractor, aliña a Arenal cos partidarios das teorías da aprendizaxe social. Sutherland e Cressey, en particular, sostiveron na década dos trinta do século XX que a explicación da conduta humana (incluíndo a actividade delituosa) está na experiencia vital diaria, da que se aprenden as condutas, as técnicas e os valores delituosos, así como os mecanismos subxectivos de racionalización ou autoxustificación do comportamento desviado.

A súa crenza no valor da persoa humana e o seu convencemento acerca da responsabilidade da sociedade na delincuencia

⁶⁰ Toda a obra de Arenal deixa translucir esa perspectiva sociolóxica: vid. Pérez Montero, M. E. *Revisión de las ideas morales y políticas de Concepción Arenal*, Madrid, 2002, p. 316. No informe que presentou no Congreso de San Petersburgo, Arenal apuntaba que observara moitas veces como un home, un mozo ou un neno, tras perpetraren un primeiro delito, entraban nun ciclo de degradación que concluía coa declaración legal de «incurrible». Este cualificativo, precisaba, non se correspondía coa xustiza se se analizaba dende o ángulo da fatalidade social que o envolvera.

⁶¹ Concepción Arenal fai responsable do feito de que existan delincentes aos poderes públicos, aos que lles imputa, entre outras cousas, a aprobación de leis inxustas, a non disposición dos medios necesarios para que se poidan cumprir e a non vixilancia do seu cumprimento. Vid. Ruidíaz García, «Notas...», *cit.*, pp. 61 e 62.

vertebran, así mesmo, todas as súas iniciativas penitenciarias⁶². Arenal, que en 1873 formaría parte da comisión encargada de preparar a reforma do Código Penal⁶³, denunciará enerxicamente a situación carceraria en España, entre outros foros, desde a publicación *La voz de la caridad*⁶⁴. Concibidas na súa época como espazos de seguridade, na súa opinión, poderían e deberían ser xestionadas de forma que non funcionasen como unha verdadeira escola de delincentes e conseguisen a rehabilitación do penado. Debería facerse delas lugares eficientes, tanto á hora de facer pagar polo delito —ante a sociedade—, como á hora de propiciar a súa reinserción. Na base deste discurso están, de novo, o principio da rehabilitación e a necesidade de respectar a conciencia e personalidade do preso, cuxa condición xurídica define, en todo momento, a partir de máximas humanistas, isto é, poñendo por diante, antes que a gravidade dos feitos que o levaron ao cárcere, os seus «sentimentos humanos». Os regulamentos penais, insiste, deben considerar o preso como unha persoa e, consecuentemente, organizarse de maneira que se fomente sempre a súa personalidade. Algunhas pasaxes do capítulo XI d'*O visitador* expresan moi graficamente

⁶² A doutrina subliña a elevada factura técnica das achegas de Arenal, no seu *Examen de las bases aprobadas por las Cortes para la reforma de las prisiones* (1869), en particular das relativas ao réxime de cumprimento da cadea perpetua, ao desterro perpetuo, á cadea temporal ou aos confinamentos maiores e menores. Vid. Alvarado Planas, J. «Los proyectos legislativos de Concepción Arenal», *Boletín de la Facultad de Derecho de la UNED*, 10-11, 1996, pp. 43 e ss.

⁶³ A comisión, como xa antes se dixo, non chegou a finalizar os seus traballos, disolvéndose o 16 de agosto de 1873. Nesa etapa Arenal elaborou o primeiro dos seus proxectos de lei (o Proxecto de Lei de Beneficencia). Vid. Alvarado Planas, «Los proyectos...», *cit.*, pp. 28 e 29.

⁶⁴ Na súa obra *El reo, el pueblo y el verdugo o la ejecución pública de la pena de muerte* (Madrid, 1896), Arenal poñía de manifesto a crueldade deses usos «bárbaros» que convertían a morte en espectáculo inhumano, gratuito e inmoral: «A vista do reo e do patíbulo —escribe— impresiona precisamente en sentido inverso do que debía impresionar para ser útil. Aflixe, aterra, trastorna a persoa boa, que non ha mester da terrible lección, e vexa con indiferenza o que a necesita» (pp. 7 e 8). A Lei de Bases do 21 de outubro de 1869 —na que se plasman as súas formulacións correccionalistas— expuña como obxectivo último dos establecementos de cumprimento das penas a emenda dos reclusos, defendendo un modelo asimilable ao réxime filadélfico.

esta orde de ideas: «O que, por máis ou menos tempo, deixou de ser cidadán, que nunca deixe de ser home; que saiba e se interese polas cousas humanas: probablemente impresionaranlle máis na súa triste soidade que no bulicio do mundo. Non pode figurar na lista dos electores, pero si na dos que se subscriban a un libro útil ou contribúen a unha obra caritativa ou patriótica: o caso é non suprimir a súa actividade intelectual, moral e afectiva; que senta e se recoñeza persoa, e se vexa tratado como tal, e que, se hai no seu espírito unha parte sa, fraternice coa sociedade honrada e non sexa rexeitado da comunión dos bos». Na súa proposta, o réxime penal debería caracterizarse pola elasticidade, a racionalidade, o respecto ás manifestacións da personalidade do recluso «compatibles coa orde» e o recoñecemento dos seus dereitos.

A instrución representa, ao seu modo de ver, a principal ferramenta para lograr «refacer un home que, ás veces, desaparecía ao converterse en reo»⁶⁵. Facendo súa a máxima kantiana de que o home só chega a ser home pola educación, ve nela o único instrumento co que poderá lograrse a transformación do delincuente nun cidadán respectuoso coa lei. Neste senso, Arenal refuga a carga moralizante das propostas de reforma penal elaboradas no século XIX, para tentar dotalas dun sentido educativo ou correcional, relativo ao logro de melloras no terreo da rehabilitación e reinserción. Boa proba diso é a súa defensa (compartida por outros pensadores reformistas da época) da creación, para os penados e penadas novos, de correccionais situados en zonas rurais e que funcionarían a modo de escolas agrícolas, nas que aprenderían unha profesión industrial. O ambiente san que se respiraría neles contribuiría a fortalecer a saúde dos reclusos e, ao propio tempo, a súa reeducación moral.

Xunto á instrución, subliña tamén o papel do elemento relixioso para contrarrestar a influencia (negativa) do ambiente das

⁶⁵ Vid. Ruidiaz García, «Notas...», *cit.*, p. 62.

prisión⁶⁶. Introducila nos establecementos penais, contando sempre coa liberdade de elección do preso, constitúe —di— un verdadeiro deber do Estado. Detrás da súa defensa da relixión non se esconde tan só, con todo, a vontade de patrocinar a relixión católica. O visitador, explica, debe perseguir sempre o máximo respecto ás consciencias individuais e non obrigar a cumprir coa relixión á perfección ou imponendo a súa. «Como o visitador fatalista non ha de establecer na penitenciaría cátedra de escepticismo, o crente non ha de ser misioneiro; aquel lugar non é apropiado para a propaganda relixiosa, e máis facilmente fará hipócritas que conversos», escribe. O delito —subliña— supón un equilibrio moral que rompeu porque é inestable nun gran número de homes e que pode restablecerse «porque son poucos os que viven no equilibrio estable do mal, se non os sosteñen nel os perversos costumes, as malas leis e os malos homes que as aplican». O obxectivo debe ser, pois, o de «utilizar para o seu consolo e para a súa emenda a relixión que teña, a que pode ter; tratar de fomentala, e se é necesario e posible depurala de supersticións groseiras, pero nisto proceder con moita cautela». Compañión, modestia e perseveranza eran as tres calidades fundamentais que pedir ao visitador, «tanto se era crente, coma se non».

O seu gran proxecto será, así, o de converter a prisión nunha «casa de educación», nunha «enfermaría do espírito». Para ela, a idea que se tivese do delincuente debería corresponder á que se tivese do home, de modo que, á hora de ensinar, non debería haber tampouco diferenza entre o condenado e o que

⁶⁶ A carga humanista do pensamento de Arenal sitúaa M. J. Lacalzada de Mateo «nunha corrente moderna ponte entre a conquista do laicismo e as formuladas en principios universais comúns ás diferentes relixións» (*La otra mitad del género humano: la panorámica vista por Concepción Arenal (1820-1893)*, Málaga, 1994, p. 17). De feito, para ela a relixiosidade ofrece dúas dimensións: unha individual, que achega consolo e paz interior; e outra social, que se traduce na fraternidade. Para A. Capela Pérez, aínda sendo un elemento recorrente na súa obra, «a súa consideración está exenta de fanatismo e proselitismo», debendo asociarse, máis ben, a «un profundo coñecemento psicolóxico da condición humana» (*Concepción Arenal, un enfoque desde el trabajo social*, Huelva, 2001, p.161).

non infrinxiu a lei. Desta maneira, o visitador debería procurar fortalecer, salvar a personalidade do recluso, tendo en conta as súas circunstancias individuais, procurando o exercicio razoable da súa vontade, consultándoa, «poñendo de relevo que cando non se extravía, é tan respectable como a de calquera outro home, e que por ela pode rehabilitarse e vivir en paz coa sociedade».

Para tal fin, reclama medidas como a dignificación das condicións de condución dos presos —evitando as rodas de presos e os cárceres de tránsito—, a eliminación dos cabos de varas e a elaboración dun regulamento penal —a modo de manual ou prontuario— que incluíse, de maneira sinxela e clara, as ordes vixentes e permitise organizar as tarefas nos establecementos. As verdadeiras pedras angulares do sistema penal que propugna son, con todo, o incremento do número de establecementos penais (co dobre obxectivo de reducir as taxas de ocupación carceraria e mellorar as condicións de vida), a introdución dun sistema clasificatorio individualizado⁶⁷ —que tivese presente a influencia da contorna no delincente e a parte de responsabilidade que tivera el mesmo no feito⁶⁸—, o abandono das penas curtas privativas de liberdade e o uso limitado da prisión preventiva, a creación de asilos provisionais para os reclusos que saísen en liberdade,

⁶⁷ O Decreto 162/1968, de 25 xaneiro, modificou a tradicional rixidez do sistema penal español, permitindo a posibilidade da clasificación directa en segundo grao (réxime ordinario) sen pasar polo primeiro (réxime pechado), dependendo da personalidade do penado. Adoita destacarse que o antecedente deste novo sistema de clasificación foi a proposta de Concepción Arenal de establecer un período de proba, que permitise aos internos acceder directamente á clase de mérito, á de corrección ou á de confianza. Vid. Leganés Gómez, S. *La evolución de la clasificación penitenciaria*, Madrid, 2005, p. 40.

⁶⁸ En punto ao tratamento que debe recibir o individuo para ser corrixido, Arenal aproxímase á formulación de Dorado Montero, para o que a existencia dunha lista de delitos, taxados coas súas respectivas penas e sen posibilidade de variación, nunca podería ser un método racional para tratar de corrixir un delincente. Con todo, o correcionalismo tampouco mostra unha formulación homoxénea sobre o particular. Silvela, por exemplo, parte da idea de que a duración da pena aplicable debe vir marcada pola gravidade do delito cometido, chegando a admitir, como máximo, a posibilidade de que se poida graduar, unha vez iniciada a súa execución, en función do grao de corrección do reo. Dorado Montero, en cambio, insiste en que sempre se determinará dependendo da evolución do preso, aludindo ao maxistrado como un verdadeiro médico social, encargado de ditaminar as medidas necesarias e de supervisar a evolución do reo, dependendo do grao de curación e corrección do preso.

a reforma das condicións sanitarias dos establecementos e, por último, a mellora das condicións penais das mulleres presas. Sen descoñecer as dificultades que implicaba a súa aplicación, defendeu tamén a institución da liberdade condicional, na que vía un instrumento fundamental de apoio aos antigos presidiarios no seu proceso de reinserción⁶⁹, e a necesidade de contar cun corpo de facultativos penais (con coñecementos especiais) capaz de conducir programas de reinserción social. Como eixo que debería estruturar e vertebrar a intervención, fala, pois, da formación profesional e actualizada dun persoal especializado, cuxo acceso fose a través dunhas oposicións públicas⁷⁰. Todas elas representan propostas verdadeiramente innovadoras para a época.

Arenal achaca boa parte do fracaso do sistema penal do seu tempo ao sistema de clasificación dos delincentes, que, entre outras cousas, permitía proporcionarlles aos que contaban cunha boa situación económica condicións verdadeiramente privilexiadas de cumprimento da pena. A mestura de reclusos (que caracteriza todas as institucións penais do século XIX) parécille especialmente preocupante con relación aos máis novos, pensando no deterioro moral que podería traer consigo. N' *O visitador* conclúe que «se algún neno, pola súa insensatez maligna, é perigoso, medios hai de impedirlle que faga mal sen levalo ao cárcere, e sen levalos todos, sexan perigosos ou non, cometendo un dos máis execrables atentados». Asumindo a imposibilidade de acudir a unha clasificación dos presos baseada en criterios morais (porque é imposible «saber cales son as moralidades idénticas para agrupalos», e aínda que non o fose, «non serviría de nada para evitar as consecuencias da comunicación entre os criminais»), aposta por realizala atendendo á clase de delito perpetrado (e ás súas circunstancias) e unicamente en estable-

⁶⁹ Vid. Amate García, J., *La Escuela Correccionalista Española*, Jaén, 2015, p. 34.

⁷⁰ Esta formulación supoñía un xiro radical nas políticas penais postas en marcha na España do XIX e que se traduciron, entre outros extremos, na atribución ao chamado *cabo de vara* dunha serie de competencias de natureza estritamente punitiva dentro da prisión, a imaxe e semellanza do que acontecía no eido militar.

cementos organizados consonte o sistema de Auburn (dormitorios illados e traballo en común en talleres, durante o día, baixo a regra do silencio)⁷¹. A este último respecto, Arenal rexeitará de plano o sistema de Filadelfia ou de illamento absoluto, incompatible coas finalidades de corrección que lle atribuíra ás penas⁷².

Polo que se refire ás penas, non era partidaria das penas de privación de liberdade inferiores a un ano —por entender que só servían para «degradar o individuo» e non para corrixilo—, nin do recurso sistemático á prisión preventiva, que poría en contacto o cidadán cuxa culpabilidade aínda non se probou, con outros que si son delincuentes⁷³. En *La cárcel llamada Modelo* (1877) dirá que «non se necesita moito para combinárense os malvados, para recibiren perversas influencias os débiles, para inclinárense ao mal os vacilantes, e nin unha hora, nin un minuto hai dereito para encerrar o home honrado co criminal». Correctamente regulada e aplicada (en casos de gravidade ou de risco de fuga), en cambio, facilitaría a rehabilitación e suporía un significativo abaratamento da xustiza.

Dirixe as súas críticas, así mesmo, cara á superpoboación carceraria, que imposibilita a posta en práctica de tratamentos individualizados e propicia a proliferación de hábitos de comportamento contrarios á resocialización. Se do que se trata é de dirixirse cara a un sistema penal que incorpore formas de vida e actividades similares ás da vida normal, razoa, cada prisión

⁷¹ O seu modelo de clasificación penal enmárcase, en calquera caso, na súa proposta global de racionalización das estruturas organizativas das prisións e de creación de persoal profesionalizado con repartición de funcións e nas que se alzaprimasen as relacionadas coa educación e a reinserción: vid. García Martínez, «Reflexiones...», cit., p. 93.

⁷² Este sistema —exportado aos países nórdicos ao longo do século XIX— contemplaba un réxime de illamento celular completo (diúrno e nocturno) destinado a evitar o contaxio criminal. Os internos non levaban a cabo ningún traballo, por entenderse que podería distraelos do seu recolloemento e arrepentimento. Con posterioridade terminaría por admitirse o traballo na propia cela, co único obxectivo de terminar coa monotona. Concepción Arenal cualificábao como «contra natura», se ben nos últimos días da súa vida puxo en valor algunhas das súas características. Vid. Leganés Gómez, *La evolución...*, cit., pp. 26 e 27.

⁷³ Na aplicación sistemática da prisión preventiva vía unha flagrante vulneración do principio de presunción de inocencia, sobre todo no caso das persoas e colectivos máis pobres e desamparados. Vid. García Martínez, «Reflexiones...», cit., p. 87



DOÑA CONCEPCIÓN ARENAL

Neerol6xica da *Revista General de Legislaci6n y Jurisprudencia*. 1893, n. 82.

nunca debería acoller máis de cincocentos reclusos. Merecen mencionarse neste contexto as súas reflexións sobre a situación xeneralizada de insalubridade que padecían os cárceres españois, coa acumulación dos presos en edificios (vellos, descoidados, mal ventilados, apenas iluminados) que non foran predeterminados a un uso carcerario. As súas preocupacións nese terreo aproxímanas a Rafael de Salillas, inspector de servizos sanitarios das prisións e autor de diversos estudos estatísticos centrados nas patoloxías carcerarias e a mortalidade dos reclusos.

* * *

De ideas claramente reformistas, Concepción Arenal destaca a relevancia do contexto social no que se produce o delito e a necesidade de reformar os cárceres e os sistemas penais para darlles unha orientación rehabilitadora. Filla do seu tempo, o seu pensamento non se subtrae, con todo, a importantes contradicións, mesmo naqueles ámbitos nos que se mostra decididamente progresista. Apaixonada defensora dos dereitos dos presos, é partidaria de que unicamente se lles permita o acceso aos libros da biblioteca da prisión ou aos que autorice o director, que non debería dar permiso para que se lean periódicos políticos, «polo menos». A pesar do seu activismo constante no terreo reivindicativo da educación feminina, mostra unha actitude de absoluta indiferenza (do mesmo xeito que Pardo Bazán) con relación aos dereitos políticos para as mulleres —por exemplo, a demanda do voto, que aparece por vez primeira na década dos vinte, co cambio de conxuntura política—. Pola súa banda, ás únicas presas ás que lle recoñece o dereito a teren consigo os seus fillos menores é ás preventivas, posto que o réxime a que se ve sometida unha muller condenada a prisión convértea en «a peor das amas de cría». Socióloga e investigadora social antes que penalista, partidaria dun sistema penal moderno que fixese posible a corrección do penado, as súas aspiracións reformistas materializaranse coa chegada da segunda República.

O VISITADOR DO PRESO

NOTA DOS TRADUTORES

A edición de *El visitador del preso* empregada para esta tradución foi a publicada como tomo décimo terceiro das obras completas de Concepción Arenal. En concreto, o texto seguido foi o máis antigo que nos foi posible manexar: o publicado en 1896 en Madrid pola *Librería de Victoriano Suárez*. A edición consta de 258 páxinas, cunha referencia no inicio ás obras de Concepción Arenal concretada nos XII tomos publicados ata entón das súas *Obras Completas*, e péchase cun índice dos XXI capítulos dos que consta *O visitador do preso*. A razón da elección da edición de 1896 para a tradución, pese as dificultades de manexo dun libro con eses anos, non é outra que a vontade de verter ao galego o texto orixinal en castelán que máis se asemella, sen dúbida, ao escrito por Concepción Arenal.

Ademáis da citada edición, tamén tivemos en conta a publicada en 1946 polo mesmo editor (agora denominado *Librería General de Victoriano Suárez*), que consta de 212 páxinas, e que non contén diferenzas no texto coa orixinal, máis alá de adaptar algunhas regras ortográficas á norma vixente: por exemplo, a preposición *a* e a conxunción *o*, que no texto de 1896 aparecen invariablemente con acento gráfico, deixan de levalo no texto de 1946.

Por outra parte, hai numerosas edicións modernas desta obra. En xeral reproducen con fidelidade o texto orixinal. Tamén hai numerosas traducións; entre elas, sen dúbida, merece ser destacada a tradución francesa que foi publicada antes que a orixinal española, e da que nos consta a existencia dun exemplar no Museo de Pontevedra. Polo que se refire ás edicións dixitais cómpre facer referencia á versión *on line* da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, edición, coma todas as dese portal, extraordinariamente coidada, e que reproduce fielmente o texto publicado nas súas *Obras Completas*; en concreto, a súa ficha fai

referencia á edición de 1896, se ben o texto aparece no portal da internet acomodado ás regras ortográficas actuais.

Na tradución ao galego decidimos respectar practicamente en todos os casos a tipoloxía dos caracteres empregados na edición orixinal (maiúsculas, cursivas, grosas...). Así, por exemplo, respectamos o emprego das maiúsculas nas rúbricas dos capítulos e en palabras ou frases determinadas; tamén a maiúscula inicial despois de dous puntos ou cando se fai un uso singular delas, por exemplo, escribindo Patoloxía, Fisioloxía ou Anatomía. Tamén mantemos, dende logo, en letra cursiva as palabras ou as frases que así aparecen no texto orixinal, e que son abondosas. Arenal utiliza con profusión a cursiva na súa función máis propia de dotar de énfase unha palabra ou unha frase, por exemplo cando quere contraponer adxectivacións ou expresións adverbiais (*fatalidade social* v. *fatalidade orgánica*; *algúns* v. *todos*; *partidarios* v. *inimigos...*), e tamén cando se refire a algúns nomes propios (*Elmira*) ou reproduce refráns (*O que moito fala moito erra*).

Pola contra, na tradución galega corriximos o abuso que no texto orixinal se fai do *leísmo*, e que, de manterse, dificultaría moito, cremos, a súa lectura, podendo afectar, incluso, a interpretación e significado dalgúns dos seus parágrafos. É escusado dicir que non se ten en conta a acentuación gráfica que no orixinal de 1896 se fai das vogais illadas, a preposición *a* e as conxuncións *e*, *o* ou *u*, seguindo os criterios ortográficos da época¹, pero que para nada afecta o texto galego. Tamén nalgún caso facemos corrección de oficio dalgúns vocábulos que non poden máis que considerarse erros evidentes. Así por exemplo,

¹ A *Ortografía* da Academia de 1763 sostén que «as vogais *a*, *e*, *o*, *u*, acentúanse cando se atopan soas formando parte da oración, coa finalidade de indicar que a súa pronuncia é illada das vogais que lles poidan anteceder ou proseguir». En 1870, a Academia non experimenta ningún cambio con relación á edición citada de 1863. En 1880 a *Gramática de la Lengua Castellana* (páx. 336) engade: «A preposición *á* e as conxuncións *é*, *ó*, *ú*, acentúanse ortográficamente por costume e non por ningunha razón prosódica». Este é o criterio que respecta o texto de 1896 que seguimos para a tradución.

aínda que no texto orixinal, na páx 8, aparece *enfermero* é evidente que a autora quere dicir *enfermo*, e así o reflectimos na versión galega.

O texto de 1896, e os posteriores, ten algunhas notas no pé de páxina. No texto orixinal figuran cunha numeración independente por páxina, polo que todas figuran cun 1, entre paréntese, como chamada na caixa de texto. Nós preferimos, para a tradución, facer unha numeración consecutiva e ininterrompida de todas elas, incluíndo tamén na secuencia as notas dos tradutores que introducimos, sobre todo, coa fin de identificar algunha persoa citada, e que pode resular descoñecida ao lector por ser de escasa relevancia, ou algunha cuestión moi específica do eido penitenciario.

Queremos agradecer a Marisol López, profesora de galego na USC, a revisión que fixo dalgunhas partes do texto e os consellos que nos achegou para resolvermos algunhas dúbidas de tradución. Tamén agradecemos a Fran Méndez, director da Biblioteca «Concepción Arenal» da USC, a súa colaboración para facilitarnos algúns libros (nestes meses nos que estivo limitado o acceso libre a eles por razóns sanitarias), así como algunhas das fotografías que figuran no prólogo e que forman parte do material da exposición que a USC dedicou á escritora no Colexio de Fonseca co gallo do bicentenario do seu nacemento neste ano 2020.

A Monsieur G. Bogelot²

*Aínda que Vde. non sabe español, ao ver o seu nome á fronte
d'O visitador do preso traducirá co seu corazón o que co meu
escribo. A modestia ten os seus dereitos; non negue Vde. aos seus
á gratitude, que é un doce sentimento,
pero a condición de que non lla sufoque.*

Concepción Arenal

² A tradución francesa d'O *visitador do preso* estaba mal feita e mal escrita para que puidese darse á imprenta. Mr. Bogelot corrixiu e copiou da súa propia man todo o libro, o libro dunha persoa que non coñecía, e só por amor do asunto, é dicir, da desgraza menos amable; e isto fíxoo cunha abnegación tan activa e un entusiasmo que me con-moveron profundamente, porque para min non hai espectáculo tan fermoso como o da beleza moral.

ADVERTENCIA³

A quen se dirixe este libro? Parece que leva no título o enderezo. A quen ha de dirixirse senón aos que visitan as prisións? Pero, segundo pode inferirse de pareceres autorizados, haberá dúas clases de visitantes: uns que irán en nome da ciencia, outros da caridade; uns cuxo obxecto será estudar o delincuente, outros que se propoñerán consolar o home, ensinarlle mentres estea preso e amparalo cando saia. Non nos diriximos aos visitantes científicos; nin temos ciencia para darlles leccións, nin fe no resultado da súa visita, se ha de facerse, segundo indican, visitando o recluso na prisión como se visita o enfermo na clínica; continuamos pensando o que dicíamos hai seis anos no *Bulletin de la Société Générale des Prisons*, e repetimos en *La Nueva Ciencia Jurídica*: «As observacións deben facerse, case diríamos sen a idea de facelas, ou polo menos sen manifestar que se fan. O médico que procura curar ou aliviar o enfermo; o profesor que desexa ensinar ao recluso; o capelán e o visitante que queren corrixilo e consolalo prometéndolle protección para o día en que recobre a liberdade; o empregado que se esforza para facer o seu cativerio menos triste, non coas compracencias da debilidadade, senón aplicándolle con pesar a lei cando é dura, con gusto cando permite algún alivio, e non faltando nunca ás formas, á consideración que ningunha persoa digna nega á debilidade e á desgraza, estes son os que, vendo o delincuente nas horas en que se resigna e en que se desespera; cando forma plans de vinganza ou fai propósitos de emenda; cando maldí ao que declarou contra el, ou chora recordando a súa nai; nos días en que mente e noutros en que di a verdade; nos momentos en que se concentra impenetrábel ou mostra un azo expansivo, estes son os que, *un logo doutro e a soas* co delincuente, poden aprender algo do que pasa polo seu corazón e fornecer datos para a súa psicoloxía».

³ O *visitador do preso* escribiuse en 1891. A tradución francesa fíxose en 1892 e imprimiuse antes que a edición española.

Identificarmos os delinquentes cos enfermos e os cárceres cos hospitais, non nos parece razoable. A clase práctica dos alumnos de Dereito penal, co seu profesor á fronte, visitando as prisións para estudaren os delinquentes, cremos que non tería nada de *práctico*, aínda que baixo outros puntos de vista poida ser de utilidade; e non é que abriguemos prevención algunha contra semellante visita; ao contrario, congratulámonos de que, en calquera concepto, as persoas honradas entren nas prisións, porque o peor que pode suceder é que non entre ninguén, como sucedeu ata aquí; non serían o que son, nin pasaría o que pasou, e en moitas está pasando, sen o illamento en que as deixou a indiferenza pública. Benvidos sexan os que queren entrar nelas cun obxecto plausible, aínda que quizais non sexa realizable, porque a súa presenza alí, se non fai o ben que se propoñen, fará outro. Dignos de aplauso son, e acredores á gratitude, os que queren ir estudar o preso, porque contribuirán a poñer en comunicación o mundo rexido pola lei penal co mundo que non esta baixo o seu imperio, e que a conciencia pública, que fai ou deixa facer as leis, saiba o que son na práctica, e o que significa un ano, dez anos, vinte anos de presidio⁴. Isto ignóranlo, non só o público,

⁴ Escrito o que antecede, vimos na *Rivista de discipline carcerarie* un resumo dos regulamentos das prisións de Prusia, e lido con asombro, con verdadeiro asombro, o seguinte:

«SEGREGO:

»Os empregados deben gardar absoluto segredo respecto a todo canto se refire aos asuntos do servizo, que nunca deben ser divulgados ou comunicados ao público; toda contravención a tal prohibición debe castigarse severamente, ata coa destitución do emprego sen dereito a retiro. A fin de asegurar o segredo, os empregados deben absterse de comunicar aos membros da súa familia, nin aos seus criados, nada que se refira ao servizo do Establecemento. Os empregados, aínda cando xa non estean en servizo activo, sen permiso da última autoridade a cuxas ordes estiveron non poden ser testemuñas en *causa civil ou criminal* respecto a circunstancias relativas a asuntos do servizo, respecto as cales estaban obrigados a gardar silencio».

Estas disposicións máis parecen dirixidas aos verdugos da Inquisición en tempos de fanatismo relixioso e de ignorancia que aos funcionarios dun pobo culto en alto grao e ao finalizar o século XIX. Que pasa nas prisións prusianas que é preciso ocultalo custe o que custe dos ollos do público? Se o que alí sucede é bo, que inconveniente hai en que se saiba? Se malo, debe saberse para remedialo. O público, é algunha fera, algún tolo, algún ignorante incapaz de vulgar a sabedoría e a humanidade das prisións de Prusia? O público non é feroz nin necio, é *indiferente*; por iso pódesele dicir atrás! con insolencia sen que se resinta. Semellantes disposicións non convencen máis que da necesidade de combatelas.

senón os tribunais que impoñen esas penas. Agora que está en uso comparar os delincuentes cos enfermos, pode dicirse que o xuíz, salvo excepcións, é un médico que descoñece a composición e os efectos da menciña que receita.

Aplaudindo, como con toda sinceridade aplaudimos, o movemento científico que impulsa a estudar o delincente encarcerado, continuamos crendo que ese estudo non pode facerse colectivamente e en masa polos estudantes de Dereito; desta crenza participan persoas cuxo voto é máis autorizado que o noso. Mr. Lacointa opina que a visita científica se faga por dúas, e Mr. Ivan Jouriski non quere que se reúna con frecuencia a *estudiantescas* nos cárceres, e xulga que bastarán cinco visitas ao ano.

Outro dos motivos que temos para congratularnos de que a visita das prisións forme parte do ensino do Dereito penal é a esperanza de que os visitantes científicos (algúns polo menos) se convertan en visitantes caritativos; a ciencia e a caridade teñen grandes afinidades, e non será difícil que quen entrou para estudar o delincente saia compadecido do home.

En todo caso, repetímolo, as nosas observacións non se dirixen ao visitador científico.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DA APTITUDE PARA VISITAR O PRESO

«Cando o visitador dun preso fai esta reflexión: *Vou ver un home, ao cal me parecería se Deus me tivese deixado da súa man*, ten o programa máis completo da súa misión, e non lle faltarán palabras desas que chegan á alma».

Isto, que dicía César Pratesi ao Congreso penitenciario internacional de Estocolmo, contén a lección máis profunda que pode recibir o visitador que as necesite. A modestia, a verdadeira modestia sentida e razoada, é calidade indispensable; sen ela, a soberbia e a arrogancia, aínda que non sexan insolentes, aínda que non sexan francas, aínda que estean contidas e ocultas ao parecer do arrogante, serán visibles para o ollo perspicaz do que humillan. Cando entre dúas persoas unha crese superior a outra en cantidade que puidese dicirse infinita, é pouco menos que imposible non revelar semellante convencemento sen que diso se aperciba o que o ten.

Dirase talvez que non hai dereito no delincuente para esixir que o home honrado o trate como a igual: certo; pero como a cuestión non é de dereito, nin legal, como é moral e afectiva, como se trata de influír para o ben no *íntimo*, de penetrar nunha alma que ás veces é un abismo, de conmover un corazón que contribuíron seica a empedernir as arrogancias oficiais e mundanas, non se chegará a el marcando diferenzas, senón procurando borralas: non é o cabaleiro que como un rei descende do seu trono, é o home que compadece, e sen esforzo, non *se pon, atópase* á beira doutro home que sofre. O consello de Pratesi parte da suposición de que o visitador cre en Deus e na súa Providencia. E o que non crea?

O ateo, o incrédulo, o materialista, se é compasivo e razoable, aínda pode ter maiores motivos para compadecer e ser modesto. O preso non o está por culpa súa, senón pola súa adversa sorte e a súa mala organización; o seu visitador non goza de liberdade

por virtuoso, senón por afortunado; herdou boa organización e unha fortuna ou medios de adquirila, e atópase cabaleiro e honrado, como o outro canalla e criminal. O dano que fixo o un e o ben que fixo o outro, brotaron como dúas plantas diferentes porque proceden de distinta semente. Para o que así pensa non hai delincuentes, senón desgraciados; e se sente algo, que si debe sentir, cando os visite no cárcere, ¡que poderoso motivo para compadecelos, e que razón tan forte para non desprezalos!

Logo da compaixón e da modestia sentida ou razoada, a perseveranza é unha calidade indispensable para o visitador do preso. A vontade, que entra xa que logo na vida do home, entra aínda por máis na do visitador como tal; o que non a teña firme, perseverante, busque para facer ben outro medio máis fácil que consolará os delincuentes e contribuír á súa emenda. Nesta empresa hai descalabros frecuentes, triunfos difíciles, desenganos amargos, leccións severas; se as vanidades puidesen curarse, sería boa para curalas; é de desexar que polo menos os afaste, porque entrarán nela sen éxito e retiraranse con dano. O que por falta de perseveranza se afasta desta piadosa obra, sen quere-lo e sen sabelo desacredita; a fuga polo común non se confesa, e é difícil razoar a retirada sen prexuízo dos que combaten. A asociación padece máis ou menos no concepto público, e non gaña nada no dos reclusos, que non pode visitar con froito o que os deixa por cansazo.

Corazón, modestia, perseveranza: velaquí o esencial, ao noso parecer, para visitar con froito o encarcerado. Non son necesarios dotes excepcionais, nin calidades brillantes, e aínda poderá suceder, e sucederá moitas veces, que un home en aparencia vulgar faga máis ben que outro máis intelixente e máis instruído: o corazón e o carácter influirán no preso máis que a razón superior e os vastos coñecementos; os hábitos intelectuais moi elevados, poden ata ser un obstáculo para facerse comprender de persoas afeitas a discorrer pouco e mal; este é outro motivo de modestia, ou outra proba a que a pon o visitador que sexa ou se

teña por docto, porque as categorías sociais ou intelectuais non corresponderán sempre, nin seica as máis veces, ás que deben establecerse entre os visitantes; neste caso convirá que procuren combater certa tendencia que todos temos a considerar unha vantaxe como título para obter outras.

É de supoñer e de desexar que os presidentes dos padroados non se ceguen por calidades brillantes ou posicións elevadas; que sinalen o traballo máis difícil ao obreiro que sexa, non que pareza, máis apto, e que a xerarquía caritativa se aparte, se é necesario, da social ou intelectual.

CAPÍTULO II

QUE É O DELITO?

Moralmente considerado, como o visitador debe consideralo, o delito é, en última análise, un acto de egoísmo en que o delincente prescinde ou quere o dano doutro polo seu proveito ou polo seu gusto, por cálculo exacto ou errado, ou cedendo ao impulso dalgún desordenado apetito.

Sobre a base do egoísmo prepara as súas rapinas a cobiza, as súas falsedades a calumnia, os seus atentados a luxuria, e os seus horrores a crueldade e a vinganza. As inclinacións, as circunstancias, os medios persoais ou sociais de que dispón o egoísta, fan del un pícaro legal, un pícaro fóra da lei, que infrinxe segundo as situacións nas que se atopa, e segundo os seus instintos e facultades impeleno ou conteñeno nun ou outro sentido.

O egoísta, ataque a facenda, a honra ou a vida; empregue a astucia ou a violencia; sexa cauto ou temerario, varía de especie, pero está sempre dentro do xénero, e polos graos do seu egoísmo poden medirse os da súa culpa. A pouca sensibilidade, compañeiro inseparable ou unha das fases do egoísmo, graduase coma el, e con el fai duros e crueis.

O delito é, pois, egoísmo e dureza.

Dirase talvez que persoas que non son egoístas nin crueis, obcecadas pola paixón cometen delitos graves; pero no momento de cometelos crueis e egoístas foron, e porque a mala disposición do seu ánimo sexa pasaxeira non deixa, mentres dura, de ter os elementos xerais da maldade.

Hai quen se admira do egoísmo dos presos; nós admirámonos de que non sexa maior. Todo o mundo sabe que os enfermos son egoístas, e non se lles fai un cargo porque o sexan. ¡Padecen!, e esta soa consideración desarma todas as severidades. O delincente ten o dobre egoísmo do desgraciado e do culpable, con máis a propensión a ocuparse moito de si mesmo quen se ve abandonado de todos. Este último elemento pode perder moita

forza ou desaparecer baixo a influencia da caridade; o que vén a nós piadoso, atráenos cara a el, sácanos de nós mesmos; que non hai consolo sen a unión máis ou menos duradeira, máis ou menos íntima do consolador e do consolado; se o preso experimenta ese consolo, templarase a acitude producida pola indiferenza, sendo aquel eu desordenado e absorbente menos empedernido baixo a influencia da abnegación.

Con saber que en última análise é egoísmo o delito, non temos del senón un coñecemento parcial, insuficiente para a práctica, porque en acción, lonxe de ser simple, é composto, e consta de elementos varios que, segundo a súa natureza e modo de combinarse, danlle maior gravidade e pertinacia.

A apatía con intervalos de actividade desordenada que o folgazán volve contra a vida, a honra ou a facenda allea; a excitación agre de aspiracións sen medios honrados de satisfacelas; as veleidades dun ánimo inqueda que, lonxe de axustar a vida a un plan racional, déixaa oscilar en direccións distintas e aínda opostas, a mercé do caso fortuito ou do impulso momentáneo; a idea fixa dalgún fin que non repara nos medios; as concupiscencias que piden para os sentidos goces que obteñen, ou polo menos buscan, prescindindo do honor e da xustiza; a paixón ou o instinto que rompe todos os freos; os accesos do furor ou o cálculo frío da crueldade; o atordamento confuso dun ánimo desequilibrado que substitúe o erro á verdade, a apetito á conciencia e a toda razoable previsión do porvir; o ansia avasalladora dun goce presente; a ignorancia, o esquecemento ou o desprezo do que o deber manda en nome da relixión, da moral e da xustiza: algúns ou moitos destes elementos forman o desgraciado composto que se chama delito. O que ha de combatalo ten que analízalo; mais *analizar* para o que fai a análise non é *simplificar*, senón *penetrar* no labirinto da conciencia humana extraviada, da razón insuficiente, avasallada ou cómplice do apetito, e ver a ramificación dos impulsos e a complicación das súas consecuencias.

As identidades que a lei supón e ordena simetricamente a disciplina, hai que repetilo, son as máis veces ilusorias, e o visitador procurará partir da realidade, de que o delito, como toda acción humana, é complexo, e para combatelos hai que coñecelo, a fin de apropiarse no posible os medios de corrección ás causas da culpa.

O desexo do propio ben, que non condicionado nin contido constitúe o egoísmo culpable, é diferente en graos e persistencia; nalgũa clase de delitos pode chamarse *pasaxeiro*, e desaparece coa circunstancia excepcional que o excitou e puxo de manifesto; pasada esta, pode ser compatible ata coa abnegación. Cantos casos hai de perversos para os que odian, e bos en moi alto grao para os que aman! Cantos condenados por ataque ás persoas, que arriscan a vida por salvar a doutro, por defender a patria! Isto proba que, aínda preponderante o egoísmo, é raro que, como estado permanente e definitivo, se apodere de todo o home; non pensar máis que, en si mesmo, e non pensar nunca en si mesmo, é dicir, a santidad e a maldade no último grao, son extremos raros; no medio está o común dos homes, que non prescinden absolutamente dos outros nin de si, e a gran variedade de egoístas hipócritas que a opinión respecta e aínda aplaude; egoístas legais que viven en liberdade, e egoístas ilegais que se reducen a prisión. O seu delito, egoísmo desbordado, como volverá a canalizarse? Este é o problema.

CAPÍTULO III

QUE É O DELINCUENTE?

Para a forza pública, o delincente é un home ao que persegue co obxecto de prendelo; para o xuíz, é un home que infrinxiu tal ou tales artigos da lei, e a quen hai que aplicar tales outros; para o empregado na prisión, un home que permanecerá nela meses ou anos, e que, segundo estea ou non ben organizada, procurará que traballe, que se corrixa, ou soamente que non alborote, nin se escape. O director da penitenciaría, o empregado que comprende e quere cumprir a súa elevada misión, necesitan e queren saber algo máis, e polo que resulte da causa decátanse dos antecedentes do penado antes de cometer o delito, da clase e circunstancias deste, de se é ou non é o primeiro, da súa conduta no cárcere, tendo en conta ademais a que observa na prisión.

Con todos estes datos, o visitador quedará talvez cheo de dúbidas, de perplexidades, ou fará afirmacións diversas ou opostas, e que haberán de influír no seu modo de proceder e nos resultados que obteña.

O home, ¿é un ser racional que pode absterse da acción reprobada ou realizar a acción laudable, segundo sexa a súa vontade, ou é o escravo do seu organismo, e fai o mal sen culpa e o ben sen mérito? Compréndese que, segundo a resposta que se dea a esta pregunta, formarase unha idea moi diferente do home, e *se hai lóxica*, ao tratar de consolalo e corrixilo procederíase de moi distinto xeito.

Dicimos o *home*, porque aínda que hai autores de ciencia e autoridade que prescinden do que é o home para non ocuparse máis que do criminal, isto non é científico, nin serio. Eles, que tanto gustan de equiparar os delincentes aos enfermos, sería de ver como ensinaban Patoloxía sen saber Fisioloxía nin Anatomía; como determinaban os trastornos dun órgano ignorando as súas funcións normais, e como definían a enfermidade descoñecendo o que é a saúde. A idea que se forme do delincente ten que

corresponder á que se teña do home, dígase ou non se diga, véxase claro ou non se vexa.

Os asuntos non se cortan por onde quere o que os trata; hai que tomalos como son, con todas as súas dimensións, e o que contra razón e lóxica os mutila por fuxir da dificultade, cae no erro. Por causas que non debemos investigar aquí, nas prisións hai individuos de hospital, de manicomio e de hospicio, que teñen deficientes ou trastornadas as súas facultades intelectuais ou sofren os accesos, os arrebatos ou os abatements dalgunha grave enfermidade. Á parte destes casos, que é de desexar e presumir que serán máis raros cada vez, a *maioría* dos delincuentes son homes que teñen cos que non delinquiron *máis semellanzas* que *diferenzas*, sen o cal sería van empeño tratar de consolalos, nin de corríxilos. Para rectificar os seus erros partimos da *nosa* razón, considerándoa idéntica á *súa*, se non en *cantidade*, en *calidade*; como, se non, habiamos de comprendelos, nin eles entendernos a nós?

O gran matemático e o que non sabe máis que aritmética elemental difiren na extensión dos seus coñecementos, pero concordan en que dous e dous son catro, en que unha cantidade da que se subtrae unha parte diminúe, e se se lle engade aumenta, etc. O que quere dar a un delinciente, sexa instrución primaria, sexa nocións dalgunha ciencia ou arte, segue os mesmos procedementos que para ensinar ao home máis virtuoso, e aprenderá mellor ou peor porque teña máis ou menos aptitude ou mellor ou peor vontade de aprender, non porque sexa máis ou menos honrado. Na esfera intelectual non hai diferenza entre o que a lei condena e o que non infrinxiu a lei: un docto pode ser malo, e un ignorante pode ser bo.

Na esfera moral, na afectiva, aparecen as diferenzas, pero a análise acha as semellanzas.

Prescindindo, como dixemos, dos casos patolóxicos, dalgúns monstros que non se teñen por enfermos, aínda que probablemente estaran, e que, estéano ou non, son excepcións, a regra é

que o delincente que infrinxe a lei moral non a descoñece; que aínda que faga mal, comprende o ben; que aínda que profane moitas cousas santas, hai outras que respecta. Naquela masa considerada por moitos como homoxénea, e na que todo é preternatural, hai moito de natural, de humano, ás veces de sublime; si, de sublime, aínda que a afirmación lles pareza ridícula aos que están máis dispostos a rir que a observar.

Os sentimentos de familia é raro que falten de todo, e algunhas veces é grande o agarimo aos pais, aos fillos, aos irmáns, á esposa. O amor á patria e á humanidade revélase en ocasións con risco da vida.

Os xornais dan noticias dos delitos que nos presidios cometen os presidiarios, pero non das súas boas accións, tan difíciles e tan meritorias; o que tratase de investigalas e as publicase, prestaría un gran servizo. Se algún, cos medios de que carecemos, emprendese esta boa obra, pode encabezala co feito que acabamos de saber⁵, dun penado italiano que se suicidou para que a súa muller puidese casar cun home que mantivese os seus fillos, sumidos na maior miseria. Supoñemos que, distinguindo o *sacrificio* do *suicidio*, non se nos acusará de eloxiar accións dignas de vituperio.

O que infrinxe as leis, está claro, *non é idéntico* ao que nas *mesmas circunstancias* as respecta; pero non é tampouco desemeillante en absoluto: talvez non hai entre os dous máis ca unha pequena diferenza, que bastou para inclinar a balanza ao lado do mal. Subliñamos as circunstancias, porque ás veces non son as mesmas senón en aparencia, e en realidade houbo facilidades ou dificultades para o ben que non se aprecian, que son difíciles ou imposibles de apreciar. Aínda supoñendo que as diferenzas sexan grandes, quedan bastantes semellanzas, polo común, entre o home delincente e o home honrado para que exista entre eles unha especie de zona moral e afectiva común, na que poden entenderse e influírse.

⁵ Refírese na parte oficial da *Rivista de discipline carcerarie*

O obxecto deste libro, xa se comprende, non é discutir teorías; pero cando se atopan como un obstáculo para o ben, preciso é protestar contra elas. Hai unha escola que ten grandes méritos e maiores ousadías e que considera o delito como un produto *necesario* da organización do delincente. En virtude destas afirmacións, moitos cren, ou están dispostos a crer, que o delincente é un ser monstruoso fácil de coñecer, imposible de corrixir, que herdou o crime, tan inevitable para el, como unha enfermidade á que non contribuíse coas súas imprudencias ou os seus excesos. Coas teorías dos mestres, as esaxeracións dos discípulos e as maiores dos partidarios, que teñen opinión e ás veces voto en asuntos dos que non teñen idea exacta, pode formarse unha atmosfera moi pouco favorable para que o penado atope na sociedade o apoio que necesita se non ha de vivir en loita constante con ela.

Unha arma, por certo máis cómoda que nobre, emprégase ás veces contra os que sosteñen que o home delincente non perde, polo xeral, as calidades esenciais de home: esta arma é a cualificación de *visionarios*, cualificación que, ao parecer, ofende pouco, pero que desacredita moito e non obriga a probar nada. A dicir verdade, se é posible perderse nas nubes, tamén nos subterráneos e nas cloacas; e sobre deixar a superficie terrestre, é preferible que sexa cara arriba que cara abaixo; pero procuramos estar nela, *non perder pé*, como din, non admitir como probas as afirmacións atrevidas, nin dar por pescudado o que se trata de pescudar, nin crer que se chega á verdade variando de dogmatismos.

Mentres outra cousa non se nos probe (que non se nos probou), continuaremos pensando que o delincente, salvo excepcións patolóxicas probablemente en todo caso raras, é un home que ten as calidades esenciais de tal. É moralmente libre? Pode elixir entre o mal e o ben? A humanidade cre que si; unha escola repite (porque hai moitos séculos que se dixo) que non. Desde que houbo pensadores houbo fatalistas, no fondo iguais, e variando cos tempos na forma: a de agora trae grande aparello

de ciencia e de arte; pesa, mide, analiza, pedindo á balanza, ao escalpelo e ao microscopio máis do que probablemente poderán darlle, máis do que seguramente ata agora lle deron.

Parece que, coa novidade do traxe, o fatalismo moderno crese novo, e ten bríos de mocidade e aínda alborozos de neno. A *nova* que trae é moi *vella*; compréndese que, por convencemento ou polas esixencias do sistema, se proclame *verdadeira*; pero o incomprendible é a satisfacción e os aires de redentores que toman os que fan unha afirmación tan desconsoladora. Cabe maior desventura que nacer, vivir e morrer baixo o imperio da fatalidade orgánica, e ser execrable e execrado porque na masa cerebral había un pouco máis de fósforo, ou no sangue un pouco menos de ferro? Caso de que esta fose a verdade, ¿pode anunciárselle ao home con ademán altivo e ánimo compracido? É como dicirlle a un enfermo: «O que vostede ten é un cancro, enfermidade incurable, dolorosa, terrible; pero eu teño unha satisfacción en anunciarllo a vostede porque o pescudei e non cabe dúbida».

Malia as negacións dos fatalistas, a humanidade continuará afirmando o libre albedrío e poderá dicir como Gertrudis Avellaneda⁶:

«Nunca, se for erro, a verdade vexa».

Polo demais, non hai que deixarse avasallar por arrogancias máis ou menos científicas. Aínda que arrogante e desdeñoso, o dogmatismo do microscopio, do escalpelo e da balanza terá, como todos os outros, que render contas á razón; cando transcorra o tempo necesario para que pasen todos os ofuscamentos, os erros desvaneceranse, brillarán as verdades, e a dúbida seguirá proxectando a súa sombra eterna sobre os problemas insolubles.

⁶ Gertrudis Gómez de Avellaneda foi unha novelista, dramaturga e poetisa cubano-española do Romanticismo. Instalada en España aos vinte e dous anos, comezou a publicar baixo o pseudónimo de «La Peregrina» e deuse a coñecer coa novela *Sap*, considerada a primeira novela antiescravista [N. dos T.].

Mais, para os homes de acción, os xuízos que se suspenden son ás veces enerxías que se debilitan, e deplorable sería que ningunha teoría retraese da práctica da caridade o visitador do preso que vise ou se inclinase a ver no delincente un ser completamente anormal monstruoso, herdeiro e causante de iniquidades.

Como o éxito é cegador e a escola antropolóxica encomia os seus éxitos, será ben notar que, malia as súas teorías de exterminio de facer o verdugo colaborador eficaz da perfección da especie, a pena de morte desaparece duns Códigos, outros limitan os casos en que se impón, unha vez imposta execútase só por excepción, a conciencia pública rexéitaa cada vez con máis forza, e sen ser profeta pódese vaticinar que desaparecerá; será ben facer notar que, malia as teorías do fatalismo orgánico e do desdén (por certo moi pouco científico) de que é obxecto a escola correccionalista, no mundo civilizado, non só *penar* veu a ser sinónimo de *corrixir*, polo menos na mente do que fai a lei e do que a aplica; non só a *liberdade condicional* é a esperanza na corrección do penado, esperanza que os feitos confirman, senón que se apraza a execución da pena, esperando que sen ela, e con só a ameaza, se corrixirá o culpable, e ata non se lle sentencia a pena ningunha, e no canto de levalo ao tribunal pónselle baixo a protección dunha autoridade tutelar que procura, e segundo parece consegue as máis veces, que non volva infrinxir as leis. Cando a execución da pena se apraza ou cando a sentenza non se pronuncia, certo que o acusado ou o penado non o é por delito grave; pero son miles, moitos miles en cada país, os que por delitos leves sofren a corrupción e a infamia da prisión, e os que ao saír dela achan a dificultade ou a imposibilidade de vivir honradamente, e que os empuxa á reincidencia; eles son o viveiro de onde, por unha especie de *fatalidade social*, sae as máis veces o delincente que se presenta como proba da *fatalidade orgánica*.

Os grandes sacrificios pecuniarios que hoxe se fan para corrixir o penado, as leis que abrevian o prazo da pena ou a

suspenden ou non chegan a impoñela, as maiores facilidades para a rehabilitación, o incremento das asociacións que visitan o recluído e ampáranos cando recobra a liberdade, todo este conxunto de ideas e de sentimentos, de leis e de accións, non é fermoso? Non é consolador⁷? Non é viva protesta contra teorías inhumanas e desesperadas? Non é unha proba de que o mundo espera triunfar de todos os fatalismos con xustiza e caridade? Que tal sexa a esperanza do visitador do preso, e en mal hora viría quen en nome da ciencia tratase de entibiar a súa fe.

⁷ Ao escribir isto, con pena e con vergonza dicímolo, non pensamos en España senón para doernos de que non se lle poida aplicar.

CAPÍTULO IV

QUE LINGUAXE DEBE EMPREGARSE CO PRESO?

A caridade que leva a visitar o preso, inspirará as palabras que convén dirixirlle co propósito de influír nos seus sentimentos; pero se se pretende convencer a súa razón, talvez haxa que substituír en moitos casos os impulsos espontáneos polos procedementos reflexivos. Respecto de sentimentos, aqueles dos que non se participa *sobran*, pero non *prexudican*; o preso, como calquera outro home, recibe segundo a súa capacidade afectiva; o que excede dela é para el coma se non fose, pero non destrúe a influencia da parte da que participou. Co razoamento non sucede o mesmo: o que non se comprende, non só se perde todo, senón que talvez se converte en dano, polo que fai con frecuencia comprender unha razón a medias e encher o baleiro con algún erro que disfrazan e fortifican aparencias de verdade.

As persoas que teñen o hábito de tratar a xente culta e honrada, poderán non empregar os medios máis apropiados de persuadir un delincuente rudo ou que teña pervertido o sentido moral; nestes casos a linguaxe debe ser sinxela, nunca groseira, pero corrente, moi corrente, poñéndose, en canto sexa posible, se non a nivel, moi pouco máis arriba daquel a quen se intenta convencer. Se nas discusións empeñadas sobre cousas arduas conviría fixar ben de antemán o valor e sentido dalgunhas palabras, aínda máis necesario é saber o alcance e significación que teñen para o home rudo ou extraviado a quen intentamos persuadir; nestes casos poderá ser necesario explicar a significación de moitas, labor parecido á do que tivese que facer o camiño por onde quere andar. Sen asegurarse de que unha frase foi ben comprendida non se debe aventurar outra, porque cunhas cantas que se empreguen e non se comprendan pode formarse un labirinto intelectual do que non saia o visitado nin o visitador. As comparacións son un bo auxiliar sempre que se busquen para comparar obxectos apropiados e próximos e coñecidos, e que non se pretenda substituír con elas os razoamentos.

O poder da repetición, que o P. Gratry⁸ cría grande respecto a todos os homes, é moito maior, e aínda pode cualificarse de indispensable, para os delincuentes, non por tales, senón como homes, en xeral, pouco cultos; pode notarse que estes, nas súas conversacións, repiten e volven repetir unha mesma cousa, indicación segura da necesidade que teñen de que se lles repita moito o que se lles quere explicar; moitas veces deixan de entender, non porque se lles explicou mal, senón porque non se lles *repetiu* abondo.

A linguaxe apropiada pode ser inintelixible cando o sentido moral falte ou sexa tan obtuso, ou estea tan depravado, que a palabra non teña significación porque a cousa, que representa non ten realidade: entón non é cuestión de estilo nin de coñecemento, senón de renacemento, se é posible, á vida moral; para o que se acha como cegado e enxordecido polo mal, non hai linguaxe que poida facerlle comprender o ben.

⁸ Con seguridade refírese ao sacerdote francés Auguste Joseph Alphonse Gratry, profesor de Ética na Soborna de París e membro da Academia francesa [N. dos T.].

CAPÍTULO V

SINCERIDADE E CAUTELA

O visitador do preso é home de corazón e de caridade, e sabe, sen que ninguén llo ensine e sen habelo estudado, como ha de presentarse ao recluído para impresionalo favorablemente, e ata onde sexa posible, inspirarlle confianza. Alí non o leva ningún cálculo egoísta: vai nada máis que por facer ben, e pode ser sincero; é necesario que o sexa, porque a ficción sería un obstáculo insuperable. A dificultade de enganar a un home encarcerado é grande, porque non só é suspicaz e desconfiado, senón que no triste lecer da súa intelixencia e do seu corazón, e na monotonía da súa vida, o visitador é unha ocupación e unha novidade que lle impresiona moito, e recorda, pode dicirse que remoe, todo o que viu e ouviu na visita: é unha especie de análise de desocupado, que ás veces penetra moi fondo. Aínda prescindindo del, a sinceridade é simpática, expansiva, comunicativa, e introduce na atmosfera moral algo que a fai máis respirable e vivificadora aínda para o que non é sincero. O preso quere enganar máis ou menos polo común, pero leva moi a mal, moito, que pretendan enganalo e aínda dos seus compañeiros non o indigna tanto o engano; pero que non fale verdade aquel cabaleiro a quen el acaso mentiu tantas veces, irritao; noutras cousas, o talión repugna pouco ou nada á súa conciencia ou á súa natureza; pero en materia de sinceridade, téña el ou non a teña, crese con indiscutible dereito á do visitador; e ben considerado, teno, porque o home caritativo non vai alí repetir as faltas do peccador, senón a darlle exemplo de virtudes; e así como non se lle ocorrerá roubar ao ladrón, tampouco faltar á verdade ao mentireiro.

O finxir crenzas, sentimentos, ideas que non se teñen, supoñendo que ao penado lle convén telas, e que se lle poderán inspirar finxíndoas, sobre que repugna á honrada franqueza, é un cálculo que sairá errado por regra xeral, moi xeral; é máis fácil ser bo cómico no teatro que na prisión. O que non crea ou

non sinta, ou non pense o que xulga que lle convén sentir, crer ou pensar ao preso, debe encerrarse nunha prudente reserva se non quere expoñerse a pasar por un farsante; non se verá, non se comprenderá o fin que é bo, e só aparecerá claro o medio que é malo. Engádase que non hai nada tan xeneralizador como a sospeita dun suspicaz desventurado. Descubriuse que o visitador finxiu unha vez? Pois xa se terá por cousa segura que non é sincero nunca.

A sinceridade, que é cousa esencial, non exclúe a cautela; nin ficción, nin candidez, nin dicir *nada* que non se pensa ou se sente, nin dicir *todo* o que se sente, se pensa ou se sospeita; nin rexeitar como falso todo o que di o recluído, nin darlle crédito sen probas de que di verdade; os votos de censura e de confianza, tan aventurados no mundo, sono moito máis na prisión; tomar nota do que diga o preso, deixarlle dicir con total liberdade, sen contradicilo, sen interrompelo deixando falar, é probable que fale moito; e como, segundo o refrán, *o que moito fala moito erra*, pode asegurarse tamén que *o que moito fala moito revela*. Como o preso non está afeito a que o escoiten con interese e o visitador escóitao, é unha razón máis para que sexa faladeiro; dirá talvez o que pensa e sente, ou o contrario: contará verdades ou mentiras; pero, como dicíamos antes, na prisión é máis difícil ser bo cómico ca no teatro, e non é probable, que o recluído o sexa.

O preso taciturno co que o escoita benévolo é raro, e pode considerarse como un malvado excepcional, ou máis ben como un enfermo predisposto á loucura ou ao suicidio.

A reserva do visitador, que pode chamarse *cordial*, non previrá contra el, nin será cualificada de suspicacia. Dicimos cordial, porque se o xuízo se suspende se se dubida, se se escoita máis que se fala, en cambio compadécese e procúrase consolar sen vacilacións. Pode ser mentira, ou parecelo, todo o que conte o preso; pero hai unha cousa certa, a súa desgraza; e como a compaixón que inspira é espontánea, ostensible, incondicional,

o sentimento cobre os receos do xuízo; estes receos, aínda que se sospeiten, lonxe de redundar en descrédito do visitador, poden contribuír ao seu prestixio; se aparece crédulo en demasía, fomentará a propensión do que a teña a mentir; se o ten por cándido, será desprezado, o cal debe evitar custe o que custe.

Non hai que disimular a gran dificultade que aquí achará: conservarse a igual distancia destes dous extremos, non crer nada e crelo todo, e por temor de ser enganado pola mentira, negar crédito á verdade. Caso de inclinarse dun lado, que sexa do da benevolencia, e non da cautela; máis vale que un preso se ría porque enganou, que aflixir o que foi sincero cualificándoo de enganador; esta inxustiza pode facer un dano tan grande como a amargura de ver desconfiado aquel en quen temos confianza. Cando se abre o corazón é para que entre o consolo, non a roedora sospeita.

Talvez se crea que son ociosas estas delicadezas de sentimento tratándose de delincentes: respecto *dalgúns*, si; respecto de *todos*, non; e se os dereitos da lei non se mutilan nin minguan porque sexan alegados por un curto número, que será dos do corazón?

CAPÍTULO VI

INFLUENCIA DAS IDEAS E DAS CRENZAS

Cando os medios de comunicarse os homes entre si eran moi imperfectos, as discusións tiñan unha esfera de acción moi limitada: as ideas defendíanse e combatíanse entre uns poucos; as escolas tiñan mestres e discípulos, pero os sistemas non tiñan partidarios. Hoxe, que as persoas e o pensamento comunícanse dun xeito rápido, vertixinoso; que todos saben o que en todas partes se fai, dise e pénsase, opinan ás veces, e aínda votan, os que entenden pouco ou nada do asunto de que tratan, e vense *partidarios* e *inimigos* dos sistemas, é dicir, persoas que non os estudaron, que teñen deles unha noción moi vaga, e que os defenden e os atacan cun ardor que ás veces está en razón directa da súa ignorancia.

A cuestión do libre albedrío e da fatalidade, como todas, saú da aula, e vese moitas veces promovida nos xornais, nos cafés, nas Cámaras; de maneira que é de presumir que entre os visitantes do preso poida haber algún que talvez sexa fatalista en moral ou incrédulo en relixión.

O visitador, crea o que crea e pense como pense, non debe dar como resoltos para o preso os problemas que el resolveu para si e no sentido en que os resolveu. A diverxencia de opinións en materias tan graves será un obstáculo, e grande, que hai que vencer, se é posible, pero sobre o cal non debe saltar.

Poderá suceder que o visitador e o recluso sexan fatalistas, ou o visitador sexa fatalista e o recluso non.

Debemos advertir que o caso de fatalismo do recluso parécese excepcional: ignoramos como pensarán os penados estranxeiros; pero non coñecemos nin temos noticias verídicas de ningún español persuadido de que o mal que fixo necesariamente había de facelo sen elección e sen culpa. Cando así o pensen o visitado e o que o visita (que os fatalistas non se fagan ilusións), a resignación, o consolo e a emenda dificultaranse moito.

Non habendo culpa, a pena é para o penado un feito de forza; a todo o máis a que pode aspirar é a que o comprenda como unha medida de orde; el delinuiu necesariamente, necesariamente se lle pena tamén, porque a sociedade non pode estar ben ordenada, nin progresar e perfeccionarse, se non se respecta a vida, a honra e a facenda dos que a compoñen. A lei que os protexe é protectora do mesmo que padece en virtude dela; a xustiza líbrao da vinganza que, no canto da calma imparcial do xuíz, daríalle a cólera implacable do ofendido. A vinganza privada era cruel, e legou parte da súa crueldade, e ata o seu nome, á xustiza que se chamou e foi, e é aínda nos pobos atrasados, *vinganza pública*. A desdita do que está organizado para o mal é grande, pero era maior noutros tempos, en que non se tiñan con el as consideracións de humanidade e de caridade que hoxe se teñen. Se nel non hai culpa, tampouco a ten a sociedade cuxo organismo non se pode variar e que se defende dos ataques do delincuente; entrambos obedecen leis fatais, e ningún ten dereito a recriminacións.

Non sabemos ata que punto estes razoamentos ou outros análogos acougarán o ánimo do recluso, pero parécenos que todos os argumentos que se lle fagan serán menos eficaces que esta reflexión que el se fixese: *Merezo o mal que teño*.

O que dificulta a resignación dificulta o consolo, porque na axitación dolorosa do espírito non penetran aquelas influencias benfeitoras que dan tregua á pena ou a fan menos amarga. Para consolar é preciso acougar, e a maior dificultade de recibir consolo non é só deplorable para o recluído polo ben do que o priva, senón para o visitador pola influencia que lle quita. O preso non desexa a visita do seu protector para que o corrixa, senón para que o console, e a fin de recibir algún alivio pronto e inmediato ás súas penas. Tal alivio inmediato e pronto pode levalo máis facilmente o que contribúe á resignación sentida, que quen a razoa con argumentos parecidos aos que se fará un can suxeito a unha forte cadea, que empeza ladrando e facendo esforzos para rompela, e convencido de que lle é imposible, déitase e cala.

Se quen consola menos ten menor influencia para a emenda, a teoría fatalista presentará ademais outros obstáculos. Se o criminal o foi necesariamente, pensará que necesariamente volverá selo: o seu cerebro, as súas vísceras, o seu esqueleto, a composición do seu sangue, o seu organismo, todo é idéntico, e aquela especie de secreción morbosa que se chama delito reproducirase en canto as circunstancias fagan a súa reprodución posible. A fe na omnipotencia da vontade, fortalécea; a idea de que a vontade é escrava, debilítaa. Entre o que di: «Quero ser honrado, e sereino», e o que pensa que non lle basta querer, ou que non é libre de querer, que diferenza na loita coa tentación!

O criminal, que considerado moralmente é un ser débil, canto non se debilitará persuadido de que as causas que produciron fatalmente a primeira caída producirán fatalmente outras! Se volve con esta idea ao combate da vida, non entra nel case vencido? Non *quere* poder ou non *pode* querer o ben?

Todos os séculos, nunha ou noutra forma, suscitaron o problema, ningún o resolveu definitivamente, e é de presumir que ningún o resolverá de maneira que non volva suscitarse de novo; pero, calquera que sexa a opinión respecto del, parecen fóra de dúbida os resultados prácticos que terá para o delincente a crenza de que *puido* non cometer o primeiro delito, e *poderá* non cometer o segundo, ou a persuasión de que fatalmente delinquirá e delinquirá. Aínda neste caso, o visitador non debe permanecer inactivo nin renunciar a toda influencia benfeitora; a vontade, poderá dicir, aínda que non sexa libre, non é cega, nin xorda, nin imbécil en xeral; as cousas que quere quereas por algo e para algo agradable ou útil, ou que llo parece ao que a ten: impulsada ou determinada polo odio ou polo desexo de posuír o alleo, impulsou e determinou a matar ou a roubar; pero as facultades do home, impulsadas e impulsadoras, forman unha cadea circular que non exclúe algúns movementos determinados polo egoísmo e sostidos pola razón.

O penado que está na prisión ou sae dela, aínda que sexa a *mesma organización*, non é a *mesma persoa* que delinquirá; é ou

pode ser aqueloutra que existía antes de cometer o delito; debe selo, polo menos, se a prisión non é corruptora e fai crónico un mal pasaxeiro. Malia todo o seu fatalismo orgánico, o delincente foi honrado durante moito tempo. Por que non poderá volver selo? Por que non ha de ter a razoable esperanza de restablecer o estado anterior ao delito, que é o estado normal da humanidade, que foi o seu durante moitos anos? O delito revela a disposición a cometelo pero, en xeral, non imprime carácter, e o que o cometeu pode volver ser o mesmo que era antes de telo cometido se a ocasión que obrou como causa determinante non se reproduce, o cal en moitos casos é seguro, e noutros pode selo se se procura evitala.

O recordo do delito pode obrar, e en moitos casos obra, como un mal fermento pola disposición interna que deixa en quen o comete, e máis aínda polo anatema que sobre el lanza a sociedade; esta disposición interna talvez iría desaparecendo se desaparecese a diferenza radical que establece a opinión entre o home libre e o penado; este pode acabar por crer e ser o que os outros supoñen que é, unha persoa ou cousa *definitivamente* excepcional e anormal. Hai que combater enerxicamente a idea do *definitivo*, e repetir que o delito non é un estado permanente, senón transitorio, e que o delincente que pasou unha parte da súa vida sen selo, pode volver ao estado anterior; a fatalidade que lle permitiu vivir en paz coa lei, non lle impedirá reconciliarse con ela. Se por unha banda a inclinación perversa está robustecida co desprezo da sociedade e o recordo de non resistir, por outra debe estar combatida pola experiencia dos males que resultaron de ceder a ela. A idea das dores, tantas e tan graves, que foron consecuencia do delito, debe contribuír poderosamente a restablecer o estado anterior a el. A liberdade recupérase máis facilmente que a honra, certo; pero a reprobación social non é implacable; cada día o será menos, e o visitador é coma o mensaxeiro da sociedade, que polo seu medio di ao recluso: «Creo na posibilidade da túa emenda e prométoche o meu perdón».

Dicimos da emenda o que dicíamos da resignación: os razoamentos indicados, ou outros análogos que poida facer o fatalista, valerán moito menos que o propósito de emendarse que teña o que estea persuadido de que, *se quere, pode*.

Hai unha circunstancia atenuante do dano que o fatalismo pode facer, e é que na prisión, como fóra dela, os fatalistas non son lóxicos; na práctica fan e esixen que os demais fagan coma se non o fosen, e irrítanse e chaman pillabán ao criado que os rouba, e encolerízanse e cualifican de malvada á muller que os engana.

Segundo indicamos, será raro atopar un preso fatalista, o visitador que o sexa está obrigado a gardar, respecto das súas opinións, a reserva máis absoluta, porque non ten dereito a introducilas coma un elemento perturbador no ánimo do recluso. Se é un fanático da razón (que tamén os ten), debe buscar outro medio de facer ben, porque os fanáticos non son bos visitantes dos presos; se non é fanático, debe comprender:

Que o fatalismo, verdade para el, non o é para a inmensa maioría dos homes;

Que as verdades *súas* non debe proclamalas como verdades de *todos*;

Que a verdade duns poucos que a humanidade nega un século e outro século e todos, é *unha opinión*, e non debe atraer a ela ao delincente facéndolle un gran dano, porque dificulta a resignación, o consolo e a emenda;

Que as verdades que fan mal poderán ser verdades, pero son moi sospeitosas de erro.

Estas consideracións, que debe facerse en razón e en conciencia, impoñenlle completa reserva sobre o que pensa do libre albedrío; se o preso cre nel, esta crenza pode contribuír a corrixilo, e diminuír os elementos da súa emenda sería un verdadeiro atentado.

O preso irrelixioso vese con máis frecuencia, polo menos en España, que o preso fatalista, pero a súa impiedade aparece

máis ben práctica que razoada; non combateu con argumentos a relixión, botouna ao carón porque lle estorbaba; hai delincuentes profundamente irrelixiosos, pero, en xeral, non teñen de tales máis que a cortiza, e o mesmo que blasfema e se burla das prácticas relixiosas, non se atrevería a pisar unha hostia consagrada, nin dar unha labazada ao cardeal que visita o presidio⁹.

Coma o visitador fatalista non ha de establecer na penitenciaría cátedra de escepticismo, o crente non ha ser misioneiro; aquel lugar non é apropiado para a propaganda relixiosa, e máis facilmente haberá alí hipócritas que conversos. Sen *nomear* a relixión, o visitador ha de observar coidadosamente todo o que a ela se refire, e por esta observación perseverante e cautelosa saberá se o recluso é radicalmente irrelixioso, ou se, no fondo conserva os elementos da relixión, dalgunha relixión. No primeiro caso debe renunciar a convertelo; a predicación sería non só inútil, senón prexudicial, porque rebaixaría o visitador no concepto do preso; o rancor que os crentes adoitan ter contra os que non cren, estes adoitan pagarllo en desdén; mutua inxustiza moi xeral. O recluso *espírito forte*, cualificará de crédulo o crente; considerarase neste asunto moi superior a el, e convén que en ningún concepto se atribúa ningún xénero de superioridade.

Cando a irrelixiosidade non está profundamente arraigada, con paciencia e habelencia, sen gran dificultade van levantándose as capas que cobren o fondo relixioso; un recordo, unha esperanza, un exemplo; a nai que viviu ou morreu rogando a Deus que dea consolo ao fillo encarcerado, que o auxilie para a emenda, pedíndollo entre choros que interrompen a oración que lle ensinaba de neno; a irmá piadosa que o levou en brazos e ensinoulle a andar; a esposa que non sabe responder cando os seus fillos preguntan polo seu pai e ponos de xeonllos e ensínalles a pedir ao Señor que llo volva pronto; o amigo que se mantivo firme na fe e no respecto á lei; o compañeiro que

⁹ Histórico.

morreu arrepenido e resignado e coa esperanza doutra vida mellor: todas estas cousas, ou algunha delas, poden despertar o sentimento relixioso durmido no fondo do alma do encarcerado. Ás veces unha alegría inesperada dispoño a dar grazas a Deus ou a pregarlle atribulado por unha dor aguda.

Dixemos que, malia as aparencias de impiedade, é posible, e aínda é común, que o preso conserve o sentimento da relixión, *dalgunha* relixión, nese caso o visitador non debe tratar de impoñerlle a súa, ou, se é a mesma, de que a practique con toda perfección e en todos os seus detalles se espontaneamente non se presta a iso. Un espírito groseiro, rebelde ás leis divinas e humanas, non pode disciplinarse de súpeto, dócil a un mandato que non ten sanción material. Porque un bandido leva un escapulario e nalgunha ocasión ten medo ao inferno, non hai que pretender convertelo nun Fr. Luís de Granada: utilizar para o seu consolo e para a súa emenda a relixión que teña, a que poida ter; tratar de fomentala, e, se é necesario e posible, depurala de supersticións groseiras, pero nisto proceder con suma cautela. O home crédulo e o crente confúndense ás veces de tal modo, que forman un todo indivisible, e non pode atacarse a superstición sen comover a relixión; nestes casos, que na penitenciaría non serán raros, hai que deixar o suxeito que sexa relixioso ao seu xeito, aínda que non sexa moi ortodoxo, xa polo que engada, xa polo que suprima.

Parece a primeira vista que con homes rudos, que trataron e teñen sido tratados con dureza, e cuxa sensibilidade está enerxada polo hábito de sufrir, a parte terrorífica da relixión ha de ser a máis propia para influír no seu ánimo; pero considerándoo con máis detemento e observando ben, vese que aos delincentes que están ou se cren en perigo de morte dan algunhas mostras de arrepenimento e suxéitanse a algunhas prácticas relixiosas por temor do inferno, son pouco ou nada accesibles a este temor cando gozan de boa saúde. A persoa pouco culta en xeral, e o delincuente en particular, é o home do *presente* e do *próximo*; por telo considerado con esquecemento do futuro está na prisión, que non lle fixo

cambiar de natureza; moribundo, teme o inferno porque o considera *cerca*; en saúde, non pensa nas penas eternas porque non aparecen inmediatas, ou talvez rise delas como se ría da lei penal cando a infrinxía en liberdade. É preferible presentarlle a relixión en forma de esperanza que de temor; dirase talvez que a promesa dun ben, coma a ameaza dun mal, é futura, e ineficaz xa que logo; pero a esperanza é un ben positivo, presente; moitos viven con ela resignados e ata ditosos; trae sempre consolo, e o preso é un desgraciado; a voz que lle di: «Espera», talvez lle parece doce, a el que hai tanto tempo que non oe máis que o acento airado do que ofendeu ou o severo do que o castiga. Ademais, como o delinciente é débil moralmente considerado, o temor, que é deprimente, debilita máis; a esperanza levanta e fortalece.

O que dixemos respecto ao fatalista, enténdese co visitador incrédulo; cometería unha gravísima falta combatendo as crenzas relixiosas do preso, a quen non pode privar en conciencia do apoio e do consolo que delas reciba. Finxirá? Non. A ficción e a mentira, medios reprobados, non lograrían o fin. A razón e a lealdade aconsellan a reserva e o respecto á fe de quen a teña; pero esta reserva necesaria é unha condición moi desvantaxosa, e pode asegurarse que, en igualdade de todas as demais circunstancias, o visitador incrédulo será inferior ao relixioso.

Deben evitarse os extremos de supoñer que a relixión o pode todo ou non pode nada. A relixión inflúe, pero tamén é influída e propende a tomar a cor do vaso que a encerra; é doce na alma tenra, cruel no home feroz. Santa Teresa e o inquisidor adoraban o mesmo Deus, aquel Xesús divino que perdoou e rezou polos seus verdugos, e ao que se invocaba ao torturar e queimar os homes vivos. Se o delinciente ten relixión, pode ser un auxiliar para corrixilo pero contando con que probablemente a *perverterá* na medida que el sexa malo. Aínda que triste, é certo que, por regra xeral, o poder benéfico da relixión está en razón inversa da necesidade da súa eficacia.

CAPÍTULO VII

DIFICULTADES QUE TEN QUE VENCER E VANTAXES QUE PODE APROVEITAR O VISITADOR DO PRESO

O visitador do preso propónse consolar un desgraciado, amparar un desvalido e contribuír á emenda dun culpable; programa breve de palabras, longo de dificultades, como que encerra a obra máis ardua que a caridade pode intentar e a razón dirixir. Os obstáculos para levala a cabo poden considerarse como *xerais e individuais*.

Respecto destes últimos sábese que existirán, pero non como, nin é posible dar regras detalladas para vencelos, fóra das que dita a razón ou inspira o sentimento. Todo home difire doutro home, o preso aínda máis doutro preso; e cando se trata de acougar dores e corrixir erros, das diferenzas resultan novos obstáculos que non poden superarse sen o estudo de cada individuo.

As dificultades xerais terán a súa orixe no instinto, no sentimento, na vontade, na intelixencia, ou á vez nestes elementos do espírito humano.

Os obstáculos intelectuais son os máis patentes; a intelixencia é a única cousa que o home non pode finxir se carece dela, e é pouco menos que imposible de ocultar se a ten; nesta esfera, polo menos, non é de temer a hipocrisía, e con evidencia sábese a verdade. A verdade é ben triste, porque, clasificados baixo o punto de vista intelectual, os delincuentes son:

Unha intelixencia moi limitada, insuficiente para dirixirse no tortuoso camiño da vida;

Unha intelixencia que non é radicalmente insuficiente, pero que chegou a selo pola ignorancia e os erros que viñeron a escurecela;

Unha intelixencia suficiente que foi arroiada pola paixón indomeable ou a vontade torta;

Unha intelixencia que se empregou como auxiliar da vontade perversa.

Se os obstáculos intelectuais son grandes, os morais son maiores, porque se ocultan e porque renacen. O entendemento que se ilumina, iluminado queda con ou sen a vontade do que recibía a luz; verdade que se sabe non pode descoñecerse, aínda que a vontade torta impulse a obrar en oposición con ela. A ignorancia desvanecida non renace, pero a mala tentación reproducése; combátese e véncese, e volve vir; ademais, o entendemento, como dixemos, non pode ser hipócrita, e a vontade si.

Sendo a sinceridade unha cousa tan rara no mundo, sería loucura esperala na prisión; onde era máis necesaria é máis difícil; a medida que interesa máis coñecer o interior, o íntimo dun home, el ten maior propensión a agochalo. O que fai ben, suponse que ben sentirá e pensará, non hai para que pescudalo, e el, só por modestia ou por humildade, opoñeríase á investigación. Pero o que fixo mal, ¿que pensará, que sentirá? Canto peor pense e sinta, máis probable é que o oculte.

A hipocrisía é tan natural e tan común nos delincentes, que, aínda que pareza inverosímil, vai moitas veces unida ao cinismo. Faise ostentación dun crime e négase outro menos grave, ou unha falta por isto, por aquilo, ou non se alcanza o porqué: lonxe de excluírse o cinismo e a hipocrisía, adoitan asociarse; nós teriamos esta regra: *Un home (criminal ou non) é cínico? Pois non é sincero.*

Na hipocrisía, coma en todo, hai graos, e ademais diferenzas: aínda que teña de común a pretensión de ocultar a fisonomía moral do delincente, este non forma sempre o propósito deliberado de enganar; moitas veces cede ao natural desexo de non aparecer con todas as súas debilidades, con todas as súas faltas, con todos os seus crimes, de facerse menos odioso negando os feitos ou os móbiles que o impulsaron. Para a práctica do visitador convén moito distinguir estas dúas hipocrisías, a que se propón enganar da que recorre ao engano, non como obxecto, senón como medio de inspirar simpatía, porque neste último caso é máis fácil lograr que a verdade se transparente e ata que se

revele; de todos os xeitos, hai que contar a hipocrisía como un obstáculo nun gran número de casos.

A suspicacia e a desconfianza son na prisión moitísimo máis frecuentes ca no mundo: o que engana está disposto a crer que o enganarán, e ademais o penado ten predisposición a considerar como inimigos todos os que non son compañeiros de culpa ou de desventura; a confundir no seu ánimo rancoroso o soldado que o prende, o xuíz que o condena, o empregado que o custodia e a persoa caritativa que o visita.

Que se propón aquel home indo velo sen ser o seu parente, nin o seu amigo, sen ter obriga de visitalo e sen que lle paguen a visita? Non o comprende; o incomprendible faise facilmente sospeitoso, e sospeita: non atina co cálculo interesado que pode facer aquel señor; pero algún fará, porque todo é máis verosímil que unha abnegación da que non pode formarse idea. El recíbeo por isto, por aquilo ou polo outro; pero crer que só por facer o ben o visita! Non é tan cándido, e á súa mentida paixón opoñerá outras mentiras.

Esta suspicacia e esta incredulidade do penado respecto á piadosa benevolencia do visitador, teñen tamén os seus graos: ás veces non existen, pero hai que contar con elas porque poden ser un obstáculo.

Outro é, e moi grave, a inxustiza da que foi vítima o penado, inxustiza real ou imaxinada por el. No último caso será posible rectificar o erro e acougar a indignación que produciu; pero o grave é cando non existe erro, cando houbo realmente inxustiza, caso frecuente, porque hai moitas leis inxustas e moitos xuíces que, polo modo de aplicalas, non atenúan o mal, antes aumentano. Se o penado non é relixioso, se en nome de Deus non se lle pide que tolere resignado a inxustiza, considerando que el tamén foi inxusto, haberá moita dificultade para acougar o seu ánimo só con argumentos, que todos virán ser variantes de que a razón aconsella someterse á necesidade, que a desesperación non calma, aumenta os males, a que é posible achar algún leni-

tivo coa paciencia, etc., etc. En todo caso, cando na clase ou nos graos da pena hai inxustiza, o visitador non tratará de disimulara ou desculpala, senón que, ao contrario, debe recoñecela francamente, deplorala, indignarse contra ela, único modo de non aparecer cunha especie de complicidade moral que o apartaría do afecto do preso.

Á beira destas dificultades hai tamén vantaxes xerais ou individuais; para aproveitarse destas é necesario o estudo do individuo, da súa situación actual e das circunstancias da súa vida anterior.

Das vantaxes xerais, a primeira é consecuencia de que o visitador está alí chamado polo preso, ou polo menos co seu beneplácito¹⁰, é dicir, que representa un acto libre da súa vontade, daquela vontade que, no canto de rectificar, suprímese polo común nas súas manifestacións. Esta especie de mutilación do home moral, tan contraria á emenda do penado, produce no seu ánimo gran trastorno e malestar, e é como un principio de renacemento á vida da alma, e unha grata impresión o feito de que haxa algo que non se lle impón, sobre o que se lle consulta, que pode *conceder ou negar*. O visitador debe insistir sobre este permiso, ratificarse de que o preso o chama ou o admite de bo grao, tanto porque lle importa sabelo, como para que o recluso se ratifique e teña a satisfacción de facer uso da súa vontade; el non analiza o que isto significa e vale, pero desde o momento en que quere algo razoable, consúltaselle e faise o que el quere, séntese dignificado, e para aquela persoa que está alí porque el a admite e a quen pode despedir, non é un número, é un home. Esta idea clara ou confusa, este sentimento máis ou menos vago, corroborárase e fortifícase co proceder do visitador cheo de consideración e miramentos como non tería máis nin tantos cun gran señor, miramentos non calculados nin cerimoniais, senón espontáneos e sinceros; os que inspira a toda alma xenerosa e compasiva un

¹⁰ Non debe o visitador caritativo visitar un preso sen o seu beneplácito.

ser desventurado, débil, oprimido; estaos con xustiza, pero, aínda que así sexa, que non é sempre, por ser merecida a desgraza non deixa de ser desgraza, e a caridade non necesita absolver para compadecer.

Estamos seguros de non esaxerar o conveniente que é para o visitador o ser admitido libremente e conducirse cortesmente co preso; o home armado que o prendeu, o carcereiro que o encerrou, o fiscal que o acusou, o xuíz que o condenou, o empregado que o custodia na prisión, todos o trataron con severidade, talvez con desprezo ou con dureza; a primeira persoa que lle fala con agarimo, que o considera, que dá sinais de compadecelo seica é o visitador, que o busca e procura consolalo naquela mansión do desconsolo e do desprezo, de onde foxen os que se dicían amigos, os parentes quizais moi próximos...

Para o preso que non perdeu as calidades esenciais de home, todo isto penetra, e ás veces moi fondo; sen dúbida (aínda que nalgúns casos suceda) non arrinca instantaneamente a máscara á hipocrisía, nin desvanece as sospeitas suspicaces, pero predispón á confianza, e co tempo poderá inspirala. Ao verse considerado como home, o recluso predispónse a ser máis humano, e a benevolencia pode espertar bos sentimentos que parecían mortos e non estaban máis que durmidos.

A ingratidade non cremos que sexa tan común no mundo como din algúns que talvez non fixeron moito ben; pero, en fin, existe, e na prisión será máis frecuente; pero o agradecemento non é alí cousa tan rara que non deba miralo o visitador como un aliado probable. Na ingratidade do mundo entran ás veces elementos que faltan na prisión; é posible que se esqueza do ben que recibiu nela o que recobra a liberdade; pero mentres está preso será talvez agradecido, se non *profundamente, sinceramente*. A gratitude é un fermoso sentimento; a experiencia demostra que pode existir aínda nos grandes malvados, brillar como unha luz nunha caverna, e o visitador que a inspira ten un medio, e moi eficaz, de influencia sobre o preso.

O penado, polo común, máis hipócrita e suspicaz que a xeneralidade dos homes, é home ao fin, sociable, comunicativo, e sen que a circunstancia de ser desconfiado exclúa a de ser imprudente. Cantos crimes se descubriron porque os seus autores non souberon calar! A natural tendencia á comunicación, á expansión, e en momentos dados ata á confesión, poden utilizarse polo visitador para coñecer o preso, que, aínda que desconfíe e minta, só por excepción será *impenetrable*.

Cualifícase de insensatez e de louca imprudencia a franqueza dalgúns criminais, non tendo en conta que esta imprudencia e esta insensatez corresponden a móbiles fortes e profundos da humanidade. O delito penado é un mal composto de cousas que se saben e de cousas que se ignoran; estas cousas que se ignoran son o segredo do delincente, segredo que, sexa polo que for, pésalle ás veces moito, e *desafógase* comunicándoo; o visitador pode conseguir que se desafogue con el.

O instinto de sociabilidade será tamén favorable á obra do visitador se a prisión é celular: alí será mellor recibido, talvez con impaciencia esperado; a súa presenza, a súa palabra, é un ben para o recluso solitario, que, desexoso de compañía, pode aproveitarse máis da boa.

A desigualdade de carácter é un sinal de debilidade; o delincente é un ser débil moralmente considerado, e está lonxe, polo común, daquela fortaleza que vence os impulsos perturbadores, causa das grandes oscilacións, daquela igualdade de ánimo que é un equilibrio, ou que pola forza da vontade pareceo. Pero estes cambios, que non están ordenados pola razón, serán comprimidos pola disciplina; os regulamentos non teñen nin poden ter condescendencias para as excentricidades da dor ou da alegría: hai que deitarse a tal hora, aínda que non se teña sono; levantarse a tal outra, aínda que se experimente cansazo e gana de durmir; traballar, repousar, comer, a toque de campá, falar con ton sumiso e calar cando está mandado ou cando o manden, aínda que para mandalo non teñan razón ou non pareza que a

teñen. Todo isto é inevitable, en gran parte polo menos, pero é duro, e máis dunha rebeldía ten a súa orixe na forzada exterior tranquilidade de ánimos axitados, cuxos impulsos comprimidos acumúlanse e fan explosión.

O visitador non pode alterar a orde establecida; pero o preso pode ter con el desafogos, xenialidades, e cando está de mal humor ou irritado, ser groseiro e ata insolente sen faltar aos regulamentos nin caer en pena ningunha: convén moito facerlle comprender que nas súas relacións co que o visita non hai disciplina; que pode desafogarse, aínda que sexa descortesmente, sen dar lugar a queixa, nin que ninguén o acuse nin se ofenda. Nestas expansións do mal humor ou da cólera, e nas reaccións que sobreveñan, o preso pode darse moito a coñecer abrindo unha paréntese ao disimulo e á hipocrisía; ademais, a mansedume, cando é verdadeira, cando é a tolerancia infinita da caridade, ten un gran poder, moito maior que supón o que non a analiza ou ignora que é forza e amor. Citaremos a este propósito un exemplo que pode servir de modelo, como o era de virtudes o que o deu.

Nunha gran poboación, de cuxo nome non queremos acordarnos, había un establecemento que tiña de benéfico soamente o nome, e cuxos acolleitos, nenos na súa maior parte, recibían un trato (non pode chamarse educación), e oxalá que non continúen recibíndoo hoxe, o máis propio para embrutecelos, pervertelos e facelos desgraciados. Don Santiago de Masarnau¹¹ quixo darlles leccións de música e canto, e para iso obtivo permiso do Director; sinalouse local, hora e, á marcada, alí estaba o mestre; os discípulos foron entrando, homes, mozos e nenos, conducidos por celadores armados de varas, das que facían uso frecuente; ao que se quedaba atrás, pau nel, como a gando bravío que se

¹¹ Trátase do músico, pianista e militante católico ao que fixemos referencia no prólogo por causa, sobre todo, de ser o introdutor en España das Conferencias de San Vicente de Paúl. É moi probable que o suposto feito que relata Arenal sexa unha licenza literaria, atribuíndo ao seu admirado compositor ese caritativo e sagaz comportamento [N. dos T.]

quere encerrar. Don Santiago rogou ao Director que suprimise os celadores; era o único modo de suprimir os paus: sen eles, afirmóuselle que non podería entenderse con aquela xente, moi mala, que se burlaría del, insultaríao, habería gran tumulto, escándalo, vías de feito... O home de caridade manifestou que, malia todo, quería entenderse só cos seus discípulos; o home da nómina volveu repetir o devandito, acentuándoo aínda máis; insistiu o caritativo, que ao fin logrou o que pretendía, facéndolle a concesión como a un insensato que non sabe o que pide, e a quen pesará que non se lle negase.

Chegou a hora de clase; retiráronse os homes das varas; a ausencia destes, e algo que dixo o mestre, debeu impresionar os discípulos, porque non houbo tumulto nin barullo, senón unha orde relativa, que ao cabo dalgúns días foi perfecta. O máis difícil foi lograr que non se fumase en clase; pero conseguíuse ao fin este sacrificio por parte dos fumadores, menos un; era un ferreiro, home brutal, que non só fumaba, senón que contestaba con groseiros insultos ás suaves amonestacións do profesor: buscou este un día onde puidese atopalo só, e entre os dous houbo este breve diálogo:

DON SANTIAGO.- Veño darlle a vostede unha satisfacción.

FERREIRO.- Vostede a min?

DON SANTIAGO.- Si, señor. Eu, sen sabelo e sen querelo, porque a propósito nunca ofendo a ninguén, sen dúbida ofendino, e queredo saber a queixa que ten vostede de min para reparar a miña falta.

FERREIRO.- A falta de vostede?

DON SANTIAGO.- Si, a miña falta; porque se eu non cometese ningunha, e se non o ofendín, non comprendo que vostede me tratase tan mal.

Dúas bágoas rodaron pola atezada faciana do ferreiro.

—Non volverei fumar —dixo.

E en efecto, non volveu fumar en clase.

CAPÍTULO VIII

CLASIFICACIÓN

As clasificacións dos delinquentes adoitan variar cos autores que as fan; pero moitas veces, máis na nomenclatura que na sustancia, e aínda neste último caso, as diferenzas corresponden con frecuencia menos ao modo de ver que ao punto de vista. Segundo que en primeiro termo se considera no delincente un home que corrixir, un home que castigar, un home que temer, un home incorrizable, un home orixe de gastos improdutivo, un home que pode utilizarse, un organismo que necesariamente fai mal, un espírito que pode reaccionar contra o mal feito e facer ben, as clasificacións han de variar a compás, non só das opinións do clasificador, senón tamén segundo o fin que se propón.

O visitador ten, en certo sentido (aínda que noutra sexa moi vasta), unha esfera menos extensa de clasificación, puntos de vista máis próximos, fin que se propón máis concreto, e as amonestacións da realidade, que non pode desoír, cortan os voos a moitas ousadías da abstracción. Consolar un desgraciado, amparar un desvalido, procurar a emenda dun culpable, é o seu obxecto e determina a súa clasificación.

Ao home privado de liberdade, clasifícao como *desgraciado*;

Culpable e desvalido, clasifícao como *débil*;

Delincente, clasifícao como *necesitado de corrección*.

Compadecer, amparar: sobre isto non reflexiona nin vacila. E corrixir? É corrixible aquel penado?

Quen sabe! Talvez o sexa, talvez non. Quen sen temeridade pode asegurar o un nin o outro?

Mr. Ammitzboel, Director da Penitenciaría de Uridsloeselille (Dinamarca), dicía no Congreso penitenciario de San Petersburgo: «Tiven baixo a miña dirección *tres mil* penados, e non coñecía *un só* que fose incorrizable». O visitador pode dudar, pero non debe dicir, na dúbida, *abstente*, senón *obra activamente*; exceptuando monstruosidades patolóxicas, a dúbida é a esperanza, e

non han de separarse dela as súas divinas compañeiras a caridade e a fe¹².

O primeiro traballo de clasificación debe ter por obxecto investigar *a parte que ha ter o delincuente no mal que fixo*.

É dunha familia honrada que co exemplo e o consello procurou guialo polo bo camiño, non se viu exposto ás tentacións da miseria, ningunha maldade provocou as reaccións da súa ira? Entón a culpa é toda súa; saíu toda de dentro, pode dicirse; é o caso máis grave.

É dunha familia viciosa, malvada, que o conduciu ao mal co exemplo ou o consello, talvez o mandato? A miseria tentouno, a dureza endureceuno, a inxustiza fíxoo inxusto, os malos instintos alleos determinaron a explosión dos seus? Entón poderá ter unha mínima parte de culpa, e aínda non ter ningunha.

Entre estes dous casos, que poden chamarse extremos, hai os intermedios, nos que o delito é unha resultante de disposicións interiores e circunstancias exteriores; a proporción en que unhas e outras entraron é de sumo interese e de gran dificultade para o clasificador, que debe contentarse con aproximacións se non quere saír da realidade.

O caso de pouca ou ningunha culpa no delincente, que parece o máis favorable para a súa emenda, pode ser moi grave, e debe clasificarse como tal se o hábito pasou a converterse en

¹² Mr. Léveillé, ao citar a notable afirmación do director da Penitenciaría de Uridsloeselille, di: «A señora de Arenal escribe: *Hai non corrixidos, non hai incorrixibles*». Non estrañámos que Mr. Léveillé, na especie de remuíño intelectual e ata material dun Congreso como o de San Petersburgo, padecese unha equivocación respecto do dito no noso informe: esperamos que el non se estrañe da nosa rectificación, polo mesmo que damos a debida importancia ás apreciacións dun home coma el. Formulamos esta pregunta: *É o mesmo incorrixible que non corrixido?*, contestando negativamente, porque non pode saberse que delincentes son susceptibles de corrección cando, por regra xeral, se fai pouco ou nada para se corrixiren. A nosa opinión sobre este punto está claramente formulada no resumo do noso informe, do que copiamos unha parte:

«18. Cando se intentou de verdade, e con medios adecuados, corrixir os reincidentes obstinados, se delinquen de novo, os períodos de liberdade que se lle conceden serán máis curtos cada vez, consonte as reincidencias se repitan, e a reclusión prolongarase cada vez máis, e poderá chegar a ser perpetua se se ve que o penado é incapaz de vivir conforme a dereito cando se acha en liberdade».

segunda natureza: estas segundas naturezas fórmanse con facilidade; os caracteres moi determinados e firmes para o ben e para o mal son excepcionais; a regra é que as malas influencias fan malos, ou polo menos *perverten*, e as boas fan bos ou *melloran*.

A idade do delincente hase de consignar para a clasificación como un dato digno de terse en conta, pero cuxa importancia non debe esaxerarse. Que os mozos criminais obren sen discernimento, poderá ser; pero non cremos que suceda coa frecuencia que declaran os tribunais. Para nós, un mozo que cometeu un gran crime, con todas as circunstancias que serían agravantes nun home, é un gran criminal. Arrepía pensalo, non se cre; apártanse os ollos daquel espectáculo, que estremece e ofusca, que esgaza o corazón, que turba o ánimo, e dise: «Non soubo o que fixo», absolución natural e xenerosa, pero de cando en cando conforme á verdade. Que o visitador non clasifique estes inocentes legais entre os que delinquiren por ignorancia, e espere a súa corrección, non de que aprendan a discernir o mal do ben, senón de que varíen.

En efecto; o mozo é talvez perverso, moi perverso; pero o seu xeito de ser non será quizais *definitivo*, non está acabado de formar; nas súas ideas, instintos e sentimentos pode haber perturbacións, consecuencia do desenvolvemento incompleto duns elementos que deixan a outros indebida preponderancia, perturbacións que cesarán cando chegue á plenitude das súas facultades. Nos nenos e nos mozos honrados pode observarse algo, e aínda moito, disto; adoitan ter unha época de malignidade insubstancial, aparvada, que non é máis que o desequilibrio de facultades que están crescendo e desenvólvense desigualmente: o mal que fan non é de transcendencia, non se observa, nin aínda se nota pero a súa orixe é moitas veces o mesmo que leva o neno ou o adolescente aos tribunais de xustiza. Hai que esperar moito do *crecemento completo* e do *cambio* que producirá; procurar que se realice no sentido do ben; pero en tanto que se verifica, non facerse a ilusión de que o delincente imberbe obra sen discer-

nimento ou incorre nunha responsabilidade mínima sempre que así o decretan os tribunais.

E cando o visitador acha presos ou penados pícaros de dez, de nove, de oito, de sete e ata de seis anos¹³, que fará? Doerse de que estean alí, sacalos custe o que custe se lle é posible, e procurar que rectifiquen na opinión os erros, orixe das inxustizas na lei. Nenos tan pícaros non son criminais, aínda que algunha vez, por excepción, sexan perigosos. Cando así suceda, impedirlles que fagan dano, educalos; *pero que non pasen polo tribunal*, a cuxo arbitrio quede declararalos delinquentes cando non é posible que o sexan, e, sobre todo, *QUE NON PASEN POLO CÁRCERE*. O amoroso e elocuente defensor dos nenos D. Manuel Gil Maestre, dicía: «Figúrense os nosos lectores: en departamento separado (do dos grandes criminais), pero inmediato; nun patio resgardado da intemperie por pequeno alpendre, nunha corte cuxo aspecto repugna, pícaros de nove a quince anos, mozos de quince a dezaoto, confundidos, amontoados, en folganza continua, viciosos os máis, delinquentes empedernidos moitos, inocentes moi poucos. Figúrense todo isto; agreguen ao cadro cantos matices sombríos caiban na súa imaxinación, e terán unha idea aproximada do que é cárcere, do que espera ao neno que, vertendo bágoas, penetrou nela...

»O *novato* entra tremendo e sen conciencia, do que lle pasa; entón inícianse as burlas, os insultos, as bromas de peor índole... De todos os beizos non saen máis que blasfemias, maldicións, palabras obscenas; en todos os corazóns aniñan propósitos sinistros; en case todos os semblantes retrátase a maldade. O pobre que entrou por primeira vez, que seica non se desprende nunca dos cariñosos brazos da súa nai, que non tivo conciencia da falta cometida, apárvase, acovárdase, treme, sobrecóllese de horror, baixa a cabeza... Aqueles nenos non son para el pícaros, aqueles mozos non lle parecen mozos, aquel aire asfíxiao, aquel sol xéao, cre ser transportado ao inferno e que comezaron os seus tormentos...

¹³ Nalgúns países poden ser procesados de seis anos.

»Unha mañá os deberes do cargo que desempeñabamos obrigáronnos a presentarnos no cárcere cando os presos saían dos dormitorios. Entre aqueles, chamou a nosa atención un raparigo duns trece anos, que, pálido e silencioso, parecía esconderse ás miradas, non sen que outros, ao pasaren por diante del, lle dirixisen sorrisos maliciosos. A súa cor morena, os seus grandes e rasgados ollos, que denunciaban o candor da súa alma e o seu carácter apracible, a corrección das súas faccións, a naturalidade e elegancia dos seus movementos, as súas formas anenadas, todo previña no seu favor, e aínda o menos perspicaz podía comprender que se algunha falta das que agora chama delitos o Código conduciuno a semellante sitio, nin a maldade botara raíces nel, nin estaba contaminado co vicio. Chamámolo ao pasar, e non ben quedou só, sen dicir unha palabra, desfíxose en choros. Aquelas bágoas resumían toda unha historia de poucas horas, unha historia terrible, desas que desde que se albiscan estremecen. Tiñamos diante unha vítima do abandono social, un mártir máis do funesto réxime carcerario. Todas as maldades ideadas contra os novatos caerán sobre el; o seu simpático aspecto, o seu candor, a súa educación mesma, foron os seus inimigos...

»Por poucos días que permaneza un neno no cárcere, por moita que sexa a vixilancia, sairá co corpo manchado e a alma pervertida¹⁴».

E despois que isto suceda, e ao cabo de días, de semanas ou de meses, o xuíz declarará que obrou sen discernimento, que é irresponsable; pode engadir e incorrizable; tales serán os estragos que na súa moralidade fixera o cárcere. Fálase das precocidades do xenio e de que tamén pode telas o delito. E han de establecerse regras conforme a excepcións rarísimas? O vestiario dun rexemento, ha de facerse á medida dun xigante que poida haber nel? Se algún neno, pola súa insensatez maligna, é perigoso, medios hai de impedirlle que faga mal sen levalo ao

¹⁴ *El niño en la cárcel.*

cárcere, e sen levalos a todos, sexan perigosos ou non, cometendo un dos máis execrables atentados.

É elemental en toda clasificación ter presente a clase de delito coas súas circunstancias, procurando distinguir ben as que revelan perversidade fonda e fría, daquelas que denotan violencia pasaxeira. As primeiras, xa se comprende, constitúen o caso máis grave; pero a violencia impremeditada non é tan leve como seica pode supoñerse; aquel home fixo mal sen pensalo; pero se non se modifica, sen pensar repetirao.

O visitador non ha de entrar, e probablemente perderse, nun labirinto clasificador de xéneros, clases e subclases; hai persoas que quererían para cada delito e variedade de delito unha pena especial, e censuran e ata ridiculizan que se pretendan curar con remedios tan parecidos males tan variados. Ben considerado, eles son os que incorren no absurdo e o ridículo ao pretenderen o imposible. Que sistema había de establecerse que se adaptase, pola variedade do método e disciplina, á variedade das infracciones legais? Isto non pode ser, e se puidese, non debería intentarse por caro e innecesario.

Se o visitador acha os factores comúns do delito, que sobre eles procure influír; a vontade torta ou débil, o egoísmo cego, a razón insuficiente, ofuscada ou auxiliadora do mal, o instinto brutal ou a paixón indómita: estes elementos perturbadores son os que é preciso modificar na súa *esencia idéntica*, porque a variedade dos resultados depende da súa intensidade e das circunstancias: segundo os casos, un delincente rouba un peto con tres pesetas ou unha caixa con tres millóns, compra unha muller ou a seduce, fere ou mata. Se pode converterse o preso nun home de vontade recta e de razón suficiente, honrado será (con honradez legal polo menos), calquera que sexa o delito porque se lle condenou. Para conseguir esta rectificación da vontade ou do xuízo, ou de entrambos, debe terse en conta o delito, pero *só en tanto que dá idea do home*, e non imaxinar que sexa necesaria unha modificación especial para cada diferente infracción da lei.

O visitador necesita unha clasificación especial para conxecturar ata que punto é o delincuente susceptible de emenda e como debe tratalo:

Se é franco, polo menos cunha franqueza relativa ou hipócrita, ou dunha reserva impenetrable;

Se a súa razón é suficiente, deficiente ou auxiliadora do mal;

Se ten algún sentimento tenro, nobre, elevado, de familia, de gratitude, de patria, de humanidade;

Se conserva algunha especie de dignidade, que o visitador podería descoñecer porque na forma non se pareza á súa;

Se é ou non relixioso;

Se é fatalista;

Se é traballador ou perezoso, hábil ou torpe no seu oficio;

Se é instruído;

Se utilizou a súa instrución para cometer o delito;

Cales son as súas aspiracións e os seus gustos, ata onde é posible que os manifeste, e procurando esta manifestación, porque un dos medios máis poderosos para coñecer os sentimentos é saber os gustos;

Se está tranquilo ou axitado, xovial, alegre ou triste, e se a súa tristeza e a súa alegría contrastan coa natureza da súa culpa;

Se hai contraste entre a natureza do delito e a conduta na prisión, ou, pola contra, o penado é *continuación* do delincuente ata onde o consente a disciplina;

Se o delito foi consecuencia do vicio;

Se o delito denota unha gran violencia no impulso ou unha gran debilidade na resistencia;

Se o delito se realizou en circunstancias excepcionais ou comúns;

Se os elementos do delito son todos malos ou hai entre eles algún impulso bo;

Se ata onde pode xulgarse na prisión, o carácter aparece firme ou débil, constante ou veleidoso;

Se o egoísmo que está no fondo de toda acción mala se acentúa ou diminúe na prisión;

Se se queixa de todo e de todos, ou reconece xustiza en algo e equidade nalgún;

Se o consolo que recibe do visitador é soamente debido ao instinto de sociabilidade e ao cálculo do ben material que poida recibir del, ou penetra algo máis fondo no seu ánimo en forma de gratitude, de afecto e de esperanza de apoio moral;

Se non suspira pola liberdade, e, pola contra, parece ben achado na prisión; neste caso pode haber penados de diversas clases:

O reincidente a quen o hábito de estar preso connaturaliza coa prisión;

O penado pola primeira vez, pero cuxo carácter está nunha desgrazada harmonía co seu inxusto proceder, e soporta con calma as consecuencias do mal que fixo con premeditación;

O brutal apático, que, tendo cubertas as súas necesidades materiais, non sofre moito pola falta de liberdade.

Indicamos a conveniencia de observar se o preso é *xovial*, e talvez admire que poida darse o caso de *xovialidade* nunha prisión; pero dáse, e non é un indicador seguro, nin aínda aproximado, de ningunha calidade esencial, porque se ve en grandes malvados e en penados por delitos leves e que son moi susceptibles de emenda. No presidio e fóra del, a *xovialidade* non é a alegría, nin a alegría aparente e aínda real, pero pasaxeira, o benestar; de que un preso se chancee ou cante (onde os deixan cantar), non hai que inferir que estea contento; hainos que cantaron a véspera do día en que se suicidaron. En todo caso, non dando máis valor que o que teñan estas aparencias, o feito de que un penado se ache ben no presidio non é bo síntoma para a súa corrección.

Que o recluso desespere, se resigne ou se connaturalice coa prisión, debe terse presente que a influencia do cativerio en si é mala. Como, pois, se propón para corrixir? Ou porque se

ignora a súa mala influencia, ou porque se espera neutralizala e convertela en benéfica, como sucede nas prisións ben organizadas; pero cando o visitador observa algo común á inmensa maioría dos reclusos, algo que non parece relacionarse co seu temperamento nin co seu delito, este algo é o cativerio, que hai que sanear para que non sexa elemento corruptor. Convén telo presente, para que no balance moral non se poña no debe do preso o que é cargo para a prisión.

A clasificación da prisión poderá ser útil ou contribuír ao erro, segundo estea ou non feita con datos suficientes, razón bastante, e aquela imparcialidade de espírito que non desfigura os feitos por velos ao través de ideas preconcebidas e do desexo de facelas triunfar.

Noticias respecto dos reclusos no correccional

| ERAN EN NÚMERO DE | NÚMERO DE RECLUSOS | | | |
|---|--------------------|-------|-------------|-------|
| | Ano de 1886 | | Ano de 1890 | |
| | 2378 | Por % | 4194 | Por % |
| De carácter decididamente malo | 1247 | 52,4 | 2182 | 52 |
| Con facultades morais completamente deficientes | 69 | 2,9 | 73 | 1,7 |
| Enteiraamente incapaces de sentimentos morais | 976 | 41 | 1429 | 34,1 |
| Carecían completamente de afectos filiais, de pudor | 1452 | 61 | 1900 | 45,3 |
| Cometeran delitos contra a propiedade | 2226 | 93,6 | 3920 | 93,5 |
| Non tiñan ningunha relixión | 220 | 9,2 | 232 | 5,6 |

Esta estatística, por estar extractada, non deixa de ter os datos necesarios respecto ao fin que nos propoñemos ao mencionala. O primeiro que chama a atención nela, é que, comparando o ano de 1886 co de 1890, mentres os que cometeron delitos contra a propiedade (é dicir, o maior número) están na mesma proporción, 93,6 por 100, 93,5 por 100, e sucede o propio cos de pésimo carácter; os irrelixiosos, baixan do 9,2 ao 5,6 por 100; os que carecen de facultades morais, do 2,9 ao 1,3 por 100; os enteiramente incapaces de sentimentos morais, do 41 ao 34 por 100; e

os que carecen completamente de afectos filiais, de pudor, etc., do 61 ao 45,3.

É posible que en CATRO anos se verifique un cambio tal, non no número e clase de delitos, en que inflúen ás veces moito as circunstancias, senón nos sentimentos máis íntimos, máis fondos, do corazón humano? É posible que en catro anos diminúan case nunha metade uns, e outros nun terzo, os que carecen de facultades e sentimentos morais, de relixión, de pudor e de piedade filial? Este cambio brusco, pode dicirse instantáneo, en modos de ser que tan lentamente se modifican está nos números, non pode estar nos feitos; ou a clasificación de 1886 está mal feita, ou non está ben a de 1890, e ningunha das dúas merece confianza.

Aínda que os internos de *Elmira* son rapaces de dezaseis a trinta anos, delinquiron por primeira vez, e non gravemente, é moi de notar que de 4.194, entre os cales o 93 por 100 son ladróns, é dicir, os máis expostos a reincidir, e

| | |
|------------------------------------|-------------|
| Carecen de relixión | 5,6 por 100 |
| De facultades morais | 1,7 » |
| De sentimentos morais | 34,1 » |
| De afectos filiais, de pudor, etc. | 45,3 » |
| Teñen pésimo carácter | 52 » |

E estiveron no correccional, máis ou menos, de vinte a vinte e un meses.

Destes homes, con tantas condicións para reincidir, *garántese a emenda* en proporción do 75,8 por 100. É isto probable, ou, falando con honrada franqueza, é isto posible? Moito pode concederse á bondade dun sistema; moito ao mérito de Mr. Brockway¹⁵; pero non cremos que nin un nin outro fagan o que non parece factible.

¹⁵ O Centro Correccional de Elmira (Nova York) foi fundado en 1876 como reformatorio, e dirixido dende o seu inicio polo superintendente Zebulon Brockway. Actuando con fins de rehabilitación, Brockway estableceu unha disciplina estrita similar á dun

Para nós é evidente que, ou os internos de *Elmira* cando entraron no correccional non eran tan malos como aparece da clasificación, ou non eran tan bos cando os puxeron en liberdade *porque se garantía a súa corrección*. O lector xulgará se os números citados expresan a verdade dos feitos, ou son unha proba da reserva con que nalgúns casos deben acollerse os datos estatísticos.

campamento militar. O sistema deu lugar a un modelo penitenciario seguido en varios Estados americanos. O chamado *Sistema Elmira*, inspirado tamén polo *modelo irlandés* e polas *colonias penitenciarias de Australia*, malia o abuso dos castigos corporais, supuxo un avance na reforma dos sistemas de prisións, por canto permitiu diferenciar entre delinquentes xuvenís e adultos, clasificar os presos en graos, e recoñecer a posibilidade de rehabilitación dos internos [N. dos T.].

CAPÍTULO IX

XENERALIZAR-INDIVIDUALIZAR

Hai persoas para as que o delincente é un ser á parte, que pouco ou nada ten de común co resto da humanidade, e feita esta distinción mental, favorecida polo fallo legal, consideran a masa de delincentes pouco menos que homoxénea; sobre eles pasou o rodete da lei e do desprezo público; todos teñen o mesmo factor común, e na común ignominia envólvense e confunden.

Este modo de discorrer e de vulgar, parte de dous erros: o primeiro é poñer o delincente fóra da lei da humanidade, coma se nada tivese de común con ela; o segundo é supoñer entre os que delinquiron unha igualdade que non existe; de maneira que se establecen diferenzas esenciais onde hai semellanzas, e identidades onde existen diferenzas. O que participe deste erro, nin vulgará ben como xuíz, nin como empregado nunha penitenciaria, nin como visitador; se é lóxico, influirá como podería no ánimo do recluso; dicimos *se é lóxico*, porque na práctica de moitas teorías inexactas a realidade imponse, e o bo desexo acha o ben polo camiño da inconsecuencia; é, no entanto, moi preferible non incorrer nela e que o proceder estea en harmonía co raciocinio.

Hai que fuxir dos extremos, non facer unha especie de abstracción do delito, e estudándoo mellor ou peor, clasificalo e prescindir algo, ás veces moito ou de todo, do delincente, que se considera en masa homoxénea. Houbo dez mil roubos? Pois haberá dez ou doce mil ladróns. Aínda que uns terán máis culpa e máis pena ca outros, hai tendencia a confundilos e a non ver neles máis que homes que roubaron. Os que así pensan e senten, foron obxecto de acusacións esaxeradas en que non incorreremos, e por iso dixemos que, ocupándose do delito, prescindían *algo, ás veces moito*, do delincente, engadindo ou *de todo*, caso que se dá aínda que non sexa xa tan común. Cando se condena un home a presidio por moitos, por moitísimos máis anos dos

que pode vivir; cando se lle impoñen *dúas cadeas perpetuas* ou a pena de morte e a de prisión, non parece o caso de prescindir do home que delinquiou, ocupándose tan só do delito? Causa ou efecto, ou todo á vez, deste xeito de considerar as infraccións legais e os infractores é a tendencia a non ver nestes senón cantidades diferentes dunha masa igual, e a non distinguilos máis que polo tempo que han de estar encerrados.

Os delincentes, lonxe de constituíren unha masa homoxénea, diferéncianse entre si máis que as persoas honradas; hai moitos modos de ser malo, e un só de ser bo, aínda que teña graos a bondade. O respecto á vida, á honra, á facenda allea, é na esencia o mesmo, aínda que, segundo as circunstancias, poida ter máis ou menos mérito respectar estas cousas; pero o atacalas, que variedade tan infinita de crueldades, de astucias, de imprudencias, de cobardías, de valor, de infamias, de debilidades, de esforzos, de torpezas, de perspicacias, de veleidades e de perseveranzas! Que variedade tan infinita resulta da complicación de todos ou de moitos destes elementos anormais! Un home de ben, aproximadamente e no esencial, sábese como é; pero quen adiviña un malvado nas aberracións da súa cobiza, da súa luxuria ou da súa crueldade? Ata que o delito revela aquela individualidade ignórase e, aínda logo de cometido, a revelación é polo común incompleta se un estudo especial non penetra nas tenebrosas profundidades do culpable.

Partindo, pois, do suposto (que cremos conforme á verdade) de que os delincentes diferéncianse entre si máis que os homes honrados, na prisión hai que individualizar máis que no mundo.

Por outra banda, salvo monstruosidades probablemente patolóxicas, en todo caso raras, as regras xerais da humanidade son en gran parte aplicables á prisión. As leis da vida do espírito, como as fisiolóxicas, rexen, non só cando se goza saúde, senón durante a enfermidade, que terá o seu método de curación especial, a súa terapéutica, pero tamén a súa hixiene, que é común ao san e ao enfermo. O coñecemento deste suposto e necesita o do

home que goza de saúde, porque non é posible apreciar as alteracións dun organismo físico, nin psíquico, sen saber como debe funcionar no seu estado normal.

De feito, como se xulga aos delincuentes? Como se lles reglamenta e se procura influír no seu ánimo, senón partindo das semellanzas que teñen cos demais homes? Por elas son culpables, e por elas son corrixibles; un animal daniño non se xulga, cázase; a acusación, a defensa, o xuízo, a pena, parten, e non poden menos de partir, de elementos comúns entre o xulgador e o xulgado, de elementos humanos.

E prescindirase deles na prisión? Tan lonxe diso, é preciso buscalos, observalos, fomentalos como punto de apoio imprescindible para a emenda. O bo do delincuente é o que ten de común coa maioría dos homes; o malo é o que o asemella aos que delinquiron coma el; no modo de delinquir entra a individualidade. Que é a corrección? Volver o delincuente á lei xeral. E como se logrará sen coñecela, sen aplicala?

Sábese que, por regra xeral:

A parte que o delincuente tome na vida normal, na vida honrada, e, se é posible, as boas e ata virtuosas accións, predispoñerá o seu espírito e fortalecerao para combater os malos impulsos;

A predilección ben dirixida por algunha cousa ou persoa, pode ser un modificador das malas inclinacións;

Os hábitos de orde favorecidos por un sistema que sexa regra que guíe e non rodete que esmague, contribúe a regularizar os movementos do ánimo;

Os sentimentos relixiosos poden auxiliar os bos propósitos ou determinar a formalos;

A dignidade, ou soamente o amor propio, sufrirán coa humillación que é para o home non absolutamente envilecido o verse en certo xeito equiparado aos animais daniños, a quen se persegue, encérrase ou cázase;

A razón demóstralle que o que se fai temer farase perseguir e penar.

Será un poderoso auxiliar o traballo ben ordenado, que alixeira o peso da vida triste, e para a ditosa é, ou un dos seus goces, ou os interrompe e evita o fastío.

Aínda que se analice a composición dun delito, porque todos son complexos; aínda que se teñan en conta os diferentes resultados a que poden dar lugar as varias proporcións dos seus elementos, debe recordarse que estes na esencia son os mesmos, e que é tamén esencial para a emenda, ao apreciarlas circunstancias individuais, non prescindir das regras xerais.

Conviría facer, ata onde fose posible, unha especie de balance moral do delincente para calcular o que hai nel conforme á lei xeral, é dicir, de humano, o que ten de perverso e a forma especial da súa maldade.

É de notar que o individual é o primeiro que se ofrece ao visitador se observa, e poderá converter en auxiliar ou combater como inimigo. Pero, que cautela e miramentos e circunspección esixe este combate! Canto máis persoal é un defecto, máis persiste, coma se se connaturalizara co individuo e formase parte del; coas boas calidades sucede o mesmo, e ha de procurarse esta compensación ata onde sexa posible nunha penitenciaría.

Un home que cometeu un delito maior pode ser máis susceptible de corrección que outro cuxa culpa sexa menos grave se no primeiro o elemento humano se conservou máis poderoso e ofrece un punto de apoio que non se atopa no segundo. En igualdade de elementos humanos e antisociais, as calidades do individuo poden exercer unha influencia poderosa e aínda decisiva na súa corrección. O carácter arrebatado ou apracible, a actividade ou apatía para o traballo, os gustos máis groseiros ou máis delicados, a vaidade puntillosa ou o amor propio do orgullo, afín da dignidade e que pode chegar a selo; os graos de ignorancia ou de erro, de fe relixiosa, ou a falta absoluta dela; o temperamento, que contribúe tanto a resignarse ou a desesperar no cativerio; as circunstancias e os recordos do pasado, as ilusións do porvir, as realidades do presente, o baleiro que deixa o que puidese

chamarse a ausencia dunha parte da vida que desaparece coa liberdade, todo contribúe a facilitar ou dificultar a emenda.

O coñecemento do peculiar do individuo é indispensable para influír no delincuente; pero as aplicacións deste coñecemento, se se logra, son dificultosas, porque, non só hai que obrar lentamente, senón indirectamente. Se se pode esperar algo, e aínda moito, do amor propio do penado, hai que temelo e consentilo non só evitando a repreensión, senón disfrazando o consello; cando mellor toma unha lección é cando menos sospeita que pode dár-selle; falamos de lección moral, porque doutro xénero prestarase a recibilas sen creerse humillado. No medio de tantas diferenzas como hai entre os que obran mal, é raro que falte a semellanza de non ser propicios ao que lles ensina o camiño do ben, porque a lección ten aparencia de repreensión e o consello de sacrificio.

As regras para o coñecemento xeral do delincuente pode o visitador levalas sabidas á prisión; pero ás modificacións individuais ha de contribuír o individuo sen que el o saiba; preguntándolle pouco, escoitándoo moito, consultándolle os seus gustos, entrando nos seus proxectos se son razoables, penetrando nas súas dores como quen os compadece, e ata onde sexa posible identificándose con el sequera algúns momentos, poderá ter idea do individuo. Será sempre exacta? Serao as máis das veces? Quen sabe! O único seguro é que, sen xeneralizar e individualizar na medida conveniente, non se chega ao coñecemento posible do culpable e falta un elemento poderoso para corrixilo.

Debe insistirse na necesidade de coñecer:

- 1.º Os elementos humanos que hai no penado.
- 2.º Os elementos do delito en xeral.
- 3.º As condicións individuais do delincuente.

Os educadores da mocidade consideran primeiro o elemento humano, o que hai do home no mozo; despois o alumno, é dicir, aquel suxeito, cunha dirección especial e emprego de forzas adecuado ao fin particular que o educando se propón, e, por

fin, o individuo con todo o peculiar e propio del, tratando de harmonizar para o ben os seus elementos persoais entre si e cos profesionais e xerais.

Talvez se diga que non pode admitirse a comparación pola falta da analoxía que existe entre un mozo honrado e un delincente; pero a obxección non nos parece moi forte. Certo que o elemento humano é máis poderoso nunha colectividade de mozos que de delincentes; pero é verdade tamén que en todo mozo hai unha incógnita que só o tempo despexará; e como a comparación non é de *moralidade*, senón de *método*, o seguido por un bo educador baixo o punto de vista lóxico cremos que daría bo resultado nunha penitenciaría.

Para a aplicación destas regras, e doutras moitas e mellores que poden darse, xa se comprende canto vantaxosamente influirá a experiencia, que tenden a desdeñar os innovadores e a encomiar en demasía os que son hostís ás innovacións. A experiencia é unha gran mestra, pero non a constitúe a repetición de actos irreflexivos, ás veces non razoables, nin se mide polo seu número, senón que resulta da práctica razoada de procedementos, que se modifican en vista dos seus resultados malos ou bos; en todo caso, a experiencia, aínda a verdadeira, é unha luz que pode ter, e ás veces ten, eclipses; é un instrumento máis perfecto de observación, pero necesítaa o visitador experimentado; observa máis pronto e mellor, pero necesita observar o delincente que desexa corrixir.

CAPÍTULO X

ARREPENTIMENTO E EMENDA

Neste capítulo temos necesariamente que repetir algo do que dixemos nos nosos *Estudios Penitenciarios*, e nun artigo que se publicou no *Boletín francés da Sociedade xeral de Prisións*.

O arrepentimento vese con máis frecuencia nos libros e nos expedientes de indulto que se queren informar ben, que nas prisións, entendendo por arrepentimento a dor de facer mal só porque é mal, e prescindindo das consecuencias funestas que pode ter para o culpable. Este feito é consecuencia da condición do home, e non exclusivamente da do penado, como pretenden os que lle supoñen para todo fóra da humanidade.

Que a maior parte do mal que se fai no mundo non o fan os condenados pola lei, é cousa clara para o que medita sobre as desgrazas humanas e procura analizar as súas causas. E estes miles, millóns de malfeitores que a lei non condena nin a opinión talvez acusa, ¿que probas dan de arrepentimento, nin que sinais de emenda? En España, é unha cantidade insignificante a que rouban os ladróns que están en presidio, comparada co roubado polos que gozan en liberdade o froito das súas rapinas, legais unhas veces, ilegais outras, e que sempre son no fondo o roubo, que consiste en apoderarse do alleo contra a *recta* vontade do seu dono.

Porque, en suma,
O oficio é sempre igual;
Máis airoso con puñal,
E máis cómodo con plumas.

Entre os que rouban legalmente ou subtraéndose á acción da lei, hainos peores que moitos condenados por ela, non só pola cantidade, senón polas circunstancias do roubo e as súas consecuencias. E onde están as probas do seu arrepentimento? De non arrependírense resultan evidentes, e de cando en vez, moi rara, sábese dalgunha insignificante restitución, que polo tardía e por outras circunstancias, máis que de arrepentimento verdadeiro

debe cualificarse de temor que a proximidade da morte infunde aos que fixeron mal en vida. Con outros moitos xéneros de maldade sucede o mesmo: os malfeitores impunes non dan mostras de estaren arrependidos.

E, se no mundo en xeral non hai verdadeiro arrepentimento, debe o visitador contar con el en presidio, e ver no feito de que non exista un desengano que o desalente? Debe considerar o penado non arrepentido como un monstro, ou como un home semellante a todos os que fan mal? Esta última opinión parécenos a verdadeira, e propia para evitar pesimismo e ilusións que tarde ou cedo se converten en desalentos.

O feito de apropiarse do alleo é cousa máis conforme coa natureza humana do que se cre, e búscanse razóns e áchanse sofismas e subterfuxios para lexitimala. Ás veces *poden* causar remordemento as consecuencias imprevistas do roubo, o dano feito á persoa roubada, e cando, moralmente considerado, o ataque ás cousas convértese en ataque grave ás persoas; pero do roubo en si mesmo é moi raro arrepentirse, se se prescinde da ignominia e do prexuízo que causou ao ladrón.

A un home moi traballador, moi honrado e moi simpático, falando da necesidade de conter os ladróns por medio da pena, oímolo dicir un día: *porque, se non, o que é por roubar*, TODOS ROUBARIAMOS. Estas palabras impresionáronnos profundamente pola persoa que as dicía e por coincidir con observacións que fixeramos. Así, pois, entre os penados por apropiarse do alleo non debe esperar o visitador verdadeiros arrependidos. Entre os que atacaron as persoas poderá haber algúns se a inxustiza da lei non sufocou a conciencia baixo o peso da desventura, do cal vimos algún caso. A dor en xusta medida pode contribuír a espertar a conciencia, que torce ou narcotiza cando é excesiva coma se a inxustiza que se recibe lexitimase a que se fixo; isto, senón é razoable, é inevitable.

Sen ter por imposible o verdadeiro arrepentimento, o visitador ha de buscar e promover o que resulta de considerar as conse-

cuencias do mal feito: a ignominia, a perda da liberdade e de tantas cousas como se perden con ela, e que é posible, aínda que difícil, recobrar coa emenda. Nesta emenda hai moitos que non cren porque a fan sinónimo de *transformación*. Se para corrixirse é necesario transformarse, non hai delincente corrixible; é onde leva a lóxica partindo do erro. Se o penado é un ser anormal en todo, para convertelo en persoa honrada hai que cambialo totalmente, facer del *outro home*, o cal non é posible.

O que debe procurarse é que sexa o mesmo home que antes de infrinxir a lei, parecido, case igual, igual ás veces, e aínda algunhas superior, aos que non delinquiron, pero que se achou en circunstancias desgraciadas que contribuíron a vencer a súa vacilante virtude. A do maior número dos homes, é por ventura tan sólida que estea a proba de todos os azares da sorte? Pouco sabe de miseria moral quen tal afirme, e descoñece o feito tantas veces repetido dunha casualidade calquera que converteu en criminal un home que parecía bo e ata entón fora honrado. As transformacións son ilusorias; o posible, e ao que debe aspirarse, é a que o delincente volva ser o que foi antes de delinquir. O feito de caer, predispón a caer outra vez; e se a prisión é depravadora, se a opinión pública rexeita o que sae dela, se a lei suspicaz o persegue no canto de protexelo e reproducense todas as circunstancias en que delinquiui, a reincidencia parece inevitable, fatal.

O visitador debe ter en conta todos estes factores da reincidencia; non poderá suprimilos, pero que polo menos diminúa e neutralice a súa influencia.

A culpa deixa unha mal fermento, pero a pena pode neutralizar e aínda vencer esta disposición cando o home *tentado* de novo é o home *escarmentado* e experimentado das consecuencias do delito. O visitador, con arte, ao procurar consolos ao penado e facilidades para o día en que recobre a liberdade, debe poñer en relevo todo o dano que lle causou o delito, e sen quitarlle a esperanza de recobrar os bens que por el perdeu, encarecer a súa importancia.

Se é certo que a caída predispón a caer de novo, tamén o é que hai circunstancias que non se repiten e disposicións interiores que non se reproducen; ignórase o como, pero o feito é que hai momentos, horas fatais, en que o home fai o que non fará máis a pouco que se lle auxilie, ou soamente con que non se lle empuxe ao mal. Este é o caso de moitos delinquentes en proporción que se ignora, porque ata aquí non se empregaron medios eficaces para pescudalo nin para utilizar a investigación. Do estudo do culpable e das súas circunstancias poderán inferirse se o delito é consecuencia dun estado pasaxeiro ou permanente; a tendencia a facerse crónico é rara cando se trata de ataque ás persoas, máis común nos que atacan a propiedade, porque é menos oposto á natureza humana subtraer unha cousa que matar ou ferir unha persoa; o vicio ou a necesidade poden ser un impulso permanente, e os medios reprobados de satisfacelos tentan de continuo, de modo que as tentacións multiplícanse e a conciencia rexéitaa con menos enerxía.

Se dixemos que en moitos homes, talvez nos máis, o equilibrio no ben é inestable, non cremos tampouco que sexa estable o do mal: a facilidade que hai para caer, haberíaa con frecuencia para levantarse sen as dificultades (en certa medida inevitables) que a lei e a opinión opoñen. Nin optimista nin pesimista, o visitador debe ver no delito un equilibrio moral que se rompeu porque é inestable en gran número de homes, pero que pode restablecerse porque son poucos os que viven no *equilibrio estable do mal*, se non os sosteñen nel os perversos costumes, as malas leis e os malos homes que as aplican.

Ás veces é evidente que un leve peso inclina a balanza ao lado do mal. E por que non a inclinará en ocasións ao lado do ben calquera circunstancia favorable? Por ventura a natureza do home é dobre e obedece a distintas leis, segundo se trate do mal ou do ben? Non: trátase do ben ou do mal, unha mesma lei psicolóxica réxea. Se hai casos en que un leve impulso fixo caer, pode haber outros en que un lixeiro apoio baste para que o caído se levante.

Se os delitos afíns ao vicio, que son a súa consecuencia e ás veces confúndense con el, tenden a facerse crónicos, e fanse cando no canto de combatelos enerxicamente favorécense nas prisións corruptoras; se os ataques á propiedade achan menos resistencia interior e máis tentacións exteriores, os ataques ás persoas, salvo monstruosidades probablemente patolóxicas as máis das veces, son consecuencia dun estado anormal e pasaxeiro; de modo que, se o criminal é unha excepción entre os homes, o crime é un estado pasaxeiro no criminal¹⁶. A tendencia a repetir un delito está en razón inversa da súa gravidade, o cal, unido á triste experiencia da pena, se esta non é depravadora, dá fundada esperanza de emenda.

Repetimos que esta emenda ha de ser legal, como a honradez de moitos, quizais a maior parte dos homes, e, repetímolo, porque hai persoas que esixen dos penados en liberdade definitiva ou provisional virtudes de que en moitos casos carecen os que non foron condenados pola lei, e aínda algúns dos que a aplican: é a teoría da *transformación* posta en práctica.

A transformación, ilusoria nos adultos, pode realizarse nos nenos e nos mozos, non porque os transforme ningunha disciplina, senón porque se transforman eles; é dicir, que sendo o delito consecuencia de desequilibrio de facultades que non chegaran á súa plenitude, ao verificarse esta establécese a orde psicolóxica, e o mozo aparece transformado, e ata certo punto o é, porque se *completou*. Se esta transformación non é obra da lei, a disciplina pode contribuír a ela favorecendo o desenvolvemento dos bos impulsos e combatendo o dos perversos, ou facela imposible colocando o adolescente nunha prisión depravadora ou deixándoo nunha liberdade da que abusará. Dos mozos que delinquiron pode esperarse moito do cambio natural, como xa dixemos, especie de crise que ás veces converte o raparigo honrado en home delincuente, e o mozo culpable en home honrado.

¹⁶ Por crime entendemos delito grave.

Aínda que a transformación sexa posible nos mozos, non se teña por segura; hai mozos cuxo desequilibrio psicolóxico é *definitivo* e que *medrarán* sen *cambiar*; tales adoitan ser os criminais precoces, cuxo rostro imberbe e voz infantil non deben enganar o visitador, dándolle esperanzas dunha rexeneración que non se realizará; se as condicións da prisión son favorables, e hai tempo *suficiente*, é dicir, *moito*, poderá lograrse a honradez legal como no delincuente corrixible que ofrezca maiores dificultades para a emenda.

Que regras terá o visitador para xulgar se un delincuente que non está tolo¹⁷ é ou non corrixible? Ninguén, sen temeridade, cremos que poderá darllas, e mentres a experiencia non resolva, el non debe considerar a corrección, nin como fácil, nin como imposible; as súas dúbidas debe gardalas para si; que non as vexa o corrixendo, cuxa fe e esperanza de emenda, se a ten, debe estar fortalecida pola esperanza e a fe do visitador. Pero na dúbida razoable e case inevitable do entendemento, a caridade non pronuncia o egoísta *abstente*. Que dicimos a caridade, nin a xustiza? Cun só home corrixible que haxa nunha penitenciaría, como non se sabe cal é, hai que tratalos a todos como susceptibles de corrección para non desalentar e ofender ao que o sexa.

Ao dicirmos arrepentidos, expresamos unha situación do ánimo idéntica nos arrepentidos, de maneira que, coñecendo a dun, sábese a de todos? Non. Se na esencia o arrepentimento é sempre dor do mal feito só porque é mal, os graos desta dor varían moito; en certos casos é tan débil que non basta para preservar de novas faltas; noutros, é seguro preservativo contra eles; nalgúns, é verdadeiro remordemento acre, punzante, desgarrador, que corroe a vida e ás veces causa a morte; esta afirmación poderá ser cualificada de ilusoria polos que xulgan os delinquentes por regras que dan como xerais e non o son. Especialmente nos que atacaron as persoas, hai un número de arrepentidos que

¹⁷ Nas prisións non debía haber tolos, pero hainos.

non se sabe cal é, porque, nin é fácil sabelo, nin hai na maior parte das prisións quen poida pescudalo. Por se a nosa opinión fose cualificada por algún de sensiblería feminina, citaremos un autor que pola súa ciencia, pola súa experiencia, pola súa reputación, polo circunspecto e polo sisudo, parece que debe estar a cuberto da sospeita de visionario. O doutor Baer di¹⁸:

«É falsa a afirmación de que os delincentes non se arrepiñen nin teñen remordementos. [...] os que isto afirman carecen da experiencia que se adquire no trato continuo con eles, e fan extensivos os caracteres dalgún criminal monstruoso a toda a masa, cuxa vida seguramente ignoran, como descoñecen os seus sentimentos e o seu modo de pensar. Aínda estou vendo o rostro dunha serie de homicidas profundamente aflixidos, atormentados polos remordementos, e os cales, logo dunha reclusión relativamente breve, a tise liberou das súas torturas. Tamén vin asasinados, e recordo especialmente dous, mozos parricidas, que non daban o menor indicio de verdadeiro arrepentimento, pero eran verdadeiros imbéciles, que non debían estar nunha penitenciaría.

»Segundo Delbrück, os asasinados contraen enfermidades mentais con relativa frecuencia, porque, di, “a dor de quitar a vida a un home séntese (polo que puiden experimentar) máis constante e profundamente que por ningún outro delito, aínda que o que o cometeu sexa o máis corrompido dos delincentes. Con moita frecuencia, vendo reclusos abatidos, concentrados, con sinais manifestos de arrepentimento, souben que eran homicidas e asasinados”. As mesmas afirmacións fan os directores das prisións de Schück, Valentini, Strengd.»

Como se coñecerán os verdadeiros arrepentidos? Velaquí unha pregunta máis fácil de facer que de contestar; porque se é relativamente limitado o campo do verdadeiro arrepentimento, o da hipocrisía que o finxe é moi vasto.

¹⁸ *El delincuente considerado bajo el punto de vista antropológico y sociológico.*

Vimos algunhas regras que, como xerais, non nos parecen exactas para cualificar de non arrependidos os que o están ou poden estalo. Dicimos que *poden estalo*, porque nos primeiros momentos, horas ou días logo de cometido o delito, haberá talvez causas para non sentir o mal feito, ou non manifestalo aínda que o malfeitor sexa capaz de arrepentimento. A severidade, a dureza, quizais a crueldade con que o culpable sexa tratado, provocan manifestacións arrogantes ou rebeldes; o temor de aparecer débil e ridículo dá a idea de aparentar un valor que asemella cinismo ou insensibilidade; o instinto da vida ou de fuxir da dor fai negar ou desculpar o mal que se fixo, procurando evitar a pena coma se non se recoñecese a culpa; a transformación terrible de home libre en home encarcerado; as alternativas de temor e de esperanza, tantas emocións diversas, novas, punzantes, todo ha de producir axitación perturbadora da conciencia. Ademais, no ánimo arrastrado polo impulso delituoso hai unha especie de velocidade adquirida que non se extingue cando a forza pública detén o delincente, atado, encerrado, encadeado o seu corpo, na alma roxe a paixón indómita ou o instinto feroz que o arrastra ao delito: aplácanse, penetra a luz da razón naquelas tebras, volve en si o home moral, pero varía no modo, segundo o seu xeito de ser. A reacción da conciencia é instantánea, e o homicida mátese ou queda como fincado na terra, e déixase levar pola forza pública cal cousa inerte, ou se presenta á autoridade, ou foxe e volve acosado polos remordementos, ou non os sente senón logo de pasado o tempo que foi necesario para acougar o tumulto das súas concupiscencias, dos seus odios e das súas iras.

Outras veces ao delito segue o *remordemento*, pero co tempo vai gastándose; é unha dor que, se non trastorna ou mata, pode anquilosarse no hábito de sufrila e acaba talvez por desaparecer; a isto contribúe moito a prisión corruptora e o ser tratado o culpable con dureza e inxustiza que, ao seu parecer, desculpa ou lexitima a súa e diminúe a súa sensibilidade.

De todos os xeitos, de que un criminal non teña inmediatamente remordementos non debe concluírse que non sexa capaz

de telos, e porque non os sinta moito despois de cometido o delito non pode asegurarse que non os sentiu nunca.

O arrepentimento, no que puidésemos chamar os seus graos mínimos, non é moi difícil de finxir se o hipócrita é hábil; pero ten que selo moito para que non se descubra o finximento se se lle piden probas que para el sexan sacrificios, como indemnizar ata onde poida os prexudicados polo seu delito.

Hai emenda *legal* sen arrepentimento, e arrepentimento en grao mínimo que remorde pouco e do que non resulta sempre a emenda pola debilidade do arrepentido; pero, en xeral, o que se arrepite está en camiño de emendarse, e a dor de facer mal ha de considerarse como un auxiliar poderoso para que volva á práctica do ben. Cando esta dor se gradúa moito, cando é verdadeiro remordemento, que acosa, que corroe, que tortura, parécenos imposible que se poida finxir; o soño é breve e intranquilo. Relosillas¹⁹ fala dun parricida²⁰ que, ao dicir dos seus compañeiros, non durmía nunca; el entrou no seu cuarto moitas noites a diferentes horas, e sempre o viu esperto; aínda que durmise algo sen o cal non podería vivir, o seu sono non sería profundo, como lle acontece, en xeral, aos atormentados pola conciencia. O estaren os culpables abatidos e concentrados, circunstancias que Del Crük [*sic* no orixinal, erro por Delbrück, citado antes] considera como sinais de remordemento, cremos que, en efecto, o son.

Non esqueceremos nunca unha muller penada como instigadora, auxiliadora, e aínda se dicía que capitá dunha cuadrilla de fuxidos, deses que nas guerras civís, para roubar e asasinar, dinse defensores dunha causa que deshonran. Por falta de proba

¹⁹ Juan José Relosillas Mellado (1848-1889) foi un periodista e político español con algún recoñecemento no seu tempo, aínda que posteriormente sen relevancia ningunha. Escribiu en diarios republicanos e satíricos, e en 1873 foi destinado a Ceuta para inspeccionar o seu penal. Sobre esa experiencia escribirá unha das súas obras máis coñecidas: *Catorce meses en Ceuta* (1886), na que describe a vida dese penal. Sen súbida de aí sae a anéctoda que reflicte Arenal [N. dos T.].

²⁰ Este parricida, a quen parece indubidable que atormentaban os remordementos inmediatamente despois do seu horrendo crime, para ocultalo tivo unha serenidade aparente que indicaba falta absoluta de conciencia, o cal non era certo.

talvez, foi só condenada a algúns anos de prisión; pero a súa conciencia foi máis severa que o foron os seus xuíces, e ensimesmada e abatida, parecía baixo un peso superior ás súas forzas e escoitando interiormente algunha voz que apenas a deixaba percibir as voces exteriores.

Podese dicir que nin rexeitaba nin aceptaba os auxilios materiais que se lle daban e as palabras afectuosas que se lle dirixían; a súa expresión era como de estrañeza de que ninguén tomase interese por ela, e imaxinábase que podía utilizar ningún servizo nin recibir ningún consolo; caeu enferma e morreu pronto. Non se queixaba, aínda que debía padecer moito; achaba algún alivio estando en pé; pero como pola súa debilidade non podía sosterse, auxiliábase as súas compañeiras relevándose, porque era moi corpulenta, e coidándoa cunha caridade que non sempre se atopa na xente honrada; xa moribunda, alguén humedeceu os seus beizos abrasados pola febre, dicíndolle: «Sofre vostede moito!» «MÁIS MEREZO», respondeu cun acento que penetrou ata as entrañas de cantos o oíron, e fixo verter bágoas que eran unha absolución.

Ao ver estes arrepentimentos non se pensa na emenda que necesariamente levan consigo senón nel, dor horrible que non se considera, un culpable que corrixir senón un desventurado coa maior das desventuras que consolar; non é a reincidencia o que se teme, senón a loucura, o suicidio, a enfermidade ou a morte.

CAPÍTULO XI

COUSA OU PERSOAA?

En toda colectividade que non inspire amor, temor, respecto ou compaixón, os seus individuos están moi expostos a non ser tratados como persoas. Se no hospital se dá orde de poñer sinapismos ou cataplasmas ao *número tantos*; se da garda se toman *catro números* para prestar este ou outro servizo; se este xeito de falar é a expresión fiel de como se consideran as partes daquel todo que sofre ou que presta o auxilio da forza, e no que se ven, máis que suxeitos, obxectos dun medicamento ou portafusiles, é de temer que a colectividade dos delinquentes sexa considerada como masa, cuxos individuos non son persoas. Privados da liberdade, de dereitos políticos e civís, suxeitos a todas as horas do día, todos os días do ano, a unha regra especial, rigorosa, abafadora; rebaixados polo seu delito e pola condena no concepto público, a lei non os considera como cidadáns, e os encargados de executala inclínanse moito a non miralos como persoas.

O hospital, cando non hai nel ninguén que compadeza, é desmoralizador; pero o enfermo que está alí pouco tempo non o ten de desmoralizarse.

O cuartel é desmoralizador tamén, porque ao entrar desaparece a persoa e só queda o soldado, e tanto máis canto na disciplina haxa maior arbitrariedade e dureza; pero, en fin, o soldado non está sempre no cuartel, e ao saír recobra en parte a súa personalidade, é libre, ata certo punto, a opinión respéctao, ten relacións de amizade, de amor, unha atmosfera vivificante que sana a viciada pola escravitude; así e todo, o prescindir da persoa, aínda que sexa intermitente, non sempre pode neutralizarse, e os excesos da *soldadesca desenfreada* son ás veces elos da cadea rota aguzados polos malos instintos. As terribles reaccións da escravitude coñéceas o sentido común, e transmitiu á linguaxe que para expresar o furor de paixóns indómitas di que están *desencadeadas*.

A escravitude da prisión non ten intermitencias como as do cuartel; o preso é sempre o número tantos; non se lle pregunta o que pensa e o que quere: mándaselle o que *debe* conforme a unha regra inflexible, igual, aplicada a todos; para o vestido e o calzado adoita haber tres medidas: para o espírito hai unha soa a que é preciso axustarse, veña ancha ou estreita. A obediencia, canto máis pasiva mellor; é o ideal respecto ao preso coma respecto ao monxe; se coas palabras ou coas accións din aos seus superiores *fiat mihi secundum verbum tuum*, son relixiosos exemplares e delinquentes arrependidos, ou así llo parecen polo menos aos que non sospeitan o mal que pode ocultarse tras da humillante debilidade ou a calculada hipocrisía.

Parécenos oportuno repetir aquí o que dicíamos ao Congreso penitenciario internacional de Roma:

«O home non é home, moralmente falando, senón polo exercicio consciente da súa vontade: a do delincente que traspasou os límites debidos debe ter reducidos os seus límites de acción. Pero ten que inferirse de aquí que non se lle debe deixar acción algunha, e que no seu prazo, ás veces moi longo, ten que considerarse vontade como se non existise? Todos os días e acotío diráselle *debes* facer isto ou aquilo, e nunca *quieres* facelo? Semellante disciplina rebáixao aos seus propios ollos, e non se poderá considerar como persoa se *non pode* facer algunha vez o que *quere*. É evidente que poderá concederselle pouco do que talvez desexe; xa o sabe, e a menos que non estea tolo non pedirá o imposible; pero debe haber, sen saír dos límites do regulamento (e é necesario trazar razoablemente estes límites), un medio de harmonizar as esixencias da prisión coas da natureza humana, de maneira que aínda na catividade teña o cativo algúns movementos libres.

»Nas ordes monásticas, aínda que a abdicación da vontade sexa voluntaria, aínda que se dignifique a obediencia coa idea de que é un mandato divino, aínda que a pasividade se neutralice algo coa elevación da alma cara ao Eterno Infinito, no entanto,

poden observarse os estragos morais que resultan da supresión da vontade. Ademais, e isto debe notarse moito, a abdicación da vontade do relixioso é para toda a vida, e a regra e a autoridade que por unha banda o debilitan, por outra o sosteñen ata certo punto, mentres a vontade do penado non é pasiva senón durante a súa condena, terminada a cal, aquela vontade de que se prescindiu durante o cativerio recobra as súas atribucións; pero debilitada pola inacción, terá que vencer grandes obstáculos, e é de temer que sexa caprichosa e violenta coma os débiles que de improviso se ven con autoridade».

Aos homes en liberdade ha de mandárselles máis nada que o preciso, e o mesmo aos presos; para estes xa se comprende que o preciso será moito máis; pero debería facerse un estudo moi detido do indispensable e non pasar de alí. Nótese que cando se manda ben hai que mandar menos, e que os que mandan mal mandan moito.

O liberto sae da prisión talvez cun regular peculio, sabe facer acaso con perfección relativa un traballo industrial, recibiu algunha instrución:²¹ como logrou todo isto? Exercitando os seus membros e as súas facultades. Logrouse que aprendese a facer zapatos atándolle as mans, e aritmética prohibíndolle discorrer? E se ningunha facultade se perfecciona nin se utiliza sen exercitala, como a que máis necesita o preso cando deixe de selo, *a vontade*, será forte, se por moito tempo estivo na inacción que enerva, e retorta por autoridade arbitraria? Para que o penado xa libre non reincida, bastaralle ser hábil nun oficio e coñecer que lle convén traballar, se non *quere* con enerxía resistir as tentacións do lecer e a tantas outras como lle axexan á saída da prisión, Se foi nela pasivo, se non se lle considerou cal persoa, como cousa volverá caer no abismo penal.

Creemos que ao facer os regulamentos, ao aplicalos e ao visitar as prisións, debe procurarse:

²¹ Nas prisións ben organizadas

Mandar ao recluído o estrictamente necesario;

Darlle a elixir en todo aquilo que sexa posible, e procurarlle o exercicio razoable da súa vontade;

Non facer da prisión un mundo separadamente, illado da patria e da humanidade, e do preso un ser que non é persoa e que para nada participa da vida social.

Que os regulamentos teñen luxo de autoridade, parece claro ao que os estuda como regra cuxo obxecto sexa establecer orde material e *moral*. Véxase como se dispón o emprego do domingo nas prisións dun dos pobos que marchan á cabeza da civilización:

6 h. $\frac{1}{2}$ Levantarse.

7 h. Baixar do dormitorio á capela.

7 h. $\frac{1}{2}$ Misa maior.

9 h. Refectorio, almorzo.

9 h. $\frac{1}{2}$ Aseo paseo. 10 h. Paso á Capela.

10 h. $\frac{1}{4}$ Instrución relixiosa polo capelán.

11 h. Lectura individual paseando.

12 h. Xantar.

12 h. $\frac{1}{2}$ Lección de canto.

1 h. $\frac{1}{2}$ Lectura paseando.

2 h. $\frac{1}{2}$ Ir a vésperas.

2 h. $\frac{1}{4}$ Vésperas solemnes.

3 h. $\frac{1}{2}$ Refectorio, comida.

4 h. Paseo.

4 h. $\frac{1}{2}$ Exercicio de bombas de incendios; para as mulleres, lectura.

5 h. $\frac{1}{4}$ Paseo.

6 h. $\frac{1}{4}$ Catecismo.

6 h. $\frac{1}{2}$ Paseo.

7 h. Paso aos dormitorios.

7 h. $\frac{1}{2}$ Deitarse.

8 h. Silencio.

Este penoso movemento continuo no que se lle dá ao preso media hora para asearse e pasear, no que despois do xantar fai-

selle cantar e se lle obriga a ler paseándose, etc. está ben lonxe daquel domingo que desexabamos ver empregado principalmente en depurar o gusto e exercitar razoablemente a vontade.²² En trece horas, vinte e dous cambios de lugar e de ocupación e de movementos incesantes e obrigados, máis propios para imprimirse ás partes dunha máquina que a unha colectividade de seres racionais. Trátanse así por burla ou por crueldade? De ningún modo: non hai intención de poñelos en ridículo nin de mortificalos, senón que, sen advertilo, se suprime a súa personalidade; son cousas, ou como tales se miran os presos, que viran sen cesar trece horas ao redor do regulamento.

O dicir que o domingo se empregue principalmente en depurar o gusto e exercitar a vontade, non é descoñecer a importancia das prácticas relixiosas, senón indicar que deben ser voluntarias para non excitar rebeldías interiores ou que a hipocrisía substitúa a verdadeira piedade.

As disposicións regulamentarias, ademais de razoables, deberían ser razoadas para facer comprender a súa necesidade, contra a cal ningunha colectividade se rebela se non está ofuscada e é arrastrada por algunha paixón.

O director da prisión debería explicar o regulamento, facelo aceptar racional e moralmente; que sendo razoable e xusto non sería difícil, polo menos respecto ao maior número de reclusos, obtendo a submisión do espírito, que non degrada e é máis segura que a material. Desta nunca poderá prescindirse; pero sendo razoada, chegaría a ser como proba que exercita a vontade e non como maza que a tritura.

Os regulamentos deberían ter bastante elasticidade para deixar á elección do recluído e á manifestación da súa personalidade todas aquelas cousas compatibles coa orde; moitas que parecen insignificantes, e que o son para o que goza liberdade, teñen gran valor para o que está privado dela, e os empregados

²² Informe ao Congreso Penitenciario de Roma

deben ser, non aplicadores mecánicos dun artigo do regulamento, senón intérpretes dunha idea: a de conservar no penado a persoa.

O illamento material inevitable en que está o recluso non debe levar consigo a especie de secuestro moral ou intelectual que se lle impón. O abate Humbourg lamentábase dela no seu *Informe ao Congreso Penitenciario Internacional de Roma*, e dicía:

«Hoxe a publicidade dos sucesos cotiáns é un elemento incontestable da vida común. Todo o mundo le os xornais; a conversación das persoas nos países civilizados non se refire aos feitos e sucesos próximos, senón que a atención pública ten por horizonte o universo, e calquera persoa un pouco culta pon en práctica diariamente, e ata en cousas de mínima importancia, o adaxio antigo *Nihil humanum, a me alienum puto*. É un feito convertido en dereito. Por que o penado, e sobre todo o procesado, ás veces completamente inocente, se illarán do movemento xeral? Porque ao saíren, ao cabo dalgúns meses ou anos da prisión arroxaranse ás correntes sociais sen ter a menor idea dos sucesos notables coñecidos de todos os que os rodean. Esta ignorancia vergonzosa, inexplicable, é unha proba evidente do seu pasado penal. A cada momento tropezan contra unha anomalía intelectual, e ata a súa actitude embarazada, todo é un indicio irrecusable das súas desgraças e das súas culpas.

»Fundemos *A Revista penitenciaria*. Que todos os domingos, o procesado e o recluído que non faltaron aos regulamentos en cousa grave, sexan tratados como cidadáns activos que son, e saiban as noticias máis interesantes da política nacional. As relacións dos accidentes graves moveranos a compaixón; os actos de abnegación, as virtudes, o valor, faranos ver que a sociedade non se compón tan só de seres egoístas e que se deixan arrastrar polas paixóns. A captura dos criminais que, malia a súa astucia, caeron en poder da xustiza, probará que hai unha Providencia vingadora que desbarata os cálculos dos malvados. En artigos máis extensos falarase de institucións preventivas, de padroado, de salvamento: unha especie de biografía dos benfeitores da

humanidade; nunha palabra, para as intelixencias e os corazóns será como refrixerante e tónico... a moral en acción».

Así se expresaba, non un teórico deses que adoitan cualificarse de visionarios, senón un práctico piadoso e ilustrado que aprendeu máis nas prisións que nos libros. A idea dun xornal para os reclusos ocorreusenos ao mesmo tempo ca el, e, o que significa e vale máis, foi sancionada pola gran autoridade de Holtendorff²³. Mortos os seus ilustres patrocinadores, esta idea quedou como orfa abandonada; pero temos fe en que non permanecerá sempre en desamparo e que o porvir lle reserva xenerosos ou ilustrados protectores.

Nalgunha prisión dos Estados Unidos de América, os reclusos redactaban ou imprimían un xornal: non vimos ningún número; probablemente a redacción non sería a máis adecuada, pero a colaboración dos penados, ben dirixida, podería dar felices resultados como distracción honesta, estímulo para aprender e satisfacción de amor propio que contribuíse a fortalecer a dignidade e borrar a idea de secuestro espiritual. Ao dicir *colaboración*, entendemos *tomar parte no labor*, o cal, máis ben que escribindo, poderían facer os reclusos imprimindo ou axudando a imprimir, e dando noticias propias para converterse en leccións de tantas como encerra a historia da súa vida, e de moitas vidas que eles saben e o mundo ignora.

As comunicacións co exterior que teñen os penados serven con frecuencia para poñelos en relación con xentes de mal vivir, a quen fan cómplices e partícipes das estafas que dende alí traman: ou illamento, ou comunicación depravadora; velaquí a alternativa na maior parte das prisións.

²³ Refírese Arenal a Joachim Wilhelm Franz Philipp von Holtendorff (1829-1889), xurista alemán formado nas universidades de Bonn, Heidelberg e Berlín e profesor nas de Berlín e Múnic. Dedicouse sobre todo ao estudo do Dereito Penal e do Dereito internacional. De pensamento liberal, é autor, entre outras obras, dun tratado de Dereito penal alemán (*Handbuch des deutschen Strafrechts*, en 4 volumes) e de varias obras referidas ao estudo das penas e dos sistemas penitenciarios: *O sistema penitenciario irlandés*; *A deportación como medio de castigo* e *A capacidade de reducir as penas de prisión*, entre elas [N. dos T.].

O visitador contribuirá a que o recluído nin se senta illado nin comunique cos auxiliares dos seus malos propósitos. O home é expansivo e activo: cando isto non se ten en conta, a personalidade que se quere suprimir brota extravagante e desordenada, e asóciase cos que non a rexeitan aínda que sexan perversos; que polo menos poida elixir entre os homes honrados que non a descoñecen.²⁴

O que, por máis ou menos tempo, deixou de ser cidadán, que nunca deixe de ser home; que saiba e se interese polas cousas humanas: probablemente o impresionarán máis na súa triste soidade que no bulicio do mundo. Non pode figurar na lista dos electores, pero si na dos que se subscriben a un libro útil ou contribúen a unha obra caritativa ou patriótica: o caso é non suprimir a súa actividade intelectual, moral e afectiva; que se senta e se recoñeza persoa, e se vexa tratado como tal, e que, se hai no seu espírito unha parte sa, fraternice coa sociedade honrada e non sexa rexeitado da comunión dos bos.

Ademais de que o delincuente, moralmente considerado, é un ser débil, hai moitos que teñen todas as debilidades físicas, morais, de carácter e de intelixencia. Se esta colectividade, por desgraza moi numerosa, é tratada como masa; se a súa vontade, en vez do sistema tónico que necesita, sométese ao enervante

²⁴ Cando a ociosidade se combina coa arbitrariedade, dá lugar nos presidios a extravagancias, crimes e aberracións imposibles de evitar, nin aínda de adiviñar. Un empregado en presidios perseguía no da Coruña o xogo; pero os penados xogaban, se non do modo que se lles prohibiu, doutro e outros que inventaban: cando o empregado creu que xa non podían inventar ningún para burlar a súa vixilancia, un domingo que tomaban o sol no patio, coa mirada perspicaz do práctico coñeceu que estaban a xogar. A que e como? Non o adiviñou: nin tiñan cousa algunha que para xogar puidese servirilles, nin movían as mans nin os pés, nin o corpo, e antes permanecían en gran repouso, case inmóbiles. Coa seguridade de que xogaban e a imposibilidade de saber a que nin como, retirouse. Ao día seguinte chamou un penado, que llo dixo en confianza e coa promesa de que non había de descubri-lo. Os instrumentos do xogo eran as moscas que se pousaban sobre os que estaban a tomar o sol, e que, segundo elas fosen pares ou nones, facíanlles perder ou gañar. Isto referiunos D. Domingo Camino, un dos homes mellores e máis desgraciados que coñecemos: a Administración foi para el inxusta; os penados facíanlle xustiza e o querían, e os que apreciabamos as súas raras calidades e doíámonos das súas desventuras, non o esquecemos.

dunha autoridade que para nada a ten en conta, o que a anula a aniquila; entrou na prisión *pouca persoa*, e sairá *cousa*. Todos os que observaron esta numerosísima clase de delincentes saben a súa falta de aptitude para dirixirse ben polo áspero e tortuoso camiño da súa vida: son espíritos que necesitaban tónicos e ximnasia, e que se suxeitan a un réxime que fai anémicos.

Que polo menos o visitador procure fortalecer, salvar a personalidade do recluso, tendo en conta as súas circunstancias individuais, procurando o exercicio razoable da súa vontade, consultándoa, poñendo de relevo que, cando non se extravía, é tan respectable como a de calquera outro home, e que por ela pode rehabilitarse e vivir en paz coa sociedade.

Se o preso se manipula como *cousa* na prisión, non será *persoa* ao saír dela: a vontade *recta* é vontade *forte*.

CAPÍTULO XII

PASADO, PRESENTE E PORVIR DO PRESO

A inmensa maioría dos homes pensa pouco no pasado e no porvir, vivindo no presente, polo cal estamos lonxe de facerlle un cargo tan severo como os que acusan, á humanidade, sobre todo á humanidade pobre, de imprevisión insensata. O autor da *Imitación de Xesucristo* di que *lle basta a cada día o seu propio afán*: quen tal dixo, coñecía ben o home e a vida; porque se nun momento dela se acumulasen o vivo recordo das dores pasadas e a previsión clara dos que virán, faltaría forza para soportar o peso de tanta desventura. A vida máis ditosa ten ao fin a vellez, con todos os seus desencantos, achaques, enfermidades, e a morte no medio das tumbas dos que se amaron. E se isto acontece aos predilectos da fortuna, que será dos que abandona e só poden recordar unha nenez infeliz e prever unha vellez miserable? Como para a maior parte dos homes hoxe prever non é remediar, aínda aqueles males que teñen remedio, se a isto agréganse os irremediabes, resultará que non é a imprevisión cousa tan mala como parece, e que *lle basta a cada día o seu propio afán*, non esaxerando a sentenza ao tomala á letra, e que o día sexa precisamente de vinte e catro horas.

Pero o afán do día pode ser tanto, que conveña fixar a vista nos que virán, e que, en lugar de *temer*, prever sexa *esperar*. Tal acontecerá ao preso para quen o porvir é a liberdade, e que buscará consolo fuxindo do recordo do pasado e prescindindo, ata onde lle sexa posible, do presente: esta tendencia de todo o que sofre, e non exclusiva do preso, ten para el inconvenientes especiais: cando o pasado é a desgraza, ben está (se se pode) dála ao esquecemento; pero cando o pasado é a culpa, convén tela presente para non repetila.

O visitador necesita moito tacto para procurar indirectamente (dun modo directo nunca) que o preso non esqueza o que lle convén recordar. Culpa desgraciada ou desgraza culpable, como queira que a considere, hai na súa vida algo que debe recordar

para non repetilo, e cuxo recordo o mortifica e por iso foxe del. Aínda que non sexa verdadeiro remordemento, é o colapso do acceso perturbador, a rabia de non conseguir o seu obxecto, o rancor contra determinadas persoas que contribuíron á súa ruína, e a ira, ao ver a outras que non participan dela, habendo ter parte na culpa; as axitacións congoxosas da fuxida, a humillación da captura, as alternativas desgarradoras do proceso, que levantan o ánimo á esperanza ou o afunden na desesperación, todo isto forma un conxunto doloroso de recordos que, naturalmente, procura borrar o penado. Como se lle recordará? Directamente de ningún modo, como dixemos.

O que está illado, aínda que non sexa material, senón moralmente, porque o rodea a indiferenza, fala, e fala moito ao que o escoita con interese e ánimo de proporcionarlle algún consolo; esta é a regra. O delincente ten un pasado culpable e outro que non o é, e sobre este pode o visitador insistir, procurando detalles e facendo preguntas que non parecerán indiscretas porque non se refiren ao seu delito, pero que talvez contribuirán a poñelo de relevo e a que o recorde con todos os males que levou consigo. O que facía cando gozaba daquela liberdade que perdeu, os xogos da nenez; as diversións da adolescencia; o amor e a historia dos pais, dos irmáns, dos amigos, a quen a fortuna, próspera ou adversa, non apartou das vías da xustiza, o recordo do sucedido nos anos que viviu en paz coa sociedade e coa conciencia, poden, polo contraste, avivar outros máis próximos que ao preso non lle convén, borrar.

Non é raro que o delincente fale do seu delito para negalo, para desfigurarlo, e algunha vez para confesalo sinceramente. A reprobación do visitador non ha ser acre, senón dolorida; o que escoita o aflixe e un *como puido vostede facer iso?*, dito con tristura e con dozura, é o maior cargo que pode formular, e que en máis dunha ocasión penetrará moi fondo no ánimo do culpable, e dará lugar a explicacións que talvez lle ensinen moito e o admiren máis.

O porvir promete ao preso a liberdade; pensar nel é consolo, e débese procurar que persista neste pensamento e en fortaleza

con el o seu espírito, presentándolle o lado agradable da súa vida futura, prescindindo das sombras, ás veces moi negras, que no cadro pode haber; hai que preparalo para as probas da liberdade, pero sen falar delas nin acumulalas coas que sofre no presente, amargando as dozuras da esperanza; que a súa man se adestre no traballo; que a súa intelixencia se illustre; que a súa vontade se rectifique e fortaleza, e terá a posible preparación para vencer os obstáculos que ache ao recobrar a liberdade, sen desalentalo e aflixilo mostrándollos no cativerio; se os ve, atenualos en canto sexa posible, ofrecéndolle un apoio que non lle faltará.

Os plans agradables de vida futura poden e deben encerrar leccións que naturalmente levan en si, sen que apareza o desexo de dalas: traballo, diversións, goces da familia que se recobra ou que se forma, aprecio e apoio das persoas benéficas, afastamento de canto poida facer dano e causar prexuízo; todo, en fin, o que lle *convirá* facer, será idéntico ao que *deberá* facer.

Non hai que esaxerar a importancia dos recordos do pasado e os consolos do porvir ata o punto de esquecer todo o poder da realidade presente; se é doloroso, produce pésimo efecto a pretensión de prescindir del, envolvéndoo entre historias pasadas e soños futuros; á dor hai que darlle o que é seu, e o menos que pode pedir é que se o recoñeza como tal e con toda a gravidade que teña. Cando se desafoga na queixa, consólase na compaixón ou esgótase na fatiga de sufrir, entón pode volveirse o ánimo ao pasado ou ao porvir; pero esta especie de fuga da realidade ha de indicala aquel a quen a realidade angustia: estas indicacións vense se se observa atentamente.

O que non espera o momento oportuno para distraer o preso do que é, para que pense no que foi ou no que será, exponse a irritalo porque lle pareza burla unha esperanza ilusoria, ou aflixilo co que a desventurada Desdémóna cría a maior dor:

*ricordar il tempo felice
nella miseria.*

CAPÍTULO XIII

A FAMILIA E OS AMIGOS DO PRESO

O delincente pode ter familia honrada, á que aflixe; familia depravada que, directa ou indirectamente, contribuíu ao seu delito; amigos bos, cuxos consellos desatendeu, e amigos perversos, cómplices legal ou moralmente da súa culpa: se as relacións con estes non poden sempre evitarse, o obstáculo será de feito e non producirá ningún conflito moral; do amigo perverso fálase sen reparo, sen contemplacións, apártaselle como un foco de virus contaxioso; pero cando o perigo da comunicación vén dun pai, dunha nai...

Ao dicir *conflito* non esaxeramos; apenas se atopan palabras nin modos de expresarse para acusar ante un fillo a unha nai de quen é amado e a quen ama, porque ás veces o amor aos pais e aos fillos existe en corazóns que non parecen susceptibles de ningún doce sentimento. O pai e cómplice dun asasino morre aos dous días de saber que o seu fillo foi condenado a morte, e este, próximo a entrar en capela, chama ao xuíz que asinara a súa sentenza e recoméndalle encarecidamente a un fillo natural que di queda desamparado, porque a súa nai *é mala* e abandonarao.²⁵

Hai pais que cos seus exemplos, cos seus consellos, coas súas instigacións, perverten os fillos e explótanos, utilizando os produtos do delito do que moral ou materialmente son cómplices, e, no entanto, e aínda que pareza imposible, aman e aman de verdade os que contribuíron a perder. Ás veces, unha muller perversa é unha nai amante, e na atmosfera contaminada de maldade, o amor maternal consérvase puro, como unha flor que medra nunha esterqueira. Se este amor vale tanto, para todos,

²⁵ Histórico. Este mesmo asasino rogou ao xuíz que mandase quitar de encima da mesa un cortaplumas co que cortaba a súa o escribán, porque tiña impulsos de matalos ou ferilos con el: por novos delitos non podía incorrer en maior pena; fora condenado á de morte, e estaba ben persuadido de que se executaría, como se executou: disto fará preto de medio século pero os criminais de agora, como os de entón, non son sempre tan malos como parecen, e poden ter, e teñen ás veces, algo e aínda moito de humano.

canto máis non valerá para o delinciente que se ve desprezado ou aborrecido de todos, e cuxos afectos, se os conserva, teñen que refuxiarse necesariamente na persoa ou persoas da súa familia que o amen!

En moitos casos non existe, moralmente falando, a familia: o vicio e o delito disolvérona; pero noutros consérvase; os pais non teñen remordemento de contribuíren a perder os fillos, nin estes os acusan de ser causa da súa perdición: parece que se xulgan todos como vencidos nun combate que non podían menos de aceptar, e despois do cal uns son fuxitivos e outros perderon a liberdade ou a vida. Acúsase ao xuíz, ao escribano, á testemuña, á lei, á forza pública; pero o mal consello e o mal exemplo da familia, non; forman todos os seus individuos como un so eu contra a sociedade que os dispersa materialmente pero non rompe os lazos do seu mutuo afecto. Estes lazos, que polo común poden ser áncora de salvación, aquí son un obstáculo para salvarse.

Por máis prudencia e tino que teña o visitador dun preso cuxa familia contribuíu a perdelo, sempre resultará que aquilo que en xeral é un apoio, neste caso excepcional é un escollo, e non hai que ir a el de fronte, senón, pola contra, evitalo aínda que sexa con moitos rodeos. A intención dos pais salvarase sempre respecto do fillo preso; eles querían o seu ben, pero equivocáronse nos medios de logralo, e como se equivocaron antes equivocáronse despois, e de ningún modo debe seguirse en diante o seu consello.

Como o medio máis seguro, se non o único, de non ser pasivo para o mal é ser activo para o ben, debe procurarse custe o que custe trocar moralmente a paternidade do preso de modo que dea bos consellos á familia, no canto dos malos que co exemplo ela lle deu; e non é que pretendamos corrixila por medio do individuo preso (aínda que as súas amoestacións deben ter especial e grande autoridade), senón afirmar a este no convencemento da súa razón, porque, presidiario ou profesor de metafísica, ensinando apréndese sempre: talvez o amor propio podería ser un auxiliar.

Ás veces a familia procura explotar o penado; explotación miserable en todos os conceptos, e para a cal finxe un agarimo que non existe, pero que el cre polo desexo, ou mellor dito, a necesidade que ten o que todos rexeitan de que algún o queira. Que cousa máis triste que desengañalo, e máis propia para que se desmoralice! A ficción e o engano de onde debía vir o afecto sincero! Este caso é aínda máis grave que o anterior, e este egoísmo hipócrita, e ben pode dicirse impío, non merece outro miramento que o calculado para facer ao preso o menor dano posible ao desvanecer unha doce ilusión, arrincando o disface con que se oculta o engano dos seus. Os seus! Este modo de dicir tan vulgar e tan elocuente! *Non ter seus!* Ser máis que orfo, máis que expósito, ter pais que non o aman, que non o compadecen, que dirixen unha mirada indiferente e codiciosa á súa desventura só por ver se lles é posible explotala!

Nestes casos, no último sobre todo, o consello debe ir unido ao consolo, que só dará unha persoa de moito corazón que substitúa polo seu afecto, ata onde sexa posible, a familia egoísta ou perigosa que quere explotar o preso, ou que o perderá cando recobre a liberdade.

Se a familia é honrada e el non tan perverso que rompa os lazos que a ela o unían, pode ser un elemento que contribúa a súa corrección; pero sucede, e con moita frecuencia, que o preso só pensa *nos seus* para explotalos e recibir deles, e pedirilles con grande instancia, e finxindo privacións e necesidades que non ten, auxilios que honradamente non poden darlle, ou que son un sacrificio que en razón non se deben impoñer.

É sospeitosa de egoísmo, e non debe protexerse, toda relación do preso coa súa familia, cuxo resultado sexa que esta o auxilie con diñeiro a menos que na prisión falte o necesario para o alimento e o vestido; onde tal sucede, a disciplina reláxase, a emenda dificultase, o visitador non poderá restablecer a orde que a Administración perturba, e só tratará de poñer algún límite ao egoísmo do preso nas relacións coa súa familia, enterándoa das

verdadeiras necesidades daquel, e poñendo límites a unha abnegación que ás veces parte dun erro, e outras chega ata privar os inocentes do necesario para que o culpable goce do superfluo. É natural que o agarimo desexe esta especie de compensación ao seu cativerio, pero non se debe contribuír a esta inxustiza nin a fomentar no delincuínte un sentimento que contribuíu poderosamente a que o sexa: o egoísmo.

Se a familia do preso é honrada, pero desvalida, e non pode dar ningún socorro, antes necesítalo, talvez sexa un elemento moral se el a ama, xa procure auxiliála cos seus aforros, xa sinta gratitude cara aos que a socorren. Os padroados dos penados, en xeral, non puideron ata aquí socorrer as súas familias, pero poden facer algo e aínda moito por elas recorrendo á caridade de persoas compasivas ou de asociacións benéficas, e dando auxilio de tantos modos como pode dalo o que se acha nunha regular posición, aos que caeron tan abaixo como a muller e os fillos dun presidiario.

Prexudican á moralidade do preso as relacións coa súa familia, xa porque esta sexa mala, xa porque el malamente trate de explotala: a regra debe ser dar pábulo ou espertar os sentimentos afectuosos, e poñer couto ao egoísmo, que, propio ou alleo, é sempre depravador.

CAPÍTULO XIV

INSTRUCCIÓN

Dirase talvez que o visitador non é pedagogo; pero o SALVADOR foi MESTRE, e o que queira contribuír á corrección, que é a salvación do delincente, debe procurar instruílo, se non nas primeiras letras, nos *coñecementos primarios*.

Debe instruírse ao preso? Esta cuestión non é ociosa neste libro, porque, se pode suprimirse nel, non na penitenciaría. O visitador do preso ha de procurar ilustralo, cando non é imbécil ou tan perverso que converta os coñecementos no medio eficaz de facer mal.

Excepto nestes dous casos, cremos que convén instruír o preso, comunicándolle aqueles coñecementos máis adecuados á súa situación e natureza, considerando que os delitos das persoas instruídas non son *consecuencia* da súa instrución, aínda que algunha vez estean favorecidos por ela, e que se a intelixencia non é omnipotente para o ben, pode contribuír a realizalo ou a que o mal sexa menos danoso, como, por exemplo, facendo que sexa estafador o que sería bandido.

A intelixencia é esencialmente incorruptible; ofúscase, combátese, véncese, non se seduce; o que sabe o mal e o ben fai un ou outro, pero non os confunde, e a medida que os sabe mellor, a maior luz intelectual fai máis difícil a ofuscación e máis fácil o triunfo da virtude. Sempre que a vontade non chegue a aquel grao de perversión que converte o coñecemento no medio de facer mal, cultivar a intelixencia é fortalecela, e con ela os medios de resistir a tentación; como esta vén dos apetitos e das paixóns, canto máis forte sexa a razón que se lles opón, menos probabilidades terán de triunfar, *en igualdade de todas as demais circunstancias*. Debe notarse que ás veces faise responsable á intelixencia de culpas que non ten un home rudo é honrado, un home culto é delincente; daquela a cultura favorece o delito; falta saber as circunstancias de entrambos, as tentacións que

tiveron que vencer, a atmosfera que os rodeou, porque, si non, é posible facer un razoamento parecido a este: Un neno leva tres libras: un home non pode levar tres quintais; daquela o neno ten máis forza que o home.

Un caixeiro que foxe cos fondos confiados á súa custodia non se apropia deles porque sabe ler e escribir e partida dobre, senón porque aqueles valores, que representan goces que outros teñen e dos que el carece, tentárono unha, dez, cen veces, ata, ao cabo, non resistir a tentación. Resistiríaa máis o home rudo? Tendo ao seu dispor todos aqueles billetes de banco e todas aquelas moedas de ouro, combatería mellor o desexo de apoderarse delas porque non sabía ler?

O visitador non confundirá a instrución co coñecemento das primeiras letras: hai persoas que saben ler e escribir, máis ignorantes e con máis erros que outras que non escriben nin len; ser instruído é *saber discorrer*; o demais é posuír un instrumento do que ás veces non se fai uso, e que se pode empregar ben ou mal.

O saber discorrer non é unha cousa absoluta, senón relativa á persoa que discorre e ao obxecto do discurso. Cos coñecementos dun obreiro instruído resultaría un enxeñeiro ignorante: as nocións de dereito que bastan a un preso, serían insuficientes para o maxistrado que o xulgou, pero entendendo sempre que é cuestión de *cantidade*, non de *calidade*. Para o braceiro e para o que dirixe a obra, dúas e dúas son catro, e a moral esencial non é distinta para o reo e para o xuíz.

Áchanse nas prisións penados (bastante numerosos nalgúns países) cuxa razón é deficiente ou está trastornada, o cal non fai eloxio das leis, e menos dos xuíces que as aplican. A misión do visitador limitárase neste caso a empregar a súa influencia, se a ten, para que vaian ao hospicio ou ao manicomio.

Non é cousa tan sinxela como talvez se supoña, saber ata que punto hai incapacidade absoluta de aprender nun home rudo, cuxa ignorancia e erros poderán darlle aparencia de imbécil para quen o xulgue con lixeireza. Conviría recordar as aberra-

cións da humanidade, e das que deron tantas mostras homes cultos e ata chamados filósofos, proba evidente de que no espírito humano o erro non é impenetrable á razón, nin esta basta sempre para preservalo do erro. Ao home rudo e preocupado non hai que cualificalo de idiota polos disparates que diga, senón xulgalo polas razóns que *poida comprender*; como se introduce unha luz onde hai gases mefíticos a fin de saber se o aire é respirable, así debe explicarse ao home que parece incapaz algunha *verdade esencial*; se a comprende, é proba de que a súa ignorancia non é invencible.

Nunca se encarecerá bastante a necesidade de empezar dando en moi curtas doses a alimentación intelectual ao penado ignorante, disimulando en canto sexa posible a lección para non espertar susceptibilidades de amor propio que se acha, e ás veces moi vidrioso, nos que parecen ter dito adeus aos demais amores. O que queira ensinar moito en pouco tempo, non ensinará nada; o discípulo adulto, máis que ningún outro, apárvase, fatígase, ás veces irrítase e desespera de obter un resultado do que non ve indicio algún. Ao contrario, se se empeza por pouco e fácil, a vantaxe alcanzada anímao a esforzarse para obter outra maior.

En toda instrución, pero principalmente na do preso, debe considerarse o *adecuado*; no alumno libre, a disposición adoita ser un indicador decisivo para guiar o mestre; pero se o penado abusou da súa aptitude non pode fomentarse, senón, pola contra, cultivar outras facultades que combatan as que serviron de auxiliares ao delito.

Cos penados de moi pouca intelixencia hai que probar o resorte dalgún sentimento: o relixioso, o amor á familia, á patria, o instinto da liberdade, de fuxir da dor, sen confiar moito para o futuro na eficacia destes medios, o pasado e o porvir inflúen pouco nos seres limitados, cuxa luz intelectual apenas aluma o presente.

Os penados cuxa intelixencia é suficiente son susceptibles de progreso intelectual, favorable á emenda, se a súa vontade obstinada non rexeita as leccións; e aínda respecto dos que

empregaron os seus coñecementos como auxiliar eficaz do delito, cabe supoñer se algún xénero de instrución poderá contribuír a non reincidiren.

Está claro que non ha de ensinársese química ao que adulterou alimentos ou bebidas, nin caligrafía ao que falsificou letras de cambio, nin mecánica ao que fabricou chaves falsas; pero todos estes *instruídos* poden carecer, e probablemente carecerán, de moitos coñecementos que lles terían evitado a prisión e poderían contribuír a que non volvesen a ela. Para a clase *ilustrada* de penados, as torpezas, as imprevisións dos delincuentes, as que eles cometeron, aínda que a estas non se debe aludir nunca; o andaren fuxitivos e o estaren presos; a liberdade, a saúde ou a vida que perden, todo isto é unha proba evidente de que ignoraron ou esqueceron moitas cousas que necesitaban saber e ter presentes, e que non hai cálculo tan intrincado e difícil como o que se necesita para facer mal sen recibilo.

O delincuente, para non ser descuberto, necesita prever moitas cousas, atende unhas e descoida outras, ás veces todo está calculado con grande arte, e unha circunstancia imprevista bota por terra o castelo que el cría inexpugnable e resultou ser de naipes. Estes feitos, tan frecuentes que constitúen a regra, e as consideracións que deles naturalmente derivan, poden influír nos que, ofuscados por torpes apetitos ou desenfreadas paixóns, discorreron mal.

A emenda, aínda que non sexa máis que legal, por obra soa do cálculo sabemos que é cousa difícil, algo así como enderezar en frío un ferro que se torceu cando estaba candente; pero a circunstancia de que o penado sexa calculador e sexa razoador, non exclúe outras que poden facelo accesible á influencia do sentimento. A relixión, a familia, a patria, a humanidade, poden ter voces que cheguen ao seu corazón, e ata o amor propio ben dirixido contribuirá a sacalo do abismo penal.

De todas as maneiras, a clase de penados instruídos esixe de parte do visitador especial coidado e gran tacto e circunspección.

Se en liberdade non é o mesmo ser razoador que razoable, moito menos no cativerio. Tantos exemplos de impunidade, tantas leis inxustas, tantos xuízos errados, a paixón que cega, o egoísmo que endurece e extravía, a conciencia que se torce ou que se embota, a disciplina da prisión que exaspera o que se rebelou contra regras menos duras, o recordo amargo dos goces que se perderon, as tentacións da cobiza, as iras do odio ou as angustias do amor: estes e outros elementos perturbadores do bo xuízo ofrécese ao discurso do preso; deberá estrañarse que a súa intelixencia se ofusque, e que as súas conclusións non sexan conformes á xustiza? Xa se trate de ensinar unha verdade ou de rectificar un erro, hai que ter métodos e lóxica especial na pedagogía do presidio, algo así como ensinar ximnasia, a un home que non ten os seus movementos libres; certo que poderá e conviralles exercitar as súas forzas, pero segundo regras especiais.

A razón do penado ten como as ligaduras da súa desgraza e da súa culpa, da inxustiza que fixo, e seica (e isto é moi grave) da que recibiu: non se lle poden esixir movementos tan rápidos nin en dirección tan adecuada como ás persoas que discorren en calma e en paz. Na prisión, os erros non poden atacarse de fronte, tomalos por asalto; hai que minalos para que, se é posible, veñan abaixo, e as verdades velalas con frecuencia para que non ceguen, e ata irriten, como a luz o ollo doente.

A discusión, que moi de cando en cando ilustra os que toman parte nela, debe evitarse co preso, porque o seu amor propio sería un novo e poderoso obstáculo que vencer: tampouco hase de tentar levalo polas liñas rectas da lóxica, senón máis ben seguilo polos tortuosos zigzags dos seus razoamentos, e procurar influír a ver se, malia con rodeos, chega á verdade.

Encarécese a necesidade, que en efecto é grande, de que o penado aprenda un oficio se non o ten; pero é aínda maior a de ensinarlle a discorrer rectamente, porque de pouco lle servirá ser albanel ou carpinteiro se non é persoa, se non rectifica os

seus extravíos mentais, cómplices as máis das veces das súas infraccións legais; se sae da prisión sen o *necesario psicológico*, o coñecemento do seus dereitos e dos dos outros, das súas relacións coa sociedade, da súa situación ou dos medios de melloralala, ou sequera de non facela peor. Este peculio intelectual é de suprema importancia, e pode posuílo aínda que non saiba ler nin escribir: non se trata de facer un ebanista ou un literato, senón de refacer un home que ás veces case desaparece cando se converte en penado.

Os coñecementos necesarios, que son unha guía para o que está en perigo de infrinxir a lei, son un aparello de salvamento para o que foi penado por ela, verdadeiro náufrago na sociedade, cuxos movementos tenden a mergullalo; que polo menos saiba o necesario para sobrenadar, porque, se non sabe, talvez será en balde que queira, e en todo caso o saber fortifica o querer, para que máis facilmente se converta en poder.

Hai coñecementos que, se non fan ben, con seguridade non farán mal, calquera que sexa a condición do preso. As verdades cegadoras da Astronomía, os prodixios da Física e da Química, da Zooloxía, da Botánica, poden servir, non só como instrución, dando algunhas ideas xerais e abrindo ao entendemento horizontes inmensos, descoñecidos, senón impresionando o ánimo e contribuíndo a distraelo de ideas que o perturben. Se poden organizarse na prisión conferencias e demostrar practicamente como obra a luz, a electricidade, as leis físicas, as afinidades químicas, estas leccións poden ser á vez espectáculos e contribuír a unha cousa moi importante para o preso, que é sácalo fóra de si, entrando pouco ou moito, segundo lle sexa dado, no terreo neutral da ciencia, que ensina coa mesma benévola impasibilidade a culpables ou inocentes. Nas ciencias sociais, a verdade pode parecer hostil se combate paixóns, intereses ou erros; pero nas ciencias naturais non choca con ningún egoísmo, e hoxe ten a solidez da realidade, o atractivo do marabilloso, e máis aínda polo que distrae que polo que ensina, pode ser útil ao preso; a

súa instrución, hai que telo moi presente, é facer esquecer, tanto ou seica máis que facer aprender.

A música é un medio poderoso de influencia; pero non se debe ensinar nin executar calquera música, senón a relixiosa, a marcial, o himno en calquera das súas invocacións a Deus, á patria, á humanidade. A música trivial, a voluptuosa e aínda a patética, que non ten nervio e parece, non o queixume das dores humanas, senón o choro do débil egoísta que xeme polos propios; esta música, que non fai ben en ningures, poderá facer moito mal na prisión; sen dúbida hai alí moito que abrandar, pero non cos amolentamentos da molicie.

Que libros se lle daran ao preso? Velaquí unha pregunta que non é fácil contestar, aínda nas prisións con bibliotecas que teñen miles de volumes. Os libros chamados instrutivos, instruirano? A historia pode considerarse como un estudo exento de inconvenientes para moralidades vacilantes ou trastornadas, que tal vez non verán nela senón o triunfo da forza, da astucia ou da perversidade, e a fortuna distribuindo os seus dons a cegas, ou dándollos a propósito ao máis indigno? A parte providencial da historia, se a ten, de temer é que pase desapercibida para o preso que, non podendo penetrar nas súas profundidades, vexa só o barro ensanguentado da superficie; de todos os xeitos, se se lle dá un libro de historia, convirá escollelo e que non sexa un calquera. Como en xeral desconfiamos da instrución que o preso só poida sacar dos libros *instrutivos*, os de honesto recreo, como as relacións de viaxes, serán dos máis útiles.

Sería unha lectura interesante e verdadeiramente moral o relato de accións notables, e ás veces heroicas, de penados; eles parecen converter en simpatía mutua a antipatía da que a sociedade os rodea, e que, como é natural, lle devolven; fórmúleno ou non claramente, considéranse como unha clase hostilizada e hostil, cuxos individuos teñen moitas cousas comúns; a súa desdita e a súa ignominia aproxímaos tanto, que se consideran como os únicos próximos. Separadamente dos que non se conmoven

por ningunha cousa, nin lles importa nada de nada, que son os menos, a maioría dos penados interésase moi particularmente polo que se refire aos seus compañeiros de culpa e de infortunio; o bo exemplo, que mirarían con indiferenza, talvez con burla, se vén dun home libre, interesáralles se quen o dá é un preso; a súa elevación moral dignifícaos, e aos aplausos que el merece e alcanza da sociedade únense os seus, prescindindo de onde veñen e mirando só onde van. O heroísmo daquel delincuente creou unha especie de zona moral neutral en que se reúnen os proscritos e a sociedade que os proscribe; unión pasaxeira, pero que podería durar se a razón e a caridade tratasen de consolidala con perseverante empeño. Que esta unión duradeira estea próxima, afastada, ou sexa imposible, o que non ten dúbida é o maior interese que inspira ao preso canto se refire aos seus compañeiros de infortunio, polo cal sería un libro de lectura moi útil o que indicamos: a relación de feitos notables e heroicos, cuxos autores fosen delinquentes, feita dun xeito sinxelo e sen reflexións nin comentarios que lle desen aparencia de lección; o libro sería unha serie de impresións saudables; o modo de impresionar máis é o que debe preocupar principalmente ao autor, que algún día o haberá, así o esperamos.

Como existen teóricos (que poden influír na práctica) que consideran o xeito de seren dos penados como exclusiva deles, convirá recordar que as simpatías están en razón das anaxías e semellanzas; a indiferenza con que se pisa un verme e o interese que inspira un can, teñen a súa orixe na maior diferenza que hai entre un e outro e o home. Non só as diferenzas naturais; as artificiais de clases moi marcadas producen nelas antipatías dunha a outra, e simpatías entre os individuos dunha mesma; non hai, pois, nada de anormal no maior interese que inspira a un penado o que se refire a un compañeiro de pena.

Nos coñecementos científicos ou artísticos, se se lle deixa sinalada lección ao preso, poderá aprendela so ou cun pouco auxilio; pero as leccións morais, nin pode aprendelas so, nin se

Ile deben dar en forma de tales, senón, ben pola contra, disimulándoas e envolvéndoas como a pílula que contén un tónico amargo. O que máis necesita saber un home e o que menos sabe, é o que, polo común, se avergoña de ignorar; non se resente o seu amor propio porque lle dean leccións de Física ou de Química, pero crese humillado ao recibilas de moral, e máis se aparecen como cargos porque pugnan cos seus feitos.

Aínda que toda instrución é *ampliación*, a xeral aparece e realmente ten máis de *adición* que a particular do penado, que, se dilata os seus horizontes intelectuais, debe ser, ante todo, modificadora do seu modo de ser moral: poderá pouco, poderá moito ou non poderá nada, pero o que poida debe dirixirse de maneira que o fin que principalmente se propoña ao *ilustrar* sexa mellorar.

CAPÍTULO XV

OS BOS PRESOS

Así adoitan chamarse nas prisións os reclusos sumisos que non infrinxen os regulamentos nin dan que facer aos empregados; estes din, tratándose dalgún deles: «Terá sido o que queira, pero aquí pórtase ben».

E este bo comportamento, que é o que importa e basta na prisión, será unha boa garantía segura ao saír dela, e debe inspirar confianza ao visitador? De ningún modo. O delincente pode ser bo preso:

Porque está resignado coa pena que se lle impuxo con xustiza que reconece, ou coa inxustiza que sofre con paciencia;

Porque é veterano no delito, hóspede frecuente da prisión, e sabe acomodarse a ela, facer todo o mal que poida ocultar sen molestar aos empregados para que non o molesten;

Porque, sen ser reincidente, está preparado a sufrir as consecuencias do mal que fai sen arrepentimento nin rebeldía;

Porque con submisión e compracencias hipócritas procura vantaxes na prisión e abrevia o prazo para saír dela;

Porque é débil e, tendo sucumbido na loita coa lei, non quere emprender un novo combate;

Porque é brutal ou indolente, e tendo cubertas as súas necesidades materiais, acomódase sen moita dificultade ao cativerio.

A cal destas categorías pertencerá o preso que o visitador quere patrocinar? Quen o sabe! O único que se lle pode advertir é que bo preso non significa *delincente corrixido*; que é moi común que os grandes criminais sexan bos presos, se non pertencen á variedade rara de furiosos, que polo común deberían estar nun manicomio; que a fácil aclimatación no cárcere ou na penitenciaría é sospeitosa se non significa a conformidade dun ánimo resignado; que hai presos ós que desespera a prisión, refractarios á súa disciplina, buliciosos, alborotadores, que non son malos.

Nunha prisión de mulleres moi mal organizada e que puídemos observar ben, as grandes criminais eran todas boas presas, exceptuando unha histórica, que debería ter ido a un manicomio, e unha moza que intentou escapar. As rifas, os alborotos, as desordes, eran sempre na *sala correccional*, onde estaban as que cometeran delitos non graves, e ás veces tan leves como introducir de contrabando algúns quilos de sal, etc.; na sala onde estaban as homicidas, as envelenadoras, as que tiñan longas condenas ou perpetuas, había orde e silencio; toda aquela xente, en alto grado perversa, era *xente formal*.

Nos presidios españois, onde o principal elemento (non de orde, que se descoñece neles, senón do que se chama disciplina) son os *cabos de vara*, estes, polo común, elíxense entre os penados por delitos graves. Os motivos desta elección poderán ser varios; pero un deles é, sen dúbida, certa regularidade de conduta, e aqueles malvados, cuxas mans, tinguidas en sangue, manexan as varas con que martirizan e ata matan os seus compañeiros, foron *bos presos*.

Citamos estes feitos das prisións de España, porque onde están mal organizadas préstanse máis ao *estudo do natural* dos delinquentes; onde hai orde material e moral, os malos presos son raros, en certo grao case imposibles, e os bos non se distinguen, polo común, con liñas tan determinadas.

Sexa cal for o sistema e orde da prisión, cremos que o visitador non debe fiarse dos *bos presos* nin desesperar dos malos.

CAPÍTULO XVI

OS REINCIDENTES

O visitador ha de considerar a reincidencia baixo o punto de vista moral, que non é sempre idéntico ao legal. Hai malvados cuxas maldades son legais, ou que ocultaron as que persegue a lei, e preséntanse como o que a infrinxe por primeira vez, aínda que en realidade sexan reincidentes, e moitos que en calidade de tales se xulgan e se penan, ou delinquiron en circunstancias que atenúan a súa culpa, ou moralmente non a cometeron e foron perseguidos por desobedecer o que non se debía mandar. As lexislacións de todos os países, aínda dos máis adiantados, non só mandan ás veces cando debían absterse, senón que en moitos casos ordenan o contrario do que en xustiza procedía dispoñer. Se aos erros da lei nalgúns casos, e dos xuíces que a aplican, engádense as iniquidades da maioría das prisións,²⁶ e se a inxustiza é un dos medios máis poderosos para facer inxustos, e a corrupción para corromper, resultará exacto o que algún dixo: que *as prisións son fábricas de reincidencia*.

Hai, pois, que considerar catro clases de reincidentes:

Os que o tribunal non cualificou de tales, e o son en realidade, moralmente considerados;

Os que reincidiron en culpa grave e con vontade perversa, condenados á vez pola moral e pola lei;

Os que repetiron accións que non debían penarse, e son reincidentes legais pero non morais;

Os que repetiron feitos punibles, pero menos por culpa súa que por circunstancias exteriores do medio social, e da inxustiza ao impoñer a pena, e sobre todo ao aplicala.

Os das dúas últimas clases poderían chamarse *reincidentes artificiais*.

²⁶ Considerando as de todos os países.

Convirá que no visitador non inflúa a preocupación vulgar de que os reincidentes chegaron todos ao último grao de depravación e son absolutamente incorríveis: hainos, en efecto, de grande obstinación no mal, pero outros son mellores que moitos penados por primeira vez.

Os que cualificamos de *reincidentes morais* parécennos os máis difíciles de corrixir; en paz por moito tempo co mundo e coa lei, non reaccionou sobre eles o contraste do seu mal proceder coa benevolencia de que eran obxecto; non os perseguiu o descrédito, nin rebaixado a ignominia, nin depravado a infamia, nin desesperado a dor, e no medio de circunstancias tan favorables para a emenda, non escoitaron voces interiores máis que para pedirlle á hipocrísía medios de lograr a impunidad.

A prisión supón un gran fracaso, que é talvez a única fenda por onde se pode penetrar nestes espíritos calculadores a quen por primeira vez non saíu ben o facer mal. Probablemente acúsase de imprevisión, de torpeza, de negligencia, de teren confiado ou desconfiado de quen non debían, e fan, no canto de exame de conciencia, exame de intelixencia e o propósito de empregala mellor para facer dano sen recibilo.

Sobre este punto vulnerable poderán dirixirse os ataques á súa obstinación reprobada; a hipocrísía, que non foi armadura impenetrable, non será en diante recurso eficaz, nin aínda posible, unha vez arrincado o disfraz con que se encubría; eles, que eran amigos do acougo, xa non teñen máis camiño para a paz que a emenda. O puro cálculo (ou mellor diríamos impuro, neste caso como noutros) non bastará talvez, e aínda podería ser de todo ineficaz; ademais, non hai nada tan *incalculable* como os xiros do espírito, e os propósitos e os procederes do calculador exclusivo: ofrece gran dificultade seguilo no labirinto que el sen sabelo formou; pero é preciso facerlle comprender que non sairá probablemente sen o auxilio dalgún principio recto.

Cando dicimos calculador exclusivo, non entendemos *absoluto*; o reincidente moral, cuxa hipocrísía se burlou por moito

tempo da lei, pode someter os seus procederes ao cálculo sen que todo o seu espírito estea sometido a el: como se ven avaros xenerosos para algunha cousa, tamén pode haber calculadores culpables, que reciban modificacións benfeitoras, de afectos, de ideas e de crenzas; hai que ver se con estes auxiliares se pode conseguir que non persevere no mal quen ten gran confianza na dirección do interese ben entendido.

Esta dirección parécese á que se imprime cun temón de materia fráxil e forma imperfecta; pode bastar en augas tranquilas, pero rómpeo a ondada, quedando a nave sen goberno; na medida que apreman as paixóns, as dores, as inxustizas, as contrariedades, crece o perigo de non entender *ben* o interese; de modo que pode considerarse como un guía que, se non é sempre falaz, falta cando máis se necesita; todo isto, ou o máis que se poida, conviría facerllo comprender ao reincidente moral.

Entre os reincidentes que á vez condenou a moral e a lei, moitos, na nosa opinión a maior parte, non reincidirían sen o contaxio das prisións, o anatema da opinión, as dificultades de vivir honradamente e a identidade ou analoxía das circunstancias en que se viron ao recobraren a liberdade con aquelas en que consumaron o delito. Se a prisión é depravadora, o visitador non pode suprimir este elemento, pero pode neutralizalo coa súa influencia moral ou intelectual, co apoio que preste o recluso e o maior que lle prometa cando deixe de selo, procurando que ao saír se ache en condicións diferentes, opostas se é posible, de cando entrou.

Entre os reincidentes *artificiais*, vítimas de leis inxustas ou do modo de aplicalas, hai un gran número cuxa emenda parece fácil se se xulga polo leve da culpa, e aínda por non cometeren acción que en xustiza debese ser penada, e que, no entanto, poden ser dos máis obstinados no mal.

Os chamados delitos políticos, relixiosos e militares levan á prisión homes que non deberían estar nela, pero incapaces moitos de resistir as súas malas influencias, desesperan ou abátense,

e fanse viciosos ou perversos. Lexisladores cegos, leis impías que supoñen os homes moralmente invulnerables, e non saben ou proceden coma se non o soubesen, que en moitos, en moitísimos, o equilibrio é inestable, e que ás veces basta un leve peso para inclinar a balanza ao lado do mal; ese peso, e non leve, arróxano en forma de pena imposta e prisións depravadoras, onde se entra honrado e se sae vicioso ou delincuente, que é o atentado maior que pode cometerse en nome da xustiza e contra ela.

Destes reincidentes, hainos que, con auxilio alleo, vólvense cara ás ideas e sentimentos que tiñan antes de seren vítimas da forza, pero hai outros moi difíciles de modificar; quedan aplanados, e *non hai suxeito*, ou exasperados, e o suxeito non escoita máis que a voz do odio e a vinganza. Se a pena durou pouco, poderá non ter impreso carácter; pero se se prolonga, erro sería xulgar que a emenda sexa fácil porque a culpa foi leve ou non houbo culpa; son ás veces irreparables os estragos que fai a prisión nos que non deberían estar nela.

Cos penados por delitos de contrabando sucede algo parecido; o atentado legal non adoita ser tan grande, pero sempre é moita a inxustiza, que aínda resulta maior porque os contrabandistas de categoría, os que realizan máis pingües ganancias, fano impunemente, e teñen para correr os riscos do negocio o que podería chamarse *carne de tribunal*, que compran barata e sacrifican sen misericordia. Este conxunto de inxustizas debe facer verdadeiros estragos na moral de homes, rudos polo común, e que non ven na súa condena máis que un caso de forza maior; non será fácil facerlles comprender que as leis obrigan en conciencia cando non mandan nada contra a conciencia, e que é un mal cálculo o dos contrabandistas que van a presidio para enriquecer os que gozan na súa casa comodidade e impunidade, ou en competencia cos que teñen da súa parte a forza pública, que eles tiveron enfronte.²⁷

²⁷ Entre os papeis do abate Humbourg había unhas notas interesantísimas, que por desgraza perdéronse, relativas á reincidencia dos vendedores de fósforos, xente honrada

Se estes delinquentes reinciden no mesmo delito polo que se lles penou a primeira vez, non deixarán de ser honrados; pero o temible e frecuente é que a inxustiza, o contaxio, a dor e a ignominia irriten, desesperen e desmoralicen de modo que se enloden no vicio ou se lancen ao delito os que non eran culpables nin viciosos; neste caso os antecedentes son unha acusación terrible contra a lei, pero non unha esperanza de achar facilidades para a emenda.

Cando o visitador se atopa con reincidentes de embriaguez unha, vinte, cen veces,²⁸ que fará? Empregar a súa influencia, se a ten, ou interesar a quen poida influír na lexislación para que estes penados vaian a un establecemento especial, e non a presidio. Acharase a máxima dificultade se o delito e o vicio non só coinciden, senón que forman un todo ao parecer homoxéneo, e se compenentran de maneira que non se poida influír nun sen modificar o outro.

Respecto dos reincidentes teimudos, pensamos o mesmo que escribiamos ao Congreso penitenciario internacional de San Petersburgo:

«O vicio: velaquí a nota sobresañte, se non a característica, dos que repetidamente reinciden. Hai viciosos que non son criminais, e criminais que non son viciosos, pero é raro que non o sexan os reincidentes teimudos, e o seu delito, afín ao vicio ou confundido con el, toma o seu carácter de obstinación e tende a facerse crónico. Todos sabemos que difícil é que se corrixa un vicioso, aínda nas circunstancias máis favorables pola súa posición social, instrución, aprecio público, sexa ou non merecido, medios de satisfacer gustos e afeccións que poidan neutralizar e aínda sobrepoñerse ás súas tendencias e gustos depravados, amor que inspira e debe ter ás persoas que deshonra e aflixe, e, en,

ata que os converteu en contrabandistas e delinquentes a lei que fixo ao Estado fosforeiro; é un caso notable de reincidencia artificial.

²⁸ A embriaguez non se pena hoxe en moitos países atrasados; pero cremos que, co tempo, penarase en todos, someténdoa a un réxime especial.

fin, recibindo toda clase de influencias para que un home non se deixe dominar por un apetito desordenado. Con todos estes elementos de triunfo, o vicioso é case sempre vencido; era posible, e tal vez fácil, que non caese, pero é moi difícil que se levante.

»Isto, que todo o mundo sabe, demostra a dificultade de corrixir o delincuente vicioso cando o vicio entra como concausa poderosa, principal tal vez, do seu delito, e este participa da tenacidade persistente en satisfacer gustos depravados. Ademais, certos sentimentos profundos, esenciais á humanidade, de simpatía e compaixón, a repugnancia ou o horror que inspiran os grandes e irreparables males, e que son un dique para o crime, non conteñen o vicio, nin o delito afín a el. Nin a conciencia pública nin a do delincuente se sublevan contra o feito de pedir esmola, vagabundear, contravir a orde de residir neste ou noutro lugar, introducir unha mercadoría sen pagar dereitos, cometer furtos, etc., etc.; de modo que o delito leve, afín ao vicio, non ten tampouco o freo do horror que inspira, e pode con maior facilidade converterse en estado *permanente*».

Esta parécenos a triste realidade, que non quixemos deixar de comunicar ao visitador falto de experiencia, para que non se sorprenda e se desanime, e aínda sexa inducido a erro, supoñendo que se non pode influír para o ben nos que cometeron delitos leves, menos influirá en grandes delinquentes. Cando estes non son viciosos, e, á parte dalgúns monstros excepcionais, o delito grave, como máis preternatural, connaturalízase con máis dificultade no home para converterse en estado permanente, de onde, ao noso parecer, se deduce que o visitador non debe esperar moito sempre que o delito sexa leve, nin desesperar porque sexa grave.

Ata que punto o reincidente connaturalizouse co delito? Non é posible sabelo se para corrixilo non se empregaron todos os medios adecuados, o cal sucederá por excepción rara; porque, aínda supoñendo que así se fixese na penitenciaría, ao saír dela pode terse atopado en circunstancias propias para que non

perseverase no ben. Por regra xeral, moi xeral, considerando as prisións, as leis e as sociedades de todo o mundo, hai ou pode haber unha gran complicidade social na reincidencia; apartándoa ou diminuíndoa, é probable que o reincidente se corrixa, e de ningún modo debe admitirse que o feito de non terse corrixido probe que sexa incorrizable; o visitador, baixo a fe dos xuíces, non pode impoñerlle esta perpetua cadea moral.

E de que un home non se emende no concepto legal da palabra, pode concluírse que non se modifique en sentido do ben? Non o cremos, e antes parécenos que, salvo excepcións, o visitador caritativo e perseverante pode estar seguro de que a súa influencia será maior ou menor, pero nunca nula; que se non *corrixido*, polo menos *mellorado* quedará o preso que visite, e terá o consolo de dicir: «Ese home non é bo, pero non é tan malo como era antes de que eu o visitase». Ao que lle pareza a vantaxe nula e o consolo van, non entende as vantaxes e os consolos como os entendemos.

CAPÍTULO XVII

OS CONDENADOS A PENAS PERPETUAS

Dise *extinguir* unha pena porque, en efecto, vaise extinguindo hora por hora, día por día, ata chegar o da liberdade do penado; pero hai algúns cuxa pena é *inextinguible*, porque non acaba senón coa vida, e chámase *perpetua*. Os que a sofren, estarán desesperados? Así o supoñerán talvez os que non teñan experiencia ou non reflexionen bastante.

No espiritual, como no material, o home ten un gran poder de adaptación, que sen ir á penitenciaría pode observarse en persoas cuxa situación parece a máis propia para desesperalas, e, no entanto, non desesperan e resígnanse, e ata teñen os seus goces. O máis parecido á reclusión penal, é a imposta pola enfermidade; non ten a amargura punzante de ser obra do que a sofre, e imposición forzosa dos homes; pero en cambio adoita ir acompañada de dores ou de imposibilidade que o condenado a pena perpetua non ten ou pode non ter. Paralíticos, imposibilitados, valetudinarios por vellez ou por enfermidade, en xeral, non só se resignan, senón que, cando a dor non os mortifica, teñen os seus entretementos, as súas satisfaccións e os seus goces. Como un mozo forte e activo comprenderá a resignación do vello que non pode moverse dunha cadeira? E con todo, o vello resígnase e aínda se distrae, goza, e, o que parece imposible e nalgúns casos é certo, ten unha igualdade de ánimo, unha calma, unha placidez de espírito, é máis ditoso, en fin, que algún mozo que o compadece e di que se pegaría un tiro de verse reducido a semellante estado.

Debe terse ademais en conta que os condenados a penas perpetuas son polo común grandes criminais, pouco sensibles por conseguinte, e algo da dureza que tiveron para os demais parecen conservar para si, cun modo de ser que arrastra as consecuencias do mal que fixeron.

Nada ten, pois, de preternatural, senón de moi conforme á natureza humana, que os condenados a penas perpetuas se

adapten, sen desesperaren, a unha situación que a primeira vista parece desesperada. Cando están sos ou mal acompañados, e non teñen en si poderosos recursos psíquicos, esta adaptación non é máis que o instinto da vida, que se agarra, a ela sexa como for, e non hai que equivocala coa resignación, coa conformidade por motivos razoados ou sentidos, que non son o impulso do instinto ou a lasitude do cansazo.

Elevar a adaptación ou resignación, tal debe ser o obxecto do visitador en todos os casos, pero moi principalmente naqueles en que a esperanza é moi vaga ou non existe, e o porvir non aparece máis que como unha continuación do presente desventurado.

Para converter en resignación a adaptación non se ha de prescindir dos elementos desta, senón, pola contra, aproveitálos coidadosamente. Ao tratar de exercer influencia sobre un home non debe facerse caso omiso de ningunha das forzas que hai nel, sexa para empregalas como auxiliares ou para combatelas como inimigas; así, pois, o instinto da vida e o de fuxir da dor serán dous puntos de apoio seguros, e que só por excepción faltan en suicidas ou os tolos furiosos.

Os sistemas penitenciarios, os regulamentos das prisións, as persoas caritativas que os visitan, propóñense influír no ánimo do penado e perfeccionalo como traballador, para que, ao recobrar a liberdade, teña medios e desexo de vivir honradamente. E respecto ao que está para sempre recluído, que fin pode propoñerse o sistema penitenciario, o regulamento da prisión e quen por caridade a visita? Este fin variará moito, segundo as crenzas que cada un tiver ou a falta delas.

O recluído para sempre que cre noutra vida, pode e debe prepararse nesta; a pena é o castigo merecido, a debida expiación que, sufrida con ánimo resignado, alcanzará o perdón, e logo dunha existencia culpable, desgraciada e perecedoira, chegará a que non perece, e onde non hai pecados nin penas. O que teña esta fe terá esperanza, unha fin nesta vida, prepararse para a outra, e poderá repetir de corazón:

Que importan as portas
Con chave e pechaduras,
Se ven os nosos ollos
As do ceo abertas?

Entre as mulleres, aínda tan criminais como adoitan selo as penadas perpetuamente, non é raro que se conserven as crenzas relixiosas, pero serán menos frecuentes e máis mornas nos homes que cometeron grandes crimes; se non son enteiramente descrídos, adoitan ter unha fe vaga, unha esperanza confusa, e talvez medo se ven de cerca a morte; pero mentres gozan da plenitude da vida non pensan na outra, por regra xeral, que terá sen dúbida excepcións. Tal como sexa en grao e forma a crenza noutra vida, pode auxiliar para se resignaren nesta os condenados a prisión perpetua; dicimos *pode*, porque non sempre é así en realidade; vense persoas crentes desesperadas e suicidas que se encomendan a Deus antes de morrer; sen chegar a estes extremos, podemos observar que a realidade do presente impoñese, e quere vivir aquí quen espera ver noutro mundo o ser que amou con paixón neste, e morrendo fixo imposible toda felicidade; o penado que, como ser moralmente débil, se impresiona moito do hoxe e pouco do mañá, verá máis confusas as perspectivas de ultratumba.

Aínda prescindindo doutra vida, o penado comprenderá que, para facer menos triste esta, convenlle resignarse á prisión perpetua, porque a rebeldía non lograría máis que facela máis dura, se se mostra sumiso e traballa o que sabe e aprende o que pode; se é, nunha palabra, o que se chama *bo preso*, pode contar coa benevolencia dos que o custodian e con dulcificar as amarguras da súa triste sorte; o visitador auxiliarao moral, intelectual e materialmente conforme o consintan os regulamentos.

Aínda que se prescinda dunha vida futura e do que sofre nesta o condenado a pena perpetua, non é indiferente para a sociedade que estea resignado ou desespere, que sexa un traballador pacífico e útil ou unha carga revoltosa, que dea mal exemplo e talvez que sacrifique algún empregado co seguro da impunidade de quen non ten nada que temer.

O traballo debe procurarse que sexa o máis absorbente posible das facultades mentais porque, cando neste sentido é intenso, ten algo de común co sono, e traballar, como durmir, é esquecer; que esqueza canto lle sexa dado quen non pode refuxiarse nin no recordo nin na esperanza. Enténdase que traballo absorbente non quere dicir abafador, substitución hipócrita da pena de morte, máis cruel ca ela e que multiplica os tormentos e os verdugos.

O visitador non experimentado supoñerá tal vez que os condenados a prisión perpetua levan na pena a súa clasificación e que, aínda cando os seus crimes varíen, a súa maldade é equivalente; tal suposición, se a fíxese, non sería exacta. De que a pena de morte se aboliu nalgúns países, imponse poucas veces e execútase menos noutros, resulta que sofren condenas perpetuas, o mesmo os condenados a pena capital, que os que anteriormente o foran á inmediata, e que se atopan legalmente confundidas as moralidades máis diversas, desde o home honrado a quen o feroz código militar condenou a cadea perpetua, ata o monstro que obtivo indulto, ou non o necesitou por falta de proba, ou por calquera outra razón ou motivo.

Entre os condenados a penas perpetuas, o visitador terá que corrixir a clasificación legal e facer unha moral; se hai entre eles penados por delitos militares e políticos, é posible que atope homes esencialmente honrados; e aínda que desta clase non os houber, sempre achará:

Delincuentes que conservan sentimentos humanos;

Criminais empedernidos pouco accesibles ás benéficas influencias;

E verdadeiros monstros, respecto dos cales, se non sempre unha verdade, é sempre un consolo o pensar que están tolos.

Adoitan pertencer a esta última clase aqueles cuxa crueldade foi excitada ou acompañada pola luxuria; o visitador que logre modificalos algo en sentido do ben, grande e difícil obra levará a cabo.

Con persoas que xa non poden facer mal no mundo, se non intentan facelo na prisión, deben temperarse algo os rigores da disciplina? Cremos que si.

Nunha prisión de mulleres mandouse un día ás penadas despexaren o patio; a orde cumpríase, como todas, con máis ruído que présa, pero cumpríase ao fin, menos por unhas cantas presas que, ou non se movían, ou o facían tan lentamente que, sen resistir, non parecían moi dispostas a obedecer, sen que ningún as inquietase. «E aquelas?» —dixemos, sinalando o grupo e dirixíndonos a unha celadora²⁹ das que con linguaxe menos correcta e ademáns correspondentes ameazara máis as morosas. —«Aqueles— contestou— son as de cadea perpetua». E non dixo máis, e foi bastante.

É de supoñer e de desexar que a Administración non sexa máis dura que unha muller delincuente.

²⁹ Penada

CAPÍTULO XVIII

AS MULLERES

Este capítulo será máis breve do que talvez algún supoña que debera ser; pero o que dixemos respecto ao home penado parécenos aplicable á muller, tendo por un erro, na prisión como fóra dela, establecer entre o espírito do home e o da muller diferenzas esenciais, cando as que existen (nos casos en que existen) son, non de calidade, senón de cantidade.

Dise e repítese que, cando unha muller chega a ser criminal, é peor que ningún home; non é certo, porque ningunha supera en maldade aos grandes malvados, e é moi rara a que chega ata onde van moitos deles. O que hai é que no xuízo inflúe a impresión; e como é peor a que produce unha muller que un home sanguinario, apreciamos o grao de maldade polo horror que inspira. Hai nas prisións mulleres que cometeron grandes crimes, pero, en xeral, a muller infrinxe moito menos as leis, non tan gravemente como o home, e reincide con menor frecuencia.

Os costumes, as leis, o xénero de vida, a natureza mesma, concentran na familia a vida da muller, e como é conseguinte, onde vive peca ou merece; as súas virtudes son domésticas, e con frecuencia os seus grandes crimes tamén; esta circunstancia pode contribuír a que aparezan máis graves sen o seren en realidade. Por unha muller que mata ao home, hai moitas que o home asasina; así, pois, a muller criminal poderá ser máis repulsiva, pero non peor que o home, e ao xulgala non debemos engadir á monstruosidade do crime a do sexo.

Tratándose de delitos graves, e en igualdade de circunstancias, e aínda nas máis desvantaxosas, a muller reincide menos que o home; e se nela o delito é máis preternatural, a emenda parece que non ha de ser tan dificultosa, e non, o sería polo común se se empregasen medios adecuados para conseguila.

Un destes medios, quen o ignora?, é a relixión, que ten na muller moita máis influencia que no home, pero cuxo poder

non hai que esaxerar, porque relixiosa era cando delinquir, e sen deixar de selo poderá volver a delinquir. A relixión pode ter raíces profundas, tan profundas que cheguen todo o máis fondo da alma, e ser impotente para vencer a mala tentación; a maior parte das pecadoras, e aínda das grandes pecadoras, non son impías, polo menos con impiedade persistente, e nin deixan de crer, nin deixan de pecar.

Convén telo presente para non facerse a ilusión de que unha delincuente está rexenerada porque confese a súa culpa, porque a chore, porque se encomende a Deus e sexa asidua ás prácticas relixiosas e devota fervente; aínda que o seu arrepentimento sexa sincero, a súa emenda non é segura.

A muller é máis relixiosa, máis dócil, máis sufrida, máis sensible, máis impresionable, máis tímida e máis susceptible de ser influída pola opinión ou por outra enerxía maior que a súa; así é en xeral, sen que por iso deixe de haber casos en que o home a supere nunha ou moitas destas calidades.

Temos por un erro a división espiritual esencial dos sexos; pero a maior enerxía de certos elementos pode establecer preponderancias que se deberán apreciar como auxiliares ou como obstáculos.

A relixión non debe dexenerar en fanatismo supersticioso, iracundo, falseador da moral que por amor de Deus odia os que o invocan doutro xeito; amor que inspira odio non é verdadeiro, nin os grandes pecados se borran con palabras, nin as virtudes se suplen con cerimoniais.

A resignación, tan necesaria, tan sublime, non debe dexenerar en apatía, incapaz de reacción contra o sufrimento para buscar o posible remedio.

A docilidade non ha de ser cego servilismo, senón razoable obediencia.

A sensibilidade ha de procurar equilibrarse coa razón, co traballo, con distraccións adecuadas, para que non se converta en movemento perturbador ou arroutada patolóxica.

A timidez non ha de ser aquela cobardía que fai ridículos ou impotentes para o ben cando acha algunha resistencia.

A impresionabilidade non ha de converterse en veleidosa inconstancia, que, como un catavento, dá voltas a impulso do acontecemento próspero ou adverso, do consello bo ou malo.

O debido respecto á opinión xusta ha ser freo que conteña, non sogas que afogue. Cando facilita a culpa, dificulta a emenda ou non cre nela, o arrepenido ten dereito a desprezar a opinión, a acusala e, ata onde as súas forzas alcancen, a combatela.

As mulleres teñen en máis alto grao calidades que as fan accesibles ao bo consello, á boa dirección; pero ás veces dirección e consello atópanse nunha especie sen carga moral, en que a voz non soa nin a forza acha punto de apoio. Os delincuentes son temidos ou desprezados; as mulleres, en xeral, pertencen a esta última categoría, soamente que por razón (é dicir, por motivo) do seu sexo inspiran maior desprezo: este desprezo abáteas, abrímaas, ás veces aniquílaas, inoculándose de modo que chegan a desprezarse a si mesmas; e se non son prostitutas, poden considerarse como tales para a emenda pola súa abxección e falta de resorte moral. Estas mulleres, que verdadeiramente carecen de sexo porque carecen de personalidade, non son obra da Natureza, senón un produto da sociedade e como o espello en que pode contemplar os seus erros e os seus vicios: o mundo aparta os ollos e rise, as persoas caritativas fixan nel a vista e choran.

Entre estas mulleres, moralmente aniquiladas pola súa culpa e pola do mundo, están as incurables; pero non son, nin moitísimo, todas as que a primeira vista o parecen: o cinismo, esa fanfarronería do vicio, non sempre é desafío e mofa da virtude, senón o ruído de gargalladas para afogar doloridas voces interiores, o canto do que ten medo, e medo teñen moitas veces de penetrar no fondo da súa alma, porque instintivamente comprenden que, apenas deixen de rir, chorarán.

Entre os delincuentes de malos costumes, de cales se pode esperar ou se debe desespear? Non cremos que poida darse

regra segura para unha clasificación, obra de experiencia e de paciencia nun alto grado necesaria.

Non hai que escandalizarse das obscenidades, nin das blasfemias, porque sería motivo para que se repetisen; como os nenos, teñen gusto especial nas trasgadas que inspiran medo. Os cínicos divírtense en asustar a xente honrada coa súa linguaxe soez; é a debilidade, facéndose a ilusión de que é forte.

Cando o cínico ve que non fai efecto, deixa de selo ou éo en menor grao, e nunha muller deslinguada que modifica o seu xeito de expresarse, este cambio é indicio doutro no modo de pensar ou de sentir; aínda que pase do cinismo á hipocrisía, a hipocrisía mesma é un progreso; tan atrás se achan estas desventuradas criaturas no camiño do ben.

As ostentacións do cinismo carecen de atractivo se non hai escándalo; e como para o escándalo necesítase auditorio, a recluída nunha cela, por máis corrompida que estea, é raro que se exprese de *propósito* dun xeito indecente; dicimos de propósito porque sen o de ofender nin ostentar abxección, pode revelala na súa linguaxe polo costume de falar mal. De todos os xeitos, é unha excepción moi rara, polo menos en España, a presa (aínda moi corrompida) que responda desvergonzada á visitadora que lle fala compasiva; este monstruoso contraste vese máis ben en certos hospitais que nas prisións.

Sempre ten grande importancia saber os antecedentes dun penado; pero se é unha muller, e esta muller é viciosa, importa aínda máis investigar cal foi o camiño da súa perdición. Que diferenza entre a que espontaneamente deixa os seus pais honrados, que cobre de vergonza e de dor; a que cede á sedución dun home a quen ama, que a engana e a abandona; a que, arrastrada pola miseria, busca o pan na ignominia; a que, pícara, vese aprisionada na rede criminal con que a cobiza envolve a inocencia desamparada para entregala á luxuria; a que, créndoa honrada, entra nunha desas casas sobre cuxa porta deberían gravarse as palabras que Dante pon na do inferno!

O camiño seguido pola presa que chegou a ser muller perdida, pode indicar a maior ou menor probabilidade de que non volva a el; calquera que sexa, tivese máis ou menos parte a adversa fortuna ou a perversa índole, o mal pode ser tan grave que deixe pouca esperanza de remedio; pero, en xeral, non son tan desesperados os casos en que a iniciativa perturbadora veu de fóra, como aqueles en que saíu de dentro.

Para a rexeneración da presa deshonestas, o principal obstáculo non é o delito, senón o vicio; non é o impulso forte perturbador, senón a debilidade da resistencia, a atonía, o marasmo, a falta de resortes e de puntos de apoio; é no moral, o que no físico expresan os médicos ao dicir dun enfermo que *non hai suxeito*. Ao observador atento, o que máis lle chama a atención non é a falta de moralidade, senón de personalidade, e o problema parece menos de *dirixir* que de *refacer* unha persoa.

Contra semellante anemia deben empregarse todos os tónicos relixiosos, morais, intelectuais, e o traballo e a distracción, e o consolo e o exemplo, dando en moi curtas doses todo o que necesite esforzo para a asimilación.

A relixión ha de ser esperanza; a moral non ha de ter máis que unha severidade relativa; á intelixencia non se lle deben esixir grandes esforzos; o traballo non ha de abrumar, nin excitar as distracciónes, e para dicilo máis brevemente, *exercitar a forza economizándoa*.

Cando estas pecadoras queren traballar e saben discorrer o necesario para dirixirse no mundo, probablemente se salvaron; pero neste remedio está a gran dificultade, porque perderon o gusto do traballo e o compás da vida. Moitas veces a súa rexeneración podería chamarse *condicional*, porque necesita para prevalecer un medio apropiado, e non resiste ás tentacións e ás excitacións mundanas.

Con ser tan mala a condición social do home que sae de presidio, a da muller é infinitamente peor: máis desprezada ca el, é tamén máis tentada; el ten que pagar o vicio, ela cóbrao; o seu

arrepentimento, ou non se cre, ou non parece capaz de lavar a súa mancha; talvez non acha pan senón envolto en ignominia, e come e afúndese para sempre; os que obteñen na vida pracenteiros vitorias acúsana, ignorando que hai máis mérito nas resistencias insuficientes de moitas derrotas que nos fáciles triunfos.

A muller debilitada polas desordes, vítima dunha sociedade que a incita ao mal e a castiga por facelo, e cando sufriu a pena vólvea incitar para que cometa nova culpa, caerá outra vez se a caridade non lle alarga a man e a sostén ao saír da prisión, aínda que alí procure ilustrala e fortalecerla; nestes casos, especialmente sen o padroado, a visita de pouco servirá.

Exceptuando as mulleres de costumes depravadas que opoñen dificultades especiais, cremos que a visitadora dunha prisión terá menos obstáculos que vencer que o visitador. Será moi raro que a penada sospeite da boa vontade da señora que a visita, e aínda que non sexa sincera con ela, non será desconfiada nin suspicaz. A confianza que custa ás veces tanto traballo inspirar ao home, obtense da muller espontaneamente por regra xeral.

A relixión será máis eficaz, non só porque a presa sexa máis accesible á súa influencia, senón porque a visitadora o é tamén; a oración pode unir estas dúas mulleres que tantas cousas separan e non se sabe canto inflúe para *todo* o unirse intimamente para *algo*.

O hábito de sufrir, máis común na muller, e a súa maior paciencia e docilidade, predispóñena á resignación, e con ela á calma necesaria para que o espírito reciba influencias benfeitoras que dificulta ou imposibilita a rebeldía. Esta vantaxe é da maior importancia, porque no tumulto da desesperación, ou non se oe, ou se esquece, ou se despreza; todo o que aconsella supón e necesita certa quietude no ánimo para escoitar o bo consello, formar o bo propósito, abrir o corazón á esperanza e non malgastar a enerxía en esforzos inútiles contra a indestrutible realidade.

Esta realidade exterior, que a presa acepta, pode ser modificada interiormente por recordos e esperanzas, por sentimentos

que o delito non extingue e algúns que a dor aviva; porque a dor, cando non se converte en verdugo, é un gran mestre. Cantos erros combate, cantas verdades evidencia, cantas ilusións desvanece, como pon de manifesto a nada de cousas que parecían tanto a todo, e revela debilidades e forzas que eran descoñecidas! Pero isto faino a dor resignada, frecuente na muller desgraciada: a Natureza, que lle dixo: sufrirás máis, deulle maior aptitude para o sufrimento, e que este sexa consecuencia da desgraza ou da culpa, conserva sempre a súa predisposición natural a resignarse con el.

Os lazos que a unen á familia, senón os rompeu o delito, son tan fortes na muller, que ás veces non os rompe no seu corazón nin o crime, nin o cativerio, nin o desprezo, nin a ignominia, nin nada, e no medio daquela podremia moral hai sentimentos puros, como o amor filial e maternal sobre todo, que poden servir de panca para mover a inercia do seu espírito.

A impresionabilidade e a sensibilidade, que, desbordadas ou mal dirixidas, foron talvez causa de grandes extravíos, poden ser un elemento de corrección, porque ningunha cousa a dificulta tanto como a insensibilidade dun ánimo empedernido, impenetrable; o erro e o extravío parecen alí incrustados, máis incorporados ao espírito, formando un todo con el; esta situación de ánimo é rara na muller, accesible polo común ás manifestacións benfeitoras; poderán ser máis ou menos eficaces, e aínda non ter eficacia algunha, pero non se lles pecha o paso, e o primeiro que necesitan é entrar.

A razón é a razón respecto de todos; dous e dous son catro, para o home como para a muller, e sería absurdo, ao querer persuadila, empregar raciocinios aplicables a ela soa, e ter unha lóxica masculina e outra feminina. Pero unha prisión non é unha academia; a razón non vai directa ao discurso; acha paixóns, vicios, obstáculos de moitos xéneros, e ao procurar vencelos é cando pode reunirse máis ao sentimento tratándose da muller e, coma se dixésemos, servirse do corazón para entrar na cabeza; pero na cabeza hai que penetrar, non o esquezamos: o impulso

pode auxiliar, non suplir a persuasión, e as resolucións en que o entendemento non toma parte, están a mercé de calquera forza perturbadora. As delinquentes non son filósofas nin doutoras, xa o sabemos; pero, en xeral, teñen a razón que basta para comprenderen as cousas necesarias, e en todo caso debe ensinárselles o que poidan e lles conveña aprender. A emenda polo so sentimento é posible; pero, en xeral, non será sólida, e estará suxeita ás intermitencias, ás veleidades, aos extravíos de todo o que non é razoado. Que se diría dun xeneral que, á fronte dun inimigo poderoso, no canto de combatelo con todas as forzas de que dispón, levase ao combate só unha parte, deixando o resto na inacción? Pois isto fan os que procuran a emenda dunha delincente recorrendo só ao sentimento, cando deben empregarse (e oxalá que sexan suficientes!) todas as súas facultades.

Basta que a presa rece? Basta que ame? Non: rezando e amando delinuiu, probablemente porque discorreu pouco ou discorreu mal; e para que non volva delinquir hai que procurar, non a mutilación, senón a plenitude de todas as facultades que poden soste o seu equilibrio moral. Quen que observou mulleres arrependidas non as viu reincidir por non teren máis apoio que o sentimento, cando lles faltou unha razón que suplise a súa, case atrofiada na inacción e na ignorancia?

Trátase de dar ao preso o xénero de instrución que lle convén; e non se instruirá á presa máis que nos *labores do seu sexo*? Sería grave erro, e a visitadora procurará ensinarlle, ata onde as circunstancias o consintan, canto poida fortalecer a súa alma; porque na muller, o mesmo que no home, non hai nada bo *sólido* senón aquilo que contribuíron a formar *todas* as facultades do seu espírito.

Se en tan pouco se tiña a muller honrada, como había de darse importancia á muller delincente? Menos temida que o home polo seu menor número e maldade, estivo máis abandonada, en termos de que, dos progresos da ciencia penitenciaria, poucos e en contados países chegaban na práctica a ela.

Vimos con verdadeira satisfacción un sinal de progreso, feito desde esas cimas intelectuais e sociais, onde as luces que se acenden vense de moi lonxe. O *Consello da Sociedade xeral de Prisións* (francesa), querendo contribuír a que o futuro Congreso penitenciario internacional de París se prepare dun xeito sólido, metódico e brillante, tomou unha iniciativa laudable, porque, sen prexuízo de tratar as cuestións que sinale a Comisión permanente de Berna, presentará ao Congreso un vasto *inventario* das institucións e dos establecementos penitenciarios franceses. Con este obxecto constituíu oito Comisións, que se dividen o traballo, tratando as diferentes cuestións que suscita a teoría e a práctica da aplicación das penas. Entre estas Comisións hai unha que se ocupará exclusivamente *da muller* e esta innovación é un título máis que engadir aos moitos que a *Sociedade xeral de Prisións* ten ao respecto dos pensadores e á gratitude dos presos.

Ben será que a visitadora da presa non se ache contaxiada polo desdén que a moitos homes inspiran as persoas do outro sexo, baixo o punto de vista intelectual; ben será que procure ilustrar a recluída: malia todo o que pesa sobre ela e a abruma, é un ser racional e sensible, e nós teríamos esta regra: nin *todo* por razón, nin *nada* sen razón.

CAPÍTULO XIX

DEBEN FACERSE AGASALLOS AOS PRESOS?

Cando o consintan os regulamentos e o permitan os xefes da prisión, o visitador fará algún agasallo ao preso? Unha severidade moi austeramente responde negativamente, alegando que o interese estimulará a hipocrisía, e que o visitador será ben recibido polos obxectos, non polos consellos que pode dar.

O preso recibe por interese, non por abnegación, o visitador; este sábeo, pero debe saber tamén que así é recibido en todas as casas onde non é amado, é dicir, case sempre; a maior parte das visitas son tan insignificantes, que as substitúe ben un anaco de cartolina co nome do que as fai, e aínda con frecuencia agrada non atopar en casa aqueles a quen se ha ir ver, ou saír se eles veñen. Estas visitas de fórmula son moitas veces interesadas; vaise ver a fulano porque pode ser útil ou prexudicial; a zutano porque o seu trato adula a vaidade, e, en xeral, porque non *convén* illarse; de maneira que o visitador que non se faga ilusións comprenderá que nas casas onde non atopa agarimo, recíbeno como o preso: con indiferenza ou con miras interesadas. E se o interese é un gran motor da humanidade, e mantido en xustos límites lexítimo, admirarémolos de que na prisión os traspase no fondo e sexa un pouco groseiro na forma?

O preso, como todo o mundo, ten intereses lexítimos, e outros que non o son; desexos razoables ou desordenados, e algúns puerís; recibe a visita do home caritativo porque espera del algún ben: nisto non hai mal; pero se en lugar da protección para o porvir ou dun bo consello pídolle un cigarro, talvez se atraia o anatema que cae sobre a hipocrisía interesada e groseira. Non pretendemos que se dea tabaco aos presos, pero tampouco que sexan considerados fóra da lei da humanidade porque son interesados como ela. A protección que piden para o porvir e a pretensión dalgún goce presente teñen a mesma orixe, e se non se accede ao seu desexo por interesado soamente, non debe condenarse nin mirarse como proba nin aínda indicio de perversidade hipócrita.

Persoas que entenden pouco destas cousas critican, e aínda ridiculizan, que se permita a un recluído ter na súa cela un paxaro, un cadro, un testo con flores, etc., sendo así que na súa soidade estes obxectos son unha especie de compañía, un consolo que pode contribuír a moralizalo. Moralizar un paxaro, unha flor, un cadro! Si, moralizar.

Aquel home está alí por moitas causas, pero unha das que máis adoitan contribuír ao delito é a grosería e depravación dos gustos, e todo o que inflúa para depuralos influirá na súa corrección. O paxariño preso coma el, que pía doente ou canta resignado ou alegre, que vén comer da súa man, que non o teme, que o ama; aquela flor que crece co seu coidado, que embelece e perfuma o seu encerro como se se abrise nun palacio; aquel cadro que representa o martirio dun santo, a morte dun heroe, a abnegación dun filántropo, a dor dunha nai que estende os brazos cara ao fillo culpable e querido que lle arrebatou a forza pública... estes obxectos, que se ven acotío, todos os días, impresionan ou poden impresionar o ánimo e contribuír a levantalo.

Se parece excesiva compracencia proporcionar estas distraccións aos delinquentes, diremos que o excesivo é mortificalos sen obxecto, e aínda con dano, porque toda mortificación innecesaria é prexudicialísima, como toda satisfacción dun gusto san é moral nun alto grao. Se o visitador comprende que esta é a verdade, ela daralle regras para o caso en que poida e queira facer un agasallo ao preso.

Nada que afogue, nin estimule os sentidos, nin proporcione goces materiais, a menos que o recluído non careza do necesario, como sucede aínda en moitas prisións, nese caso a caridade pode proporcionarlle abrigo, e, se está doente ou inapetente, algún manxar que non lle repugne; será raro que, máis ou menos, non agradeza estes beneficios, e aínda non dirixíndose ao espírito, poden producir nel a moralizadora influencia da gratitude.

Partindo das regras xerais, as circunstancias particulares do individuo indicarán o obxecto que máis lle convén entre os que

lle agradan, porque será moi oportuno darlle a escoller, a menos que non se queira proporcionarlle unha sorpresa, como conmemorar o santo dalgunha persoa querida, regalándolle, algún obxecto co que a poida agasallar.

Cando ao facer un agasallo ao preso se lle dá a escoller entre varios obxectos, a súa elección pode servir de algo, ás veces de moito, para coñecer o estado do seu ánimo, e segundo sexa este, tratar de proporcionarlle aquilo que máis lle conveña. Díxose que *o estilo é o home*; e aínda que isto fose certo, o sería máis nada que para os que teñen estilo, para os de letras; seica con máis exactitude, e seguramente con máis xeneralidade, podería afirmarse que *o gusto é o home*, e variando unha frase vulgar e moi exacta, dicir:³⁰ *Dime o que che gusta e direiche o que es*.

Esta especie de sonda que se introduce no ánimo do preso, pode ser tanto máis eficaz canto que el non desconfía nin aínda sospeita o seu poder explorador.

Como a ciencia penitenciaria é de onte, nin a opinión nin as artes préstanlle aínda o necesario concurso, e para proporcionarse libros e láminas cos que agasallar o recluído haberá dificultade. O debuxo, o gravado, o colorido, están ao servizo, non só da relixión, senón da superstición; non só da vaidade pueril, senón da luxuria obscena, pero non fan nada *especial* para a contemplación constante do preso: como cristián, poderá ter un Crucifixo; como home e como patriota, o cadro que lle represente a morte dun heroe ou dun filántropo; pero como preso, non ten nada e podía ter moito. Que asunto piadoso influiría no seu ánimo como miss Carpenter³¹ ensinando e consolando as presas

³⁰ Dime con quen andas e direiche quen es.

³¹ Arenal refírese a Mary Carpenter (1807-1877), educadora e activista social inglesa que fundou unha escola que ofrecía unha educación de calidade a persoas con poucos recursos e un reformatorio, proporcionando así novas oportunidades aos nenos e mozos delincuentes da cidade de Bristol. A súa influencia foi clave na aprobación de varias reformas educativas a mediados do século XIX. Tamén traballou activamente polo abolicionismo de escravitude e visitou escolas e prisións co obxectivo de mellorar a educación das mulleres, establecer reformatorios e mellorar as condicións das prisións [N. dos T.].

de Londres; Howard³², visitando todas as prisións de Europa e morrendo mártir da súa caridade; Venning, arrostrando as tempestades do mar e a febre das prisións de que foi vítima; San Vicente de Paúl, sentándose no banco da galera para proporcionar algún descanso ao mísero forzado que a fatiga abruma!

O *Álbum do encarcerado*, libro en que poderían ler todos os presos do mundo, é unha empresa relativamente fácil se se emprende con fe. Para levala a cabo acoden ao noso pensamento moitos nomes: uns, aí! dos que morreron; outros, dos que viven e aceptaron a santa herdanza de perdón para os culpables e de compaixón para os desventurados. Que entre estes piadosos herdeiros promovan a cooperación internacional a un concurso ou varios sucesivos en que se premien os cadros e gravados máis propios para a cela dunha penitenciaría... ou o *Álbum do encarcerado*.

Ata que o visitador do preso ache a debida cooperación social necesita utilizar os elementos dos que agora dispón, buscando aqueles obxectos que como don poida levar ao preso, e aínda pedíndoos por caridade ás persoas compasivas ou ilustradas que comprenden a esmola espiritual, e esmola espiritual pode ser un obxecto case insignificante e de escaso valor, que distrae un tedio doloroso e perigoso, que esperta un bo pensamento durmido e que excita a gratitude. Para o recluso teñen valor, como dicíamos, moitas cousas que se aprecian, pouco ou nada en liberdade; a industria fai hoxe prodixios de enxeño e de baratura; de modo que os agasallos que poden facerse ao preso esixen máis solicitude e tino que diñeiro.

³² John Howard (1726-1790) coñeceu a situación das prisións inglesas cando foi nomeado *sheriff* (xuíz) de Bedfordshire, quedando arrepiado polas condicións dos presos e polo sistema de contribución das cotas dos prisioneiros como pagamento de salarios aos carcereiros. Dedicou gran parte da súa vida a visitar e facer diagnósticos do estado das prisións de Inglaterra e Gales, publicando no ano 1789 *The State of Prisons in England and Wales* («O estado dos cárceres en Inglaterra e Gales»), que pon de manifesto a crueldade, o amoreamento e a deshumanización dos reos, e que o converte no precursor do dereito penitenciario e da reforma penitenciaria. Howard morreu a causa do tifo que contraeu nas súas visitas a hospitais e casas de saúde en Rusia [N. dos T.].

Repetimos que é infundado o temor de excitar os impulsos interesados con estes pequenos dons, porque semellante interese, nin pola calidade nin pola cantidade, é perigoso. Non se engalana o namorado para facerse *interesante*, e todos para facerse agradables? Que mal pode haber en que o visitador se adorne coas *boas* impresións que produce, para que o reciban dun modo máis cordial?

CAPÍTULO XX

A VISITA AOS PROCESADOS

A lei considera sospeitoso o procesado ata que o tribunal o condene ou o absolva. O visitador, debe ter o mesmo criterio que a lei e condenar e absolver con ela, e non formar xuízo ata o xuíz publicar o seu?

Isto, que parece o máis fácil, non é o máis práctico nin case posible, porque o home de caridade, sempre paciente, non é nunca *pasivo*, e para a súa acción debe ter regras e criterio que non espera, que non pode esperar, a resolución do maxistrado; este criterio pode dar lugar a grandes dúbidas e graves casos de conciencia.

O visitador pode estar convencido:

1.º De que o acusado é culpable.

2.º De que o acusado non é o autor do feito que se lle imputa.

3.º De que é o autor do feito, pero que este feito, moralmente considerado e en conciencia, non debería ser cualificado de delito.

4.º De que, aínda sendo o feito certo e malo en alto grao, queda necesariamente impune na maioría dos casos.

5.º De que o delito certo teña unha pena desproporcionada á súa gravidade.

6.º De que a pena, polo mal estado das prisións, sexa depravadora e perda para sempre o que sen ela podía salvarse.

A conduta do visitador, debe ser igual nestes diferentes casos?

Xa se sabe o que principalmente preocupa ao procesado: a súa causa; e desoirá ou escoitará con indiferenza todo o que non se refire a ela, vendo no visitador, máis ben que un conselleiro e un protector futuro, un axente e protector do momento, que faga triunfar a súa inocencia ou ocultar a súa culpa.

1.º No primeiro caso que supuxemos, de que o visitador está convencido de que o preso é un criminal, debe seguir o exemplo do avogado defensor, que se esforza para probar unha inocencia

na que non cre, e pide a absolución dun asasino e considera como un gran triunfo conseguila de xuíces ou xurados indignos ou incapaces? O pedir impunidade como avogado para o que penaría como xuíz, a confusión de ideas, os sofismas que se substitúen á conciencia, e o antepoñer o amor propio á xustiza, non debe ser exemplo que o visitador tome por modelo, e mal entendida sería a compaixón que por favorecer o criminal perigoso sacrificase as súas futuras inocentes vítimas. O cruel e perverso é posible que impune sexa reincidente, e seguro que a súa impunidade será un estímulo para os que estean dispostos a imitalo. E este favor que se fai a un malvado eximíndoo da merecida pena adoita por máis aparente que real, porque o verse impune estímulo a reincidir, a encher a medida de toda tolerancia xurídica, e a caer, de todos os xeitos, no abismo penal, de onde ninguén o poderá sacar.

O visitador desta clase de presos non ha de ser o seu axente de negocios, e ás instancias para que o sexa debe escusarse coa *imposibilidade*, que o procesado tomará probablemente por falta de medios, vendo que no demais está disposto a prestarlle apoio e consolo, que a súa paciencia non se esgota polas impertinencias e que a súa mansedume está a proba de altiveces.

O visitador do procesado non debe propoñerse exercer sobre el unha influencia *duradeira*: a que se intenta sobre o preso é máis ben do momento e esencialmente calmante sobre un ánimo aínda excitado polas causas determinantes do delito; polos azares legais do proceso; polos desenganos da desgraza ignominiosa; polos odios, motivados ou sen motivo, pero feros; pola honrada indignación da inocencia ou a vergonza da culpa; polo recordo da liberdade e a tortura do cativerio; se hai amor á familia, polo dano que se lle fai e pola súa ausencia; se non se ten ou non se ama, pola frialdade lóbrega do baleiro; se hai honra, porque se perde; se non a hai, polo dano que causa o desprezo, e, en fin, pola axitadora alternativa do temor e da esperanza, alternativa perturbadora sempre aínda que na forma ou intensidade varíe, segundo a condición do que teme ou espera.

Hai procesados tranquilos no cárcere por hábito de estaren nela ou por outras causas; pero esta tranquilidade, cando existe, cando non é aparente e a forma máis temible da desesperación, é excepcional; polo común, o acusado está axitado, parézao ou non, e a principal acción do visitador debe ser calmante.

O preso que ten familia e se preocupa dela, recibe gran consolo, que o acouga, coa protección que se dá aos seus; o que só pensa en si, cando desespera, é máis difícil de acougar; o egoísmo deixa para chegar ao ánimo un só camiño; se este se pecha, o home parece inaccesible, e isto é común a presos, a penados e a todos os grandes egoístas que sofren e non se resignan.

2.º Cando o preso non é o autor do feito que se lle imputa (a xuízo do visitador), este, non só ha de levarlle o consolo de saber que hai quen cre na súa inocencia, senón procurar que triunfe dándolle consellos, pedíndoos ás persoas competentes e empregando no seu favor toda a influencia: de que honradamente poida dispoñer. Poucas desgrazas hai tan dignas de compaixón como a do inocente preso que por unha suposta culpa empeza por sufrir un castigo ignominioso, vendo na súa honra unha mancha que tal vez non se lavar. Cometeuse un delito, algún foi o autor, e o xuíz propende a crer que o é o acusado, e a investigar, non a súa inocencia, senón a súa culpa.

Esta propensión non é só do que aplica a lei e dos seus auxiliares, senón do público en xeral; o preso sábeo, e canto máis honrado sexa máis o abruma a idea da deshonra; e se participan dela os que ama e de quen é amado, para que a dor non o abrume é menester que a caridade auxilie a obra da xustiza e se anticipe a ela, absolvendo e facilitando a absolución do que non ten culpa.

O fallo adoita facerse esperar, e moito, en España, e a excarceración que logran os culpables con valemto negarase ao inocente desvalido; se o visitador a consegue, daralle gran consolo, tal vez a saúde ou a vida. Non será o primeiro que a perde no cárcere, onde non debía entrar.

3.º O preso pode ser o autor do feito que se lle imputa, feito que en razón non parece xusticiable ao visitador, nese caso fará o posible porque o acusado sexa absolto. Os delitos de contrabando, por exemplo, non son xeralmente obra da perversión do delincente, senón do absurdo das leis, que de cando en cando non alcanzan máis que os infractores subalternos, e seica o xuíz que manda a presidio o contrabandista asina a sentenza fumando tabaco que é e sabe ser de contrabando.³³

4.º A acción de que se acusa ao preso pode ser certa e mala nun alto grao; pero quedando impune por regra xeral, e debendo quedar necesariamente dada a súa índole, a lei que a pena non é xusta nin é posible que o sexa. Circunstancias atenuantes pode ter o acusado de adulterio, que non tiña quen asinou o nomeamento do xuíz que dá o auto de prisión, e moitos non se darían se para arroxar aquela pedra fose preciso non pecar.

Cando o feito non pode probarse na maior parte dos casos; cando de probalo resultará maior escándalo e dano que de non perseguirse; cando a lei absolve ou condena segundo quen sexa o que a infrinxe, e non persegue senón a instancia do ofendido, que unhas veces tolera e aínda explota o vicio, e outras convérteo en delito, a razón non pode cualificalo de tal, e a conciencia, condenando o feito, protesta contra unha pena que por rara casualidade se impón, e non aos máis culpables, senón aos máis desgraciados. O visitador, abominando do seu pecado e reprendéndoos severamente, e procurando corrixilos, debe facer o posible por subtraelos á inxustiza legal.

5.º Sucede, e por desgraza con frecuencia, que o delito ten unha pena tan desproporcionada á súa gravidade que fai delincentes honrados; así sucede, por exemplo, moitas veces cos delitos chamados políticos e os militares; en moitos casos, máis ben que a aplicación da lei, a impunidade é a xustiza, e o visitador debe procurala para o preso.

³³ Histórico.

6.º Pode ser a pena proporcionada e o delito certo, pero non grave nin revelador de índole cruel ou pervertida; e se as prisións son tales que endurecen e depravan, como non hai dereito para levar por forza a un home que non é perigoso onde se endurecerá e depravará de modo que o sexa, o visitador contribuirá á xustiza procurando subtraer o procesado á pena corruptora.

Tal vez algún cualifique de atrevemento censurable o consello que damos ao visitador, de que en moitos casos ampare coa súa protección ao que persegue a lei, preferindo o seu criterio ao do lexislador. Responderemos que, por regra xeral, o lexislador camiña atrasado polas vías da xustiza; que leva o impedimento de ignorancias, paixóns, intereses bastardos, vaidades ridículas; que ve sempre diante, e ás veces moi lonxe, aos que senten mellor e ven máis claro ca el, aos lexisladores do porvir. As leis obrigan en conciencia se os seus mandatos non son contra a conciencia; pero se pugnan con ela, o home honrado debe antepoñela aos preceptos legais.

Cando ningún interese nin paixón perturba o camiño; cando a razón serena medita, e en caso de dúbida pide consello a quen pode dalo san; cando a caridade impulsa, pero non precipita; cando se ve a lei penal en acción *por dentro*, como de cando en vez a ven os lexisladores e os xuíces, o que nestas circunstancias se atopa ten todas as probabilidades de condenar en xustiza o que reprobaba en conciencia. Todo aquel aparello de togas e de uniformes, de armas e de ferrollos, de muros e de reixas, non lle impoñen; alí poderá estar o dereito, poderá non estalo, e cando el vexa claro e senta fondo que non está, ninguén con razón poderá acusalo se antes que a acusación fiscal oe a voz da súa conciencia.

CAPÍTULO XXI

OS EMPREGADOS

Os empregados hostís ou benévolos poderán facilitar a misión do visitador, que procurará o seu auxilio ou polo menos a súa neutralidade. Segundo os países, a organización das penitenciarías, a instrución, ideas e sentimentos dos que serven nelas, o visitador será considerado:

Como un auxiliar;

Como un intruso fiscalizador, que dentro da prisión perturba a orde, e fóra desacredita con relacións esaxeradas ou falsas;

Como un visionario que candidamente crea o que lle din os presos, déixase, enganar por eles e faise a ilusión de que poderá contribuír a corrixilos.

Destas diferentes disposicións resulta:

Simpatía;

Hostilidade;

Desdén.

O visitador está disposto a sufrir as impertinencias, as extravagancias, as groserías, as inxustizas do preso; non regatea os seus privilexios á desgraza, nin a tolerancia respecto de culpas cuxa gravidade pesa para calcular a dificultade de corrixir o culpable. Pero a súa humildade, a súa mansedume, a súa paciencia, han de exercitarse tamén cos empregados, que teñen os dereitos e os deberes dos demais homes; que non están dentro da lei penal e fóra das outras leis; que non poden alegar as dolorosas franquicias do infortunio? Seguramente que non, e o empregado debe consideración ao que non lle falta e cooperación ao que vai auxilialo na obra de corrixir o delincuente.

Así parece a primeira vista; pero, se se considera ben, o empregado dunha penitenciaría non se acha nas circunstancias normais dos demais homes; algo e aínda moito participa da vida do preso pola necesidade de vixialo de continuo, e algo e aínda moito ha de influír no seu ánimo ver un día e outro día, un ano e

outro ano, tanta xente cuxa perversidade é ostensible, cuxos bos sentimentos, se existen, non teñen medios de manifestarse, nin o tempo de analizalos, e cuxa dor se embota no hábito de ver desgrazas que se consideran merecidas ou imposibles de remediar.

A razón ha de facerse cargo destas circunstancias en que se atopa o empregado dunha penitenciaría, e a caridade de desculpalo cando desculpa necesite.

O visitador ha de considerar a diferenza que hai entre ir unha hora *por vontade* a ver un preso, e estar toda a vida *por necesidade* nunha prisión; ha de considerar que a caridade que o leva a ver o preso é un preservativo seguro de todo contaxio con el, preservativo que o empregado non ten moitas veces, e pola falta do cal, malia o seu sabre e o seu revólver, é moralmente débil, pasivo, e está exposto a contaxiarse, máis ou menos, co mal, contra o que non reacciona. Temeraria afirmación sería dicir sempre: «No lugar dese home, eu sería mellor ca el».

Cando o empregado, por falta de caridade ou de idea da súa elevada misión, non é moralmente activo, non procura corrixir o que se extraviou e consolar o que sofre, acabará por endurecerse e perverterse. Onde os empregados non tratan de moralizar os presos, os presos desmoralizan os empregados, que teñen que ser mellores ou peores que o vulgo dos homes: esta alternativa xa indica ao visitador a necesidade da tolerancia.

Indicamos como circunstancia atenuante das faltas do empregado a necesidade de estar *toda a vida* na prisión, e cómpre insistirmos sobre isto. Na maioría das prisións, se se han de cumprir os regulamentos con exactitude, ao empregado non lle queda tempo para o indispensable descanso *fisiolóxico*; nas penitenciarías mellor organizadas tal vez teña este descanso, que é insuficiente para que sexa o que *debería se puidese*. Non basta que se deixe tempo para comer, para durmir, e ata algunha hora para repousar; subliñamos o descanso fisiolóxico, porque necesita ademais o *psicolóxico*, algunha ocupación ou exercicio do espírito que lle saque daquela atmosfera de maldade e de

dor, que o faga partícipe, por *tempo suficiente*, da vida normal da humanidade. Comprendemos que isto tal vez se xulgue imposible: pero outras cousas que tamén o parecían realizáronse: a vida do espírito necesita, como a do corpo, variedade de alimentos; unha parte esencial da súa alimentación é o traballo, e cando, ademais de ser sempre o mesmo, é insalubre, hai que tomar grandes precaucións para que deixe de selo: desexamos e esperamos que ao fin se tomarán. Como? Variará moito, segundo os países, a organización e a situación das penitenciarías; pero podería combinarse o traballo destas con algún outro que, utilizando os empregados, cuxo número habería que aumentar, lles proporcionase o descanso do espírito, variando a súa ocupación sen aumento de sacrificios pecuniarios para o contribuínte. Cando se acabe de comprender (xa se empezou) que, malia as pechaduras e os muros, as armas brancas e o lume, a misión do empregado nunha penitenciaría é *esencialmente espiritual*, non parecerá tan absurdo o que imos dicindo.

Outra causa *legal* da desmoralización do empregado son os castigos crueis ou degradantes. É posible que non se endureza e se rebaixe o empregado que manda espir un home e preside a malleira legal, e asesorándose do médico manda suspender o suplicio para continualo cando a vítima recobre as forzas que perdeu baixo a influencia da dor? Pola nosa banda non o concibimos, e parécenos evidente que, onde quiera que se mandan ou se toleran castigos crueis ou degradantes, se degrada e se endurece aos que han de impoñelos.

Din que son cuestión de costumes e de opinións; certo. Polo estado da opinión queimábase os homes vivos, e comíanos e aínda os comen crus os antropófagos, porque ese é o seu costume; pero onde queira que os costumes e opinións non rexeiten certas penas, os que as impoñen participarán máis ou menos da súa crueldade, da súa ignominia, e o visitador non debe esixirlles a eles sos unha responsabilidade moral que é de todos; a sociedade é a que tortura e a que mata; os verdugos son os seus

instrumentos e como os seus representantes. Quérese que apliquen *piadosamente* ordes *impías*? Non pode ser: as malas leis acharán sempre e contribuirán a formar homes peores ca elas, encargados de executalas.

Dixemos que o empregado moitas veces non ten caridade, o cal nos parece exacto respecto da xeneralidade de todos os que serven en todas as prisións de todo o mundo; pero hai xa moitas nas que o empregado é o home *novo*, o funcionario que exerce unha elevada misión, unha especie de sacerdocio para o que necesita estar unxido pola ciencia e a caridade; noutras é autó-mata que cumpre os regulamentos, esa especie de esqueletos da orde cando non lles dá vida o corazón e a conciencia de quen os aplica; e, ao fin, existe o empregado garda de prisión, especie de verdugo rapaz, que explota o vicio, o crime e a desgraza. Estes tres homes atopará ou pode atopar o visitador; debe profundo respecto ao primeiro, cortesía ao segundo, e co terceiro ten que transixir e disimular, porque de seguro volverase contra o seu protexido a protección que teña a menor aparencia de censura.

Entre o calabozo lóbrego, húmido, pudrideiro do recluso, e a cela clara, ventilada, hixiénica, que diferenza! Pois é aínda moito maior a que existe entre o moderno empregado e o antigo verdugo; este desaparecerá, pero mentres existe, o visitador debe ter o firme propósito de vivir en harmonía cos empregados humanos, e en paz con todos, ao que contribuirá a idea exacta do alto mérito do cumprimento do deber nunha prisión e das circunstancias atenuantes que ten moitas veces a culpa de non cumprilo.

Nun prazo máis ou menos longo desaparecerá o *garda de prisións*, e o visitador e o empregado serán dous obreiros que unan e harmonicen os seus esforzos para a mesma obra: é lóxico. Certo que a lóxica nas cuestións sociais adoita tardar anos ou séculos en pasar do discurso á realidade, pero vese que penetrou nela, posto que nos países máis cultos e de tendencias máis humanitarias hai moitos empregados de corazón e de intelixencia que discuten con acerto ou ilustran as cuestións máis arduas, e, que

se unen ao visitador para a emenda do culpable e o consolo do desgraciado; hai maxistrados que, non só como filántropos, crean obras benéficas para precaver o delito ou evitar a reincidencia, e forman parte dos padroados, senón que se asocian a eles como xuíces, e confían a súa custodia moitos penados que, no canto da prisión que infama e deprava, reciben liberdade condicional e protección segura.

Homes prácticos, altos empregados, altos non polo lugar que ocupan na nómina, senón polas súas ideas e sentimentos, como Mr. Jacquin, conselleiro de Estado e director honorario do Ministerio de Xustiza en Francia, din:

«Existe un lazo estreito que une o padroado dos libertos á misión dos tribunais, dos que non é senón a continuación e o termo, propoñéndose o mesmo obxecto que os maxistrados, e é digno de toda a súa atención e merecedor do seu apoio... O lexislador tamén xulgou que conviña unir a emenda do culpable á idea de reprimir a reincidencia.

»Aos que se inclinan demasiado a pensar que a maxistratura cre pouco nos resultados prácticos desta tentativa, basta poñerlle de manifesto as circulares do ministro de Xustiza, que demostran como se comprende na Cancillería o que os maxistrados se asocian a esta obra.

»Os maxistrados —di o ministro— non deben abandonar de todo aos que condenaron con xustiza; visitándoos con frecuencia nas prisións, poden contribuír a moralizalos, animándoos, interesándose polos que teñen propósitos de emenda, asegurándose por si mesmos dos seus progresos polo bo camiño, e facéndolles comprender que acharán guía e protección para alcanzar a liberdade condicional, se se fan acredores a ela.

»...

»Verei con satisfacción que as autoridades xudiciais continúan a súa misión interesándose polos penados que se arrepiñen aínda despois que recobran a liberdade. Os maxistrados poden empregar con éxito a súa autoridade, servirse das súas relacións

ou influencia para facilitar a obra tan xenerosamente emprendida das sociedades de padroado dos libertos, e se é necesario tomar a iniciativa para que se formen nas cidades onde non existen aínda.

»Estas instrucións (engade Mr. Jacquin), dadas nunha circular do ministro de Xustiza do 28 de Xuño de 1888, poñen de manifesto que, en concepto do ministro, a reforma e emenda dos penados constitúe unha parte esencial da obra dos maxistrados».

Fixemos estas citas por se contribúen a que se afirme nos seus bos propósitos o visitador a quen puidesen facer vacialos imposibilistas de boa fe ou os que, disfrazando o seu egoísmo de prudencia, cualifican de extravagante toda boa obra difícil en que non queren tomar parte. Non son os pensadores apartados do mundo que descoñecen, non os dominados polo sentimento que converte en visionarios a fe e o bo desexo; son os lexisladores, os ministros, os altos funcionarios, os prácticos da xudicatura e da arte de gobernar os que chaman aos homes de corazón e responden ao seu chamamento, e piden compaixón para o desgraciado aos mesmos que condenaron o culpable, e para corríxilo e amparalo desexan que se asocie o xuíz ao protector caritativo: empezaron a unir os seus esforzos e uníranos cada vez máis, e as liñas que parecían paralelas converteranse en círculos concéntricos. O visitador debe ter o convencemento de que se propón un fin práctico, e xulgado como tal polos homes experimentados; que a intelixencia e o sentimento teñen harmonías que se descoñeceron, e por moitos se descoñecen aínda, e que a súa compaixón defende á sociedade talvez mellor que as pechaduras do garda da prisión e a machada do verdugo.

Serán *visionarios* ou *videntes* os que esperan un día en que se chame xustiza á caridade.

* * *

Por que en moitas páxinas deste libro falamos de abusos que non pode corríxir, de males que non pode remediar, de innovacións

beneficiosas que non ten medio de levar a cabo o visitador? Porque non o vemos na súa debilidade presente, senón na súa forza futura; non illado da opinión desdeñosa, senón en comunicación de ideas e sentimentos, inspirándoa e inspirándose nela para levar a cabo a *transformación* penitenciaria, cuxo preliminar é a reforma. O visitador de agora merece moito e pode pouco, xa o sabemos; do esforzo que necesita non teñen idea os que non descenderon aos abismos sociais, e o seu traballo parécese ao dos obreiros que fan fundacións debaixo da auga; o máis difícil é o que non se ve; pero sen os poucos de hoxe non habería os moitos de mañá; si, moitos, porque todas as grandes abnegacións deixan longa descendencia.

As persoas de acción viven mergulladas e ligadas ao presente. Triste vida de forzados intelectuais! As persoas de pensamento vólvense ao pasado, que embelece o esquecemento das súas culpas, ou ao porvir, que fermosea a esperanza da súa xustiza; cabe esta alternativa contemplando algunhas fases da vida social doutros tempos; pero tratándose de prisións, o pasado non pode inspirar simpatía máis que aos verdugos.

Se os bos fillos das nacións que fixeron verdadeiras reformas penitenciarias salvan os límites ensanguentados das súas fronteiras, aflixíranse vendo o que pasa nas prisións do mundo ao velas por dentro, e como son realmente, non como aparecen con frecuencia en relacións oficiais, que consideran patriótica a ocultación da verdade. Se salvan a fronteira, ah! Sen pasala hai en todos os países moito que deplorar ao presente. Non é natural volverse ao porvir? Non é razoable esperar nel, considerando que hai moita máis distancia dun cárcere antigo a unha penitenciaría moderna ben organizada, que desta á que pode desexar o amor máis acendrado á humanidade e a xustiza?

E a esperanza no porvir non é só consoladora pola idea de que haberá menos dores, menos malvados, menos maldades nas prisións, senón porque, indo a elas a consolar e moralizar, os visitadores perfecciónanse na medida da súa abnegación, e

cando o seu número sexa grande, grande será a súa benéfica influencia social. O delinciente, no canto de malear os bos débiles e facer peores os malos, contribuirá a purificar os mellores. O que consola é consolado, aprende o que ensina, perfecciónase o que corrixe ou procura corrixir, con máis motivo maior virtude necesita para intentalo, e a caridade fai e fará algo parecido ao que realiza a ciencia cando converte en medicina un veneno.

Se algunha vez a sociedade non se fai cómplice de ningún delito; se non impón ao delinciente máis pena que a xusta; se lle envía ao visitador, apóstolo de abnegación, para que o console e procure combater o seu egoísmo, aquel día acharía eco no mundo a voz divina que dicía na montaña: «Amade os vossos inimigos».

la opia ei
cia. v De
iquitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

